

O NOSO COMPROMISO CON GALICIA

p

programa electoral



O Programa Electoral do Partido Popular de Galicia que se desenvolve a continuación, constitúe a concreción dos principios programáticos contidos no Manifesto Electoral, principios que enlazan unha labor incesante realizada durante quince anos de goberno do Partido Popular, con novas propostas e iniciativas que materializan o que podemos chamar en xustiza, a Segunda Modernización de Galicia.

Afondar na mellora dos servizos públicos e das infraestruturas e afrontar as novas demandas da sociedade, expresan o compromiso do Partido Popular e a súa petición á sociedade galega para continuar liderando o noso futuro.

Un liderazgo firme, seguro, cos pes na terra: [Propostas reais para ser cumpridas](#), pero tamén propostas innovadoras, que miran para esa nova Galicia que estamos construíndo, unha Galicia que afronta a modernidade conservando toda a súa esencia e a súa identidade.

O Programa Electoral concreta a nosa proposta á sociedade galega para o próximo cuatrienio. Proposta avalada pola realidade dunha xestión que se expresa en cada apartado do programa, a partir do que se estrutura un compromiso firme e solemne de futuro.

O Partido Popular de Galicia pide con toda humildade, pero tamén con todo orgullo, o respaldo da sociedade galega para seguir avanzando, co compromiso de todos os galegos e galegas para seguir facendo máis por Galicia.

Un proxecto serio, solvente, rigoroso e ambicioso, apoiado nunha realidade tanxible e comprobable, constitúe a síntese do Programa Electoral do Partido Popular para as próximas eleccións autonómicas.



Fdo.: Manuel Fraga Iribarne

Índice

I. Unhas Institucións para facer país. A administración local do s.XXI	7
I.1 Balance	9
I.2 As nosas propostas	11
II. O Noso Proxecto para vivir e traballar na nosa terra	15
II.1 Unha economía dinámica para unha sociedade aberta: Cara o Pleno Emprego	17
II.2 Un modelo de Prosperidade sostible	29
II.2.1 Galicia Cidade Única	29
II.2.2 A Potenciación dos novos sectores estratéxicos	50
II.2.2.1 Unha industria estratéxica e innovadora	50
II.2.2.2 Por unha Nova Galicia Rural: o Campo como espazo de vida e desenvolvemento	57
II.2.2.3 O sector forestal. Un sector estratéxico	67
II.2.2.4 Unha pesca moderna: Rexorde a ilusión do Mar	69
II.3 Os Novos espazos para a creación de emprego e riqueza na Galicia vertebrada	79
II.3.1 Un Comercio competitivo e dinámico	79
II.3.2 Turismo. Unha terra para todos	83
II.3.3 O Patrimonio natural, a nosa maior riqueza	90
II.4 Medrando en calidade de vida	99
II.4.1 A Galicia da Igualdade	99
II.4.2 As familias eixe do noso proxecto de sociedade	105
II.4.3 Unha maior calidade de vida para as persoas maiores	111
II.4.4 Un sistema sanitario galego orientado aos cidadáns, aos pacientes e aos profesionais	
Loita contra a Drogodependencia	117

II.4.5 Plena Integración para as persoas con discapacidade	129
II.4.6 Unha Administración ao servizo dos cidadáns	132
II.4.7 Consumo	137
II.4.8 Unha Xustiza ben dotada e accesible	138
II.4.8.1 Xustiza	138
II.4.8.2 Policía Autonómica	142
II.4.8.3 Protección Civil Integral	145
II.4.9 Galicia na Sociedade da Información	147
II.4.10 A Memoria Intelixente e Solidaria: Política de Emigración e Inmigración	152
II.5 Un espazo de oportunidades para a Xuventude	161
II.5.1 Un sistema educativo de calidade, garantía de igualdade de oportunidades	161
II.5.2 Emprego e inserción laboral	173
II.5.3 Vivenda	177
II.5.4 Xuventude activa e solidaria	184
II.5.5 Deporte	190
II.6 A Nosa identidade	199
II.6.1 Decidido apoio á lingua galega	199
II.6.2 Unha cultura nova para unha sociedade activa	201
II.6.3 Audiovisual galego, símbolo de modernidade	210
III. A pegada galega nun mundo aberto	213
III.1 Defensa da solidariedade: A cooperación galega	215
III.2 Galicia con voz rexia na nova Europa	217
III.3 Galicia: unha ponte entre Europa e Latinoamérica	218
III.4 Un forte impulso á Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal	219

CAPÍTULO I

UNHAS INSTITUCIÓNS PARA FACER PAÍS

- PACTO LOCAL
- A FINANCIACIÓN LOCAL
- ASOCIACIONISMO MUNICIPAL
- ÁREAS METROPOLITANAS
- DEPUTACIÓNS. O SEU PAPEL
- A FEGAMP

A Administración Local ten que ser e vai ser a que reciba o maior impulso nas próximas décadas.

Dentro da estrutura territorial do Estado temos que potenciar e revitalizar o papel do que en xustiza debemos chamar o Poder Local.

Unha aposta firme pola potenciación das administracións locais asumindo en toda a súa extensión o principio de solidariedade.

Neste senso Galicia e xa unha pioneira na transferencia aos Concellos de competencias relacionadas con servizos prestados directamente ás galegas e galegos; somos igualmente os que máis apostamos polo financiamento dos Concellos, con cargo aos orzamentos da Xunta de Galicia e temos o compromiso firme de seguir avanzando na potenciación dos Concellos e das Deputacións, na visión comarcal de Galicia, na articulación e integración do rural e do urbano, nas Administracións intermedias: Mancomunidades e áreas metropolitanas e moi especialmente no diálogo e colaboración institucional e diálogo permanente entre a Administración Autonómica e a Fegamp como ente representativo da Administración Local.

No balance que se expresa a continuación e nas propostas para a vindeira lexislatura simbolízase e concrétase un compromiso real e efectivo para converter en realidade o principio que nos inspira:

A Administración Local, a Gran Protagonista do século XXI

Balance

- Para impulsar a modernización da nosa Administración Local e o asociacionismo municipal galego, a Xunta aprobou os Proxectos de Lei de Administración Local de Galicia e de Creación da Área Metropolitana de Vigo, que darán resposta ás necesidades de cohesión económica e desenvolvemento.

- O Goberno do PPdeG destinou máis de 50 millóns de euros á construción e rehabilitación de sedes das entidades locais galegas.
- Grazas a estas axudas, a práctica totalidade dos concellos puido acometer obras de acondicionamento e equipamento das súas casas consistoriais, sendo destacable a construción ou rehabilitación de máis de 50 sedes locais.
- Ademais, desenvolveuse unha liña de axudas destinadas aos concellos de menor tamaño, para acometer pequenas obras de infraestrutura e adquisición de equipamentos destinados á prestación de servizos considerados básicos, o que supuxo, nestes últimos anos, un investimento de preto de 4,5 millóns de euros.
- Co fin de dar cumprimento ao mandato da Lei de Administración Local de Galicia, no senso da apoiar e potenciar o movemento veciñal, como un dos canles fundamentais para a democratización da vida municipal, a Xunta de Galicia destinou, nestes últimos anos, preto de 600.000 € para o fomento das actividades levadas a cabo polas federacións de asociacións de veciños de toda Galicia, dos que se beneficiaron moitas entidades deste tipo, que agrupan no seu seo a preto de 300 asociacións.

As Nosas Propostas

- **Pacto Local.**- Dende o principio, o PP de Galicia apostou por acadar un gran pacto entre a Xunta e os entes locais galegos, que se traducira en concellos fortes e con capacidade para prestar o cada vez meirande número de servizos que os veciños lles demandan.

Así, e froito do traballo realizado durante estes anos, Galicia ocupa un lugar pioneiro entre as Comunidades Autónomas, co deseño dun Pacto Local, entendido como un gran acordo cos concellos, que inclúe un Fondo de Cooperación Local que se nutre da participación dos ingresos da Xunta, e que medrará nun 60% (de máis de 70 a preto de 120 millóns de euros) no período 2005-2009.

Ademais, e dentro do Pacto Local galego, a Xunta de Galicia asumirá, nos vindeiros 4 anos, a totalidade dos custos de mantemento dos centros de saúde en todos os concellos de Galicia, e tamén sufragará integramente aos 62 Grupos Municipais de Intervención Rápida que actualmente existen en Galicia; con elo, os integrantes dos GRUMIR converteranse en persoal fixo dos concellos, o que implica que 650 profesionais velarán de xeito permanente, dende o ámbito local, pola atención das emerxencias nas respectivas comarcas, complementando o despregue dos parques de bombeiros.

A mellora da estrutura dos nosos concellos está tamén en marcha coa dotación, este ano, de 500.000 euros ás entidades supramunicipais e á creación da Área Metropolitana de Vigo, á que seguirán outras áreas metropolitanas nas principais connurbacións galegas.

Galicia converterase na primeira Comunidade Autónoma cunha descentralización efectiva cara aos concellos, que pasarán a exercer competencias en materia de urbanismo, asuntos sociais, xuventude, medio ambiente e outras de especial relevancia para os veciños, e que representan a nosa decidida proposta de Pacto Local, materializado nunha aposta pola descentralización da que xa se deu traslado, con plantexamentos concretos, aos entes locais.

Cumprindo o seu compromiso coa FEGAMP, a Xunta de Galicia presentou un documento para a materialización do Pacto Local que permitirá, unha vez pechados todos os seus aspectos, que Galicia siga mantendo o seu compromiso de acadar un Pacto Local que siga avanzando na potenciación dos concellos galegos.

- ***A Financiación Local.***- O PP defende un Pacto de Estado para o financiamento local, que implique a todas as Administracións baixo unha idea de solidariedade, corresponsabilidade e colaboración mutua, e que se marque como obxectivo, a través da descentralización competencial e das modificacións normativas que procedan, a xestión, por parte dos concellos, dunha porcentaxe sensiblemente maior do gasto público, respecto da que agora mesmo levan a cabo.

O actual Libro Branco para a reforma da Administración Local non fai referencia algunha á cuestión do financiamento, e mesmo a FEMP acordou que non estudiará este Libro Branco ata que contemple a financiamento dos concellos.

Nunha reunión de todas as Comunidades Autónomas gobernadas polo PP, pediuse ao Ministerio de Administracións Públicas a creación dunha Comisión Ministerio-Comunidades Autónomas-Concellos para darlle unha solución a este problema.

Dende Galicia estamos empeñados en que se consiga un pacto de Estado coa Administración Central, as Comunidades Autónomas e a FEMP, abordando de xeito definitivo o financiamento dos nosos concellos.

- ***Asociacionismo Municipal.***- O PP impulsará decididamente as fórmulas supramunicipais para conseguir entidades locais máis fortes, estruturadas e preparadas para posibilitar que os veciños dos Concellos pequenos reciban os mesmos servizos e coa mesma calidade que os das vilas e urbes máis grandes.

A tal fin, arbitrará medidas económicas e lexislativas que potencien a creación e prestación de servizos polas Mancomunidades e Consorcios, establecendo criterios preferentes para posibilitar o acceso ás axudas públicas e, ao mesmo tempo, adoptaranse disposicións normativas que favorezan a prestación de servizos polos concellos baixo fórmulas asociativas.

- **Áreas Metropolitanas.**- En coherencia co estímulo da agrupación de concellos, porque cremos na capacidade de mellorar os servizos aos cidadáns, apostamos decididamente pola creación das Áreas Metropolitanas como fórmula para integrar e aproveitar o enorme potencial das connurbacións urbanas que existen en Galicia, sobre a base das grandes cidades, que deben funcionar como os grandes polos de desenvolvemento da nosa Comunidade Autónoma, continuando, en consecuencia, o camiño xa iniciado co proxecto de Lei de Creación da Área Metropolitana de Vigo.
- **Deputacións. O seu papel.**- As Deputacións deben seguir xogando un papel fundamental no tecido local galego. Continuaremos apostando pola potenciación das súas funcións á hora de garantir o desenvolvemento cohesionado e equilibrado das catro provincias galegas, establecendo as fórmulas de colaboración coa Comunidade Autónoma que sexan precisas para que continúen, sen desbotar as medidas modernizadoras que sexan necesarias, desempeñando ese papel primordial.
- **A FEGAMP.**- O PPdeG ven recoñecendo e apoiando o papel institucional da Federación Galega de Municipios e Provincias, como entidade representativa do conxunto dos intereses do tecido local galego e, polo tanto, como interlocutor necesario para negociar coa Xunta de Galicia aquelas materias de interese común. Nos vindeiros catro anos seguiremos apostando pola súa imprescindible achega, dentro dun funcionamento plural, para acadar acordos e facer propostas que beneficien a todos os entes locais e, a través deles, a toda a sociedade galega.

CAPÍTULO II

O NOSO PROXECTO PARA VIVIR
E TRABALLAR NA NOSA TERRA

II.1 Unha economía dinámica para unha sociedade aberta: Cara o pleno emprego

Balance

Ao longo de todas as lexislaturas, o Partido Popular de Galicia sempre considerou a política de crecemento económico unha prioridade. Xa que logo o progreso material é condición necesaria para o progreso educativo, o benestar colectivo, o avance cultural e a cohesión social. En Galicia, pola insuficiencia de partida da súa base económica, tal prioridade estaba particularmente xustificada.

O noso dinamismo económico alcanzou unha intensidade sen precedentes, precisamente no momento no que o Partido Popular accedeu ao Goberno do Estado. Entón, a confluencia das políticas económicas da Xunta e do Goberno Central acadaron os mellores resultados rexistrados, tanto na historia económica de Galicia como na de España.

- **Intensificación do ritmo de crecemento económico e converxencia coas economías máis avanzadas.** Entre 1996 e 2004, o PIB da economía galega medrou en termo medio a unha taxa do 3,4%, fronte a unha taxa media de crecemento do 1,9% durante o período 1987-1995. Polo tanto, o crecemento da economía galega nese período case duplicou ao da etapa precedente, permitiu unha converxencia importante coa UE e incluso aportou un pequeno diferencial coa media española.
- O crecemento da economía galega permitiu acelerar a converxencia do PIB por habitante da economía galega co termo medio español. Segundo os últimos datos do Instituto Galego de Estatística e do Instituto Nacional de Estatística, o PIB por habitante de Galicia, medido en paridades de poder adquisitivo, representaba en 1995 o 78,7% da media española, mentres que hoxe representa o 81,6%.


PIB per capita

Período	Galicia	% crec	España	% crec.	base 100
1995	8.787		11.161		78,7%
1996	9.317	6,0%	11.819	5,9%	78,8%
1997	9.933	6,6%	12.558	6,3%	79,1%
1998	10.645	7,2%	13.382	6,6%	79,5%
1999	11.518	8,2%	14.269	6,6%	80,7%
2000	12.405	7,7%	15.291	7,2%	81,1%
2001	13.244	6,8%	16.240	6,2%	81,6%
2002	14.035	6,0%	17.229	6,1%	81,5%
2003	14.894	6,1%	18.250	5,9%	81,6%
2004	15.880	6,6%	19.456	6,6%	81,6%


FONTE: IGE. INE

- **Forte aumento do emprego.** Entre 1995 e 2004 creáronse 290.000 empregos en Galicia, 163.000 empregos netos grazas ao extraordinario aumento do emprego nos sectores non agrarios, que permitiu compensar a baixada no sector primario. Por outra banda, acadouse unha importante redución do paro. Tras alcanzar un máximo de 234.000 persoas en 1994, como consecuencia da forte reestructuración industrial levada a cabo en anos anteriores, o paro rexistrou un descenso importante nos últimos anos, de forma que o seu nivel reduciuse en 2004 ata 174.000 persoas. A taxa de paro pasou do 18% de 1995 ao 13,5% de 2004.
- Os últimos datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA), correspondentes ao primeiro trimestre de 2005, indican que a taxa de paro galega se sitúa no 10,90% da poboación activa, moi preto xa da taxa española, un 10,20%.

- **Modernización da economía.** En 1990, o Valor Engadido Bruto do Sector Primario representaba o 9,4% do VEB total, e o sector servizos o 53,3%. Hoxe, a participación do sector primario reduciuse ata o 4,9%, mentres que a do sector servizos, ao situarse no 61,3%, achégase a gran velocidade á das economías máis avanzadas.



- **Forte incremento da produtividade do traballo.** A pesar do forte aumento do emprego, a produtividade do traballo continuou aumentando en Galicia a un ritmo moi satisfactorio durante o período 1995-2004, o que constitúe un reflexo indirecto das importantes melloras alcanzadas na dotación de capital físico, humano e tecnolóxico. Neste senso, a produtividade aparente galega, medida en termos de VEB por ocupado, medrou significativamente por riba da media nacional, pasando de representar o 80,49% ao 95,5%.



- **Internacionalización da economía.** Entre 1995 e 2004, o grao de internacionalización da economía galega, definido como a suma das exportacións e das importacións con relación ao PIB, incrementouse en máis de 18,9 puntos, pasando do 30,4% ao 49,3%. Ademais, entre 1990 e 2004, o valor das exportacións galegas medrou un 551,6%, ao pasar de 1.608 millóns de euros a 10.482 millóns.

COMERCIO EXTERIOR. MILES DE EUROS

Período	Exportacións	% variación s/ano anterior	Importacións	% variación s/ano anterior	Taxa de cobertura
1995	3.405.468	15,2%	3.883.383	7,8%	87,7%
1996	4.259.723	25,1%	4.659.184	20,0%	91,4%
1997	4.886.748	14,7%	5.378.499	15,4%	90,9%
1998	5.371.622	9,9%	6.296.617	17,1%	85,3%
1999	6.018.079	12,0%	6.601.566	4,8%	91,2%
2000	8.328.566	38,4%	8.898.371	34,8%	93,6%
2001	9.281.399	11,4%	9.419.879	5,9%	98,5%
2002	9.760.051	5,2%	9.168.681	-2,7%	106,4%
2003	9.993.013	2,4%	10.248.222	11,8%	97,5%
2004	10.482.543	4,9%	10.953.559	6,9%	95,7%

FONTE: IGE

- **Mellora substancial do capital público.** A dotación do capital público de Galicia (infraestruturas viarias, escolas, hospitais, etc.), recibiu un impulso considerable na última década, o que contrasta co estancamento relativo que experimentara nos anos inmediatamente anteriores. Así, pasou a situarse por riba da media nacional (o 103,3%), tanto en capital social público (o 116%) coma no capital productivo, situado no 101%.

- **Aumento do capital tecnolóxico.** Galicia é unha das comunidades españolas que realizou un maior esforzo tecnolóxico. Tal esforzo, medido en termos da proporción do gasto en I+D sobre o PIB, alcanza xa o 0,86%, e sitúase como a quinta Comunidade Autónoma que presenta niveles tan altos, cando hai escasos anos se situaba nun escaso 0,48%. Destaca, ademais, que o gasto público en I+D sobre PIB incluso supera ao nacional (0,51% en España fronte ao 0,52% en Galicia), sendo a compoñente privada a que necesita un impulso máis decidido (0,34% en Galicia fronte ao 0,6% nacional).

GASTO I+D SOBRE PIB

	ESPAÑA	GALICIA
1995	0,81%	0,48%
1996	0,83%	0,48%
1997	0,82%	0,52%
1998	0,89%	0,53%
1999	0,88%	0,53%
2000	0,94%	0,64%
2001	0,95%	0,69%
2002	1,03%	0,79%
2003	1,11%	0,86%

- **Fortes apoios financeiros para as nosas empresas.** Dende que comezou a funcionar en 1993, o Igape aprobou máis de 13.000 expedientes para subsidiar préstamos ou contratos de leasing por importe de máis de 2.300 millóns de euros e apoiar así investimentos empresariais cifrados en máis de 3.000

millóns, que levan asociada a creación de 20.000 novos empregos; a subvención estimada nestas subvencións é de 265 millóns de €. Entre 1997 e 2004, por outra banda, o instituto concedeu subvencións a fondo perdido por máis de 210 millóns de euros para apoiar 597 investimentos importantes (máis de 600.000 € cada un), que suman 2.432 millóns de euros en total e levan asociada a creación de 14.828 empregos.

- **Evolución favorable na creación de empresas.** O dinamismo económico rexistrado ao longo destes últimos anos tivo como reflexo un notable incremento no número de empresas en Galicia. Así, só dende o ano 1995 creáronse preto de 36.000 empresas en Galicia.

As Nosas Propostas: Un novo impulso

Á vista destes avances e das positivas realidades acadadas coa estratexia de crecemento económico posta en marcha, é natural que o programa económico do PPdeG propoña á cidadanía galega non só avanzar nesta estratexia económica, senón dar un novo pulo á política económica aplicada. Trátase agora, como é lóxico, de introducir un salto non meramente cuantitativo, senón cualitativo, para afrontar as novas posibilidades e os retos que establecen as novas coordenadas políticas e económicas, tanto no plano galego, como no nacional e no terreo internacional. Deste xeito, no ámbito macroeconómico os obxectivos fundamentais son os seguintes:

- ***Máis emprego e máis estabilidade***
- **Mellorar a demografía.** Estimularemos o crecemento da poboación a través de medidas que propicien o crecemento vexetativo e alenten o crecemento ordenado da inmigración.
- **Máis emprego.** Crearemos 120.000 postos de traballo netos no cuatrienio 2006-2009.
- **Máis emprego feminino.** Dos 120.000 novos postos de traballo, 80.000 serán para mulleres e 40.000 para homes.
- **Reducción do paro.** Reduciremos en 6 puntos a taxa de paro, de forma que o nivel de ocupación se aproxime ao pleno emprego no horizonte de 2009.
- **Menos paro entre as mulleres.** Reduciremos substancialmente a taxa de paro feminino, dende o 14,6% (enquisa de poboación activa (EPA) 1º trimestre 2005) actual ata o 9,9% no horizonte de 2009.
- **Máis traballo para os mozos.** Reduciremos a taxa de paro entre os mozos, de forma que a taxa de paro entre os menores de 34 anos se equipare á xeral ao remate da lexislatura, pasando do 19,2% ao 7,5%.

- **Contratación estable.** Fomentaremos a contratación estable de traballadores, de xeito que a media se achegue á media nacional
- ***Unha economía competitiva***
 - **Converxencia.** Estableceremos un crecemento superior ao de España en dúas décimas de media anual e unha redución do diferencial do PIB per cápita con respecto a España, nun punto cada ano
 - **Desenvolvemento sostible.** Avanzaremos na liña do desenvolvemento sostible, conseguindo que nas súas distintas dimensións (a económica, a social, a medioambiental e a institucional) Galicia se sitúe entre as rexións máis avanzadas de España.
 - **Impulso ao capital productivo.** Incrementaremos o capital productivo público. Mellorouse sensiblemente a nosa dotación de infraestruturas, pero queda aínda o reto do Tren de Alta Velocidade.
 - **Cualificación do capital humano.** Melloraremos o noso capital humano. Os esforzos realizados ata agora permitíronnos incrementar en seis puntos a nosa poboación con titulación universitaria, con relación á situación de 1994, pero aínda debemos facer esforzos adicionais para acadar os niveis medios de España e contar cuns profesionais altamente cualificados.
 - **Aposta polo I+D+i.** Incrementaremos o gasto público en I+D+i ata alcanzar o 1,5% do PIB. A pesar do importante desenvolvemento que experimentou a nosa industria, a análise comparada dos indicadores de tecnoloxía pon de relevo que o grao de introducción da alta tecnoloxía nos sectores manufactureros galegos debe seguir potenciándose. O esforzo público e o esforzo privado ten que camiñar ao unísono, integrando a investigación universitaria nas necesidades do noso tecido productivo.
 - **Competitividade do tecido productivo.** Estimularemos a concorrència do tecido productivo galego.

Deste xeito, a nosa aposta é apoiar todos aqueles investimentos de mellora tecnolóxica ao longo de todo o proceso productivo, poñendo a disposición dos emprendedores e os empresarios os instrumentos financeiros axeitados.

- *O diálogo social*

- Convocaremos de inmediato un proceso negociador entre os axentes económicos e sociais para mellorar a produtividade empresarial.
- Ofertaremos un amplo consenso cos axentes económicos e sociais sobre a estabilidade laboral.
- Poñeremos en marcha accións para facilitar a conciliación da vida familiar e laboral.

- *Concorrenza das PEMES*

- Apostaremos pola introducción das novas tecnoloxías nos procesos productivos das nosas pequenas e medianas empresas. As tecnoloxías de mellora do produto, do deseño ou de marca son hoxe imprescindibles para fomentar a calidade integral da empresa e a súa concorrencia.
- Incrementaremos a cualificación profesional dos nosos traballadores como fórmula de mellorar o noso potencial competitivo no marco da globalización.
- A innovación está vencellada á existencia de emprendedores. Desexamos que as empresas estean convencidas do potencial competitivo que supón a innovación do proceso e do produto, non só a medio prazo, senón a curto prazo.

- *Presenza exterior*

- Todos os instrumentos públicos, en especial os financeiros, estarán a disposición dos emprendedores e empresarios que aposten pola internacionalización.
- Apostaremos por unha maior presenza exterior das empresas galegas e dos seus produtos.
- Impulsaremos o fortalecemento de redes de distribución de produtos e a loxística empresarial.
- Potenciaremos as marcas de calidade e impulsaremos campañas de marketing.

- *Atracción de investimentos estranxeiros*

- Difundiremos nos mercados internacionais a imaxe de Galicia como terra de oportunidades.
- Aproveitaremos as nosas vantaxes competitivas.
- Aproveitaremos a nosa oferta de infraestructuras.
- Trátase con estas actuacións de promover un incremento do noso PIB e ter menor dependencia exterior.

- *Política económica estatal*

Todos estes obxectivos son realizables á luz dos logros acadados en etapas anteriores, sempre que a política económica estatal non se aparte e estrague os acertos da política económica aplicada na anterior lexislatura polo Partido Popular.

- O PPdeG defenderá a aplicación dunha política económica para toda España que garanta a estabilidade e o crecemento macroeconómico xeral. E que ademais, e isto resulta esencial para Galicia, non introduza discriminacións e preferencias electoralistas no papel territorial do Estado.
- Non nos manteremos pasivos ante políticas de infraestruturas ou de gasto público discriminatorias. Non admitiremos que un modelo electoralista e sen visión de reforma constitucional e de financiamento autonómica á carta, estrague os nosos propios esforzos.
- A viabilidade de calquera modelo económico, o futuro de calquera política económica da nosa comunidade, pasa porque a política económica estatal, explícita ou implícita, se axuste aos criterios solidarios e de progreso xeral garantidos pola Constitución. E manteña e respecte os acertos xa demostrados na política de estabilidade e rigor económico.
- Non admitiremos un modelo de financiamento autonómico de corte “confederal”, que introduzca privilexios para determinadas comunidades autónomas.
- É preciso que o modelo de financiamento autonómico se consensúe entre todas as comunidades autónomas e a Administración central.
- Rexeitaremos calquera intento de negociación bilateral, que sería a expresión da insolidariedade.
- Non se pode soste a existencia de déficits fiscais das comunidades autónomas, proque son as persoas, e non os territorios, os que soportan os esforzos fiscais.
- A asunción dun modelo de financiamento autonómico “confederal”, con privilexios, crebaría o equilibrio territorial, a cohesión social e a solidariedade.
- Non se pode formular un modelo que consagre a existencia de comunidades autónomas de “dúas velocidades”.
- Cómpre avanzar nun modelo, como o actual, de tributos compartidos, con lealdade institucional, que permita unha maior autonomía financeira e unha maior participación das comunidades autónomas na xestión da Axencia Tributaria.

II.2 Un modelo de prosperidade sostible

II.2.1. Galicia Cidade Única

Balance

- O Partido Popular desenvolveu dende a Xunta nos últimos quince anos un modelo de ordenación do territorio orientado á renovación dos nosos viais interiores e á conexión co resto da península coas mellores vías de comunicación, de xeito que por primeira vez na nosa historia, o tradicional illamento de Galicia non fose, como tantas outras veces, un muro infranqueable para o noso desenvolvemento.

Nestes quince anos investíronse un total de 2.608 millóns de euros que teñen contribuído decisivamente á mellora substancial e a **modernización da nosa rede viaria**.

- En quince anos invertíuse a histórica situación deficitaria da rede viaria galega, **multiplicándose por 9** os quilómetros das vías de alta capacidade con que conta, que pasaron de 99 kms. a 885 kms. Así mesmo, melloráronse 1.940 km da rede convencional de estradas de Galicia, case **o 40% do total**.
- Puxemos en marcha actuacións dirixidas á eliminación do **67%** dos treitos de concentración de accidentes da rede autonómica de estradas. Só nos últimos 4 anos a accidentalidade na rede autonómica de estradas descendeu un **17 %**.
- A través de sucesivos Convenios coa Administración do Estado, propiciamos a modernización da **rede ferroviaria interior de Galicia** e a eliminación de 232 pasos a nivel, así como o compromiso de que Galicia conte con Alta Velocidade.

- A Xunta de Galicia está liderando a implantación do **Plan de Transporte Metropolitano** nas cidades galegas, co obxectivo de incrementar o uso do transporte público e propiciar que o 60% da poboación galega se beneficie dun transporte máis barato e de maior calidade. Así mesmo, impulsamos decididamente as **instalacións para operacións de transporte**, coa construción de 27 estacións de autobuses, 25 áreas de estacionamento de autobuses e 2 estacións marítimas.
- As notables carencias que presentaban os nosos portos en 1990 foron subsanadas paulatinamente grazas ás actuacións na xestión e ao esforzo inversor da Xunta de Galicia.
 - Investíronse máis de 313 M €, dos que o 55% adicouse ás actuacións de mellora do abrigo, construción de novos peiraos, dragaxe e outras infraestruturas xerais.
 - No que atinxe ás instalacións náutico-deportivas, en 1997 Galicia contaba con só 500 prazas de amarre. Actualmente supéranse xa as 4.000, e antes de finais de 2005 contaremos con 5.000 prazas. En só oito anos, o número de prazas de amarre **multiplícouse por dez**, co conseguinte pulo á actividade turística asociada a estas instalacións.
 - Impulsamos o **primeiro Plan de Fachadas Marítimas**, que conta cun orzamento de 12 M €, contempla o acondicionamento de once fachadas marítimas, co que se pretende mellorar a imaxe estética dos nosos portos e contribuir á súa integración nos pobos mariñeiros.
 - Melloramos o traballo do sector pesqueiro, construíndo nesta última lexislatura **2.000 novos puntos de atraque** para os barcos pesqueiros e máis de **500 novos departamentos para usuarios**.
- En 1990, o Goberno autónómico só tiña promovido dous parques empresariais con 400.000 metros cadrados de superficie. Na actualidade están plenamente operativos **51 polígonos industriais**, con máis de **9 millóns de metros cadrados de superficie**, estando xa vendidas máis das tres cuartas partes das parcelas.

- Impulsamos e continuamos promovendo a dotación de **equipamentos públicos** nas cidades e vilas do noso país. En total, case o 50% da poboación galega dispón dunha instalación sociocultural promovida pola Xunta no seu concello.
 - Un primeiro obxectivo consistiu en que as sete grandes cidades conten con infraestruturas socioculturais adecuadas. E así en Santiago de Compostela, A Coruña, Pontevedra e Ourense, namentres que en Ferrol se están a executar as obras do seu auditorio, e en Lugo e Vigo iniciáranse neste ano.
 - Estendeuse a dotación deste tipo de equipamentos a outras vilas de tamaño intermedio. Entre eles, atópanse auditorios como o de Vilagarcía de Arousa, Vilalba, Cangas, Vilamarín; centros socioculturais e veciñais, como o de Vilaza (Gondomar), Valadares (Vigo), Sanxenxo, Valga, O Barco, Cuntis e Meis; ou bibliotecas, como as de Narón e Verín.
- Fixemos unha aposta decidida para fomentar a elaboración de instrumentos de **planeamento** por parte dos concellos, a través da concesión de axudas que poden chegar a sufragar ata o 100 % dos custos de redacción: dende 1990 son máis de 730 as subvencións concedidas por importe de 39,3 M €. Actualmente son case 200 os concellos que contan cunha axuda vixente, pero pódese afirmar que **todos os concellos que solicitaron subvencións da Xunta para a redacción de planeamento foron beneficiados polo menos nunha ocasión ao longo deste período.**
- O Goberno do Presidente Fraga elaborou unhas **Directrices de Ordenación do Territorio** que representan unha idea de país, unha especie de Constitución Territorial Interior, co obxectivo de plasmar os nosos ideais de desenvolvemento equilibrado, de conservación das nosas sinais de identidade, de crecemento sostible e as liñas mestras das futuras políticas de desenvolvemento. O proxecto do PPdeG para Galicia susténtase na **cohesión territorial e nun pacto de solidariedade interterritorial**; nunha idea de país na que todos os concellos e territorios teñen cabida e posibilidade de proxecto propio para lograr así unha mellor cohesión interna nunha Galicia xa moi desenvolvida.

As Nosas Propostas

- ***Galicia Cidade Única: O Noso Proxecto de vertebración territorial***
- No PPdeG podemos abordar a tarefa da integración territorial de Galicia dunha forma completamente diferente. Podemos superar os falsos dilemas de campo e cidade como espazos enfrentados; podemos superar o localismo e as pugnas por ventaxas particularistas. É posible a vertebración equitativa, unha verdadeira cohesión do territorio galego.
- A clave radica na **articulación solidaria**. De Galicia co resto de España, e dos disintos municipios entre si. Porque a solidariedade entre as distintas comunidades do Estado, o apoio recíproco entre municipios urbanos, intermedios e rurais de Galicia, o entendemento entre os axentes económicos e sociais de cada comarca galega; son as verdadeiras pancas dunha Galicia armónica e desenvolvida, integrada satisfactoriamente no conxunto de España e equilibrada interiormente. A riqueza e o desenvolvemento duns é a clave da prosperidade dos demais. No mundo actual ninguén progresa se non o fan tamén os outros.
- O Partido Popular comprométese á execución dunha **política territorial integradora**, dende a base dunha dotación de infraestruturas modernas, deseñadas para a cobertura de toda Galicia e completa no seu abano de modalidades.
- O noso modelo é o de Galicia entendida como unha **Cidade Única**, na que os bens e capacidades de cada espazo sexan accesibles a todos os demais, na que sexa indiferente a elección da residencia. O lugar de nacemento, traballo ou domicilio non debe ser un factor de privilexio ou discriminación, senón un lugar elixido en función das preferencias de cada un, onde todo o demais lle sexa razoablemente accesible.

- **O desenvolvemento dos últimos anos das infraestruturas de comunicación en Galicia así como as previsións que se teñen unha vez completado o Plan Galicia, fan posible que o tempo entre cidades do sistema urbano galego se sitúe en unha hora por vía de alta capacidade ou 30 minutos por tren. Estes tempos son os habituais entre barrios dunha gran cidade, o que nos permite supoñer que as distintas cidades do sistema urbano galego poden funcionar conxuntamente.**
- **Esta interrelación, unida ás melloras de comunicación do resto do territorio fará traballar aos asentamentos galegos dun xeito unitario aproveitando as sinerxias que xeran case tres millóns de habitantes e permitindo así o posicionamento de Galicia no entorno europeo. O PPdeG concibe internamente Galicia como unha cidade-rexión, policéntrica, vertebrada por un sistema de centros múltiples e áreas diferenciadas.**
- **Territorio Rótula: A estratéxica posición de Galicia na súa relación entre a cornisa cantábrica e a costa atlántica unida ás novas conexións e as previstas no Plan Galicia de cara a Portugal e Francia, fan que a posición de articulación entre ambos eixes potencie a integración galega no mapa europeo.**
- **O PPdeG propón un desenvolvemento con valores, que dende a liberdade e potencial creador dos cidadáns desenvolva o territorio, respaldado, iso si, polos valores e principios da calidade urbanística e medioambiental que constitúen en si mesmos capital de desenvolvemento.**
- **1. Ordenación do territorio**
- **Impulsaremos o desenvolvemento das áreas metropolitanas e das áreas urbanas de Galicia recollidas nas Directrices de Ordenación do Territorio:**

- **Áreas metropolitanas**

- A Coruña-Ferrol
- Pontevedra-Vigo

- **Áreas urbanas**

- Ourense
- Santiago de Compostela
- Lugo

ÁREAS METROPOLITANAS E ÁREAS URBANAS



- Elaboraremos un **catálogo de paisaxes de Galicia**, e fixaremos as liñas básicas de actuación, plantexando xa os primeiros **proxectos e programas de recuperación paisaxística** así como de imaxe urbana para as nosas vilas. Continuaremos desenvolvendo un Plan Global para eliminar todos aqueles aspectos que perturben a paisaxe: carteis de obra, marquesiñas vellas, postes ou mobiliario urbano inadecuado.
 - Impulsaremos o **desenvolvemento rural** a través de políticas diferenciadas en función das pautas de asentamento do solo rústico. **Potenciaremos o fortalecemento dos núcleos tradicionais** froito da tradición territorial galega, estimulando a renovación e os novos asentamentos.
 - Seguiremos traballando na dotación de **equipamentos urbanos e socioculturais**: xa durante a anterior lexislatura promoveuse a execución de **auditorios - pazos de congresos** nas 7 principais cidades galegas. Nesta liña, propiciaremos que todas as áreas urbanas intermedias teñan polo menos un **espazo auditorio** para actividades culturais acorde as súas necesidades e poboación: A Mariña, Carballo-Bergantiños, Ría de Muros-Noia, Ría de Arousa, Baixo Miño, Lalín-A Estrada, Terras de Lemos, Área de Verín e Área de Valdeorras.
- **2. Unha nova cultura urbanística**
- Un concello, unha praza: o obxectivo é que cada concello de Galicia teña polo menos un **espazo público de calidade** e de referencia onde os cidadáns poidan xuntarse nos tempos de lecer colectivamente.
 - Instauraremos un **premio anual “Pobo de Calidade”** que premie o núcleo ou parroquia de **mellores prácticas urbanísticas**. Valorarase especialmente a participación dos cidadáns en temas coma a rehabilitación, coidado dos xardíns, pequenas obras de urbanización do espazo público, etc...

- Elaboraremos un **manual de construción no rural** que permita a técnicos e promotores coñecer mellor a nosa arquitectura e así evitar moitos dos impactos negativos que se producen de cotío nas nosas edificacións. Este manual incluirá tamén as características que debe ter o **mobiliario urbano**, así como pequenas solucións constructivas tipo.
- Crearemos un **organismo de coordinación para valorar e controlar os equipamentos públicos** das distintas administracións, así como orientar a política de equipamentos públicos da comunidade autónoma.
- Colaboraremos coas Deputacións para a creación de **oficinas técnicas comarcais de apoio aos concellos** nos eidos da arquitectura, o urbanismo e a paisaxe.
- Continuaremos prestando **apoyo económico e técnico aos concellos** para facilitarlles, dende as súas competencias, a redacción dos seus **plans xerais** tendendo ao obxectivo autonómico de que o **100% dos concellos contén cun plan xeral** de ordenación urbana adaptado á nova lei.
- **Aprobaremos os regulamentos de desenvolvemento da Lei do Solo.**
- O **Xurado de Expropiación de Galicia**, e a **Axencia de Protección da Legalidade Urbanística** serán implantados definitivamente como organismos necesarios para un adecuado cumprimento legal.
- Redactaremos as **Normas Técnicas de Planeamento** que faciliten o traballo dos profesionais e melloren a calidade do noso planeamento.
- Potenciaremos as publicacións relacionadas co planeamento e o urbanismo e en especial a redacción dunha nova **revista de urbanismo**, ordenación do territorio e paisaxe centrada nas necesidades galegas.

• 3.- *Plan Galicia da Xunta*

- O Plan Galicia constitúe un conxunto de investimentos en infraestruturas estratéxicas que repercuten directamente no crecemento económico e na renda da comunidade autónoma, con efectos altamente positivos no tecido empresarial e na creación de emprego. As medidas buscan acurtar os prazos no proceso de converxencia da nosa comunidade co resto de España; facilitar a recuperación e modernización de Galicia actuando sobre zonas e sectores afectados polo accidente do Prestige; e lograr a cohesión territorial eliminando os desequilibrios entre a Galicia costeira e o interior.
- No horizonte de 2008 as sete grandes cidades estarán conectadas por autovía ou autoestrada, o 78 % da poboación estará situada en menos de 10 minutos dunha vía de alta capacidade e a rede autonómica de estradas contará con 11 novas autovías ou autoestradas, cinco delas na súa primeira fase.
- O PPdeG continuará facendo un grande esforzo para cumprir cos prazos e presupostos das obras do Plan Galicia que dependen da Xunta, secundando o mandato da sociedade galega expresado a través do Parlamento de Galicia.

Estradas

- O investimento do Plan Galicia da Xunta en estradas ascende a 783 millóns de euros para actuar sobre 582 quilómetros. Deste orzamento, o 85,6% destínase á execución de preto de 100 quilómetros de novas autovías e 271 quilómetros doutras vías de alta capacidade.
- Hoxe en día, máis do 50% dos quilómetros previstos xa están en servizo, en obras, licitación ou expropiación.

- O PPdeG rematará a totalidade das obras actualmente en marcha entre os anos 2005 e 2008, seguindo os prazos reflectidos no Plan Galicia. Deste xeito, a rede de estradas de Galicia pasará a ter un 113% máis de vías de alta capacidade.



Portos

- Os compromisos do Plan Galicia da Xunta prevén un total de 34 actuacións en 26 portos da nosa comunidade autónoma para obras de mellora de abrigo e seguridade, loxística e integración ambiental, cun investimento de 43 millóns de euros.


- Na actualidade preto do 65% das obras xa están rematadas, en obras ou licitación
- Continuaremos traballando para que todas as obras do Plan Galicia de Portos estean finalizadas nos prazos previstos.



Solo industrial

- O Plan Galicia autonómico contempla a creación de 39 parques empresariais cun investimento previsto de 334,6 millóns de euros. Grazas a esta actuación a nosa comunidade contará con 13,5 millóns de metros cadrados de novo solo industrial.

- A día de hoxe, o 45% dos parques atópanse na fase de adquisición de terreos ou execución.
- O PPdeG comprométese a continuar axilizando a adquisición e urbanización de solo industrial para poñelo a disposición das empresas nos prazos establecidos no Plan Galicia.



- *4. Un pacto co Estado polo Plan Galicia*
- O PPdeG promoverá dende o Goberno da Xunta unha canle de diálogo e colaboración coa Administración do Estado co obxectivo de acadar un **pacto institucional** no que se garanta que todas

as obras do Plan Galicia executaranse cumprindo os prazos e presupostos aprobados polo Parlamento galego e dende o Congreso dos Deputados e o Senado.

- Con esta finalidade, propórase ao Goberno central a sinatura dun Acordo Institucional –similar ao asinado entre ambos Gobernos o 28 de novembro de 1990 para a construción das autovías de conexión coa Meseta- para o seguemento e impulso do Plan Galicia en materia de infraestruturas, no que se reflicta o compromiso do Estado de executar todas as actuacións incluídas en dito Plan nos prazos fixados e dotándoas das correspondentes partidas orzamentarias, que serán expresamente recollidas en dito documento.
- Para o PPdeG, esta é a única forma de garantir a firmeza do compromiso do Estado e de disipar definitivamente as dúbidas xurdidas durante o último ano respecto do cumprimento dos compromisos do Plan Galicia.

• *5. Estradas*

- Dende 1990 a Xunta foi capaz de mellorar substancialmente a rede de estradas mediante o desenvolvemento do Plan de Estradas (1990-2000) e o Plan Director de Infraestruturas-PDI (2001-2010), coa adición en 2003 do Plan Galicia. No horizonte do ano 2010, a Xunta terá creado unha ampla rede de vías de alta capacidade (xa están en servizo 263 kms. en 2005), e terá actuado no 100% da rede viaria da súa titularidade (máis de 5000 kms.).

Dentro desta liña marcada pola continuidade no cumprimento do PDI e do Plan Galicia ábrense dous campos concretos de actuación no período que se inicia en 2006: o Plan de accesibilidade das áreas metropolitanas e o Plan de mellora da rede secundaria.

- **Plan de accesibilidade das áreas metropolitanas:** no período 2006 - 2009, poñeremos en marcha os planes sectoriais das 7 grandes cidades como elementos imprescindibles para garantir un desenvol-

vemento ordenado. Así mesmo, durante este período empezaranse a poñer en servizo as actuacións xa iniciadas, entre as que cómpre salientar a vía Ártabra, terceira rolda da Coruña, rolda leste de Lugo, circunvalación leste de Ourense, circunvalación de Marín, periférico oeste de Santiago, autovías Santiago - Brión e Santiago - Pontevea, conexión do segundo cinto de Vigo co polígono de Balaidos .

Os plans sectoriais das 7 grandes áreas metropolitanas de Galicia ordean as grandes infraestructuras a desenvolver nos vindeiros anos, destacando de forma especial:

A CORUÑA: Abrangue os concellos da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada e Bergondo. Destacan como principais actuacións inmediatas: a Terceira Rolda e a Vía Ártabra.

PONTEVEDRA-VIGO: Destaca a Variante de Marín-Pontevedra, e a mellora da rede viaria de Vigo.

SANTIAGO: Destacan as Autovías Santiago - Brión e Santiago - Pontevea (A Estrada).

OURENSE: Destaca a Variante leste de Ourense.

LUGO: Destaca a Rolda leste de Lugo.

FERROL: Destacan a Vía rápida de conexión Ares - Mugardos coa Rede de Interese Xeral do Estado e a Autovía Ferrol - Vilalba.

- **Plan de mellora da rede secundaria:** Realizaremos un plan de mellora da totalidade da rede secundaria: actuaremos sobre 1.405 kms. de rede secundaria autonómica onde non houbo intervencións previas. Deste xeito, favoreceremos o asentamento dos núcleos rurais e melloraremos as comunicacións do 100% dos núcleos de Galicia, co obxectivo de que todos os concellos de Galicia estean conectados a unha vía de alta capacidade.

- Impulsaremos un **Plan integral de seguridade vial**, co obxectivo de conseguir que en 2009 a **diminución de accidentes con relación ao ano 2000** sexa do 50%. As liñas básicas de actuación deste plan serán as seguintes:
 - Eliminaremos os **treitos de concentración de accidentes** da rede autonómica de estradas.
 - Introduciremos a **auditoría de seguridade vial** na totalidade das actuacións que se realicen na rede viaria galega.
 - Introduciremos un curso de **formación en seguridade vial** nos ciclos educativos de secundaria e bacharelato.
 - No **ámbito da prevención e vixilancia**, estableceremos sinalizacións específicas así como controis autonómicos de velocidade a efectos informativos.
- Crearemos a **Axencia Galega de Estradas**, organismo que se encargará da xestión e explotación da rede viaria galega, a súa correcta conservación e explotación e en especial todo aquilo relacionado coa seguridade vial e a mellora das condicións de circulación das nosas vías.
- Procederemos á elaboración, por parte da administración portuaria galega e da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, do **Plan Director Territorial de Coordinación de Infraestructuras Portuarias, Industriais e Viarias**.

• **6. Transportes**

- Culminaremos o **Plan de Transporte Metropolitano de Galicia**, iniciado en 2005, estendéndoo ás áreas metropolitanas das 7 cidades galegas, beneficiando a **máis de 1.600.000 habitantes**, o que significa o **60%** da poboación galega.

- Poremos en funcionamento un **plan de transporte comarcal e rural**, que extenderá os beneficios do transporte metropolitano ao restante 40% da poboación, e que ademais permitirá implantar **servizos de transporte á demanda** que garantirán aos cidadáns, a través dunha chamada a unha central de reservas, o acceso directo do **transporte público**.
- Desenvolveremos un plan **para o fomento do uso do transporte público nocturno** nas zonas de ocio de gran afluencia de mozos, que facilite unha alternativa no uso do coche particular, co fin de **diminuír o alto nivel de sinistralidade** que se produce entre a xente nova as fins de semana.
- Construiremos novos **aparcamentos disuasorios conectados coa rede de transporte público**, que permitirán ao cidadán estacionar o seu vehículo por un **prezo reducido** e acceder ao centro urbano en transporte público.
- Completaremos a dotación de **estacións de autobuses** e áreas para autobuses nas cidades e vilas galegas.
- **Eliminaremos as barreiras arquitectónicas** no acceso ao transporte público coa súa progresiva extensión aos **autobuses e taxis**.
- Incrementaremos de forma notable as **axudas para a renovación de taxis** especialmente adaptados para persoas con discapacidade.
- **7. Ferrocarril**

Consideramos de **vital importancia para Galicia** a chegada da alta velocidade, resultando imprescindible que o goberno do Estado cumpra os seus compromisos nesta materia, polo tanto:

- Esixiremos o cumprimento íntegro e nos prazos establecidos das actuacións ferroviarias comprometidas no Plan Galicia, garantindo a conexión de Galicia con Madrid en menos de 3 horas e as interiores entre as cidades galegas nunha media de 30 minutos.



- Promoveremos a apertura de negociacións para a transferencia á Comunidade Autónoma do conxunto da rede ferroviaria interior de Galicia, de xeito que a Xunta poida planificar a mellora da oferta de

transporte ferroviario, coa **creación de liñas de cercanías** nas principais urbes e o incremento de frecuencias e a redución dos tempos de traxecto. Reduciranse os tempos de traxecto nos servizos A Coruña-Vigo a través dunha xestión máis eficaz dos medios actuais en tanto non se poñan en servizo os novos treitos de alta velocidade en dobre vía.

- O cofinanciamento pola Xunta de Galicia da **Saída Sur de Vigo**, co soterramento das vías ferroviarias, rexerará a configuración urbana da cidade. Esta actuación liberará para a cidadanía toda a zona que actualmente ocupa a vía ferroviaria dende a zona de Teis ata a propia estación de ferrocarril.
- Promoveremos a eliminación, nun escenario cuatrienal, da totalidade dos **pasos a nivel** existentes na Comunidade Autónoma.
- Aproveitaremos as vías férreas que queden en desuso como consecuencia da chegada da alta velocidade para crear rutas medioambientais ou “**ecobulevares**”. Deste xeito, permitirase a rexeneración de zonas que actualmente están ocupadas por vías férreas e a súa reutilización para o disfrute de viandantes e ciclistas.
- **8. Rede portuaria galega**
- Apostaremos decididamente pola **mellora continua dos servizos comerciais e industriais** das actividades marítimas, pesqueiras e náutico-deportivas, pero coa responsabilidade de encamiñar as actuacións cara o desenvolvemento sostible dos seus recursos. Reforzaremos o concepto de **rede portuaria galega** aproveitando as sinerxías da xestión integrada de todos os portos de Galicia.
- Apostaremos por un **sector náutico-deportivo** autofinanciado e sen custo engadido aos contribuíntes, atractivo cara a iniciativa privada e capaz de xerar riqueza e emprego.

- **Aprobaremos no primeiro ano de lexislatura o proxecto de lei de xestión e administración portuaria de Galicia.**
 - **En materia de integración porto cidades,** promoveremos a rehabilitación da totalidade das principais fachadas marítimas dos portos galegos autonómicos no período 2006-2009.
 - **Primaremos a calidade,** establecendo unha **marca de garantía de calidade** asociada ás actividades e instalacións náutico deportivas de toda a comunidade autónoma de Galicia.
 - **Promoveremos a construción de instalacións de atraque flotante para a flota artesanal,** tendo previsto acadar un incremento de preto de 500 prazas (25% das instalacións existentes na actualidade).
 - **Apostaremos decididamente pola promoción do tráfico marítimo e da intermodalidade,** tendo presenza na Unión Europea a través de proxectos de cooperación transnacional encamiñados á captación de novos tráfico marítimos (“autoestradas do mar”) que axuden ao desconxestionamento viario e á redución de emisións contaminantes á atmosfera, contribuíndo así ao cumprimento do Protocolo de Kyoto.
-
- **9. Aeroportos**
 - **Promoveremos a transferencia dos aeroportos galegos á Comunidade Autónoma** para a súa xestión de xeito máis eficaz.
 - **Estableceremos negociacións con compañías aéreas que neste momento non operan en Galicia para multiplicar a oferta de destinos nacionais e internacionais.**
 - **Como medida máis urxente promoveremos a apertura dos aeroportos ás 24 horas,** co que se facilitará o incremento do tráfico aéreo tanto de viaxeiros como de mercadorías.

• **10. Solo empresarial**

- **Daremos un impulso extraordinario á dotación de solo industrial:** pasaremos dos 51 parques actuais promovidos pola Xunta de Galicia con preto de 9 millóns de metros cadrados, a 120 polígonos, ata chegar aos 33 millóns de metros cadrados.
- Isto implica que na vindeira lexislatura practicamente **multiplicaremos por catro a superficie industrial promovida polo Goberno autonómico.**

Polígonos industriais promovidos pola Xunta de Galicia	Situación actual	Situación vindeira lexislatura	Incremento %
Nº polígonos operativos	51	120	135%
Metros cadrados	9 millóns m ²	33 millóns m ²	266%

- **No eido das plataformas loxísticas e centros de transporte de mercadorías,** aos xa existentes (Lugo, Lalín, Ourense e Pontevedra) engadirase a execución do **Porto Seco de Monforte de Lemos e as novas plataformas** de Vigo, A Coruña, Lugo, Santiago e Ferrol, así como a **Plataforma Loxística Salvaterra-As Neves.**
- **Un concello, un polígono industrial:** o Goberno do PPdeG promoverá que os concellos galegos non incluídos nas previsións anteriores poidan dispoñer dun parque empresarial dun mínimo de entre 1 e 3 hectáreas, ben por execución directa pola Xunta de Galicia, ou ben a través de liñas de cofinanciamento ou subvención.
- **Abaratamento do custe do solo industrial:** os proxectos empresariais xeradores de emprego poderán acceder a axudas (a través do IGAPE) coas que poderán diminuír ata o 50% o custe de adquisición das parcelas.

II. 2.2 A Potenciación dos novos sectores estratéxicos

II.2.2.1 Unha industria estratéxica e renovadora

Balance

- Fomentamos a **concorrenza empresarial** a través de liñas específicas de axudas ás empresas con centros de produción en Galicia. Dende 1993 ata 2004, **3.000 empresas** foron beneficiadas cun investimento público directo de case **234 M €** e un investimento inducido de máis de **1.045 M €**.
- Potenciamos os “**cluster**” ou conglomerados empresariais como ferramenta de promoción industrial baseada no asociacionismo sectorial. Así, o Cluster da Automoción (CEAGA) creouse en 1997 con **37 empresas** da industria auxiliar, e na actualidade aglutina xa a **61 empresas**. A cifra de emprego xerado pasou de **8.100 a 13.200 postos de traballo**. A Asociación Cluster do Naval (ACLUNAGA) constituíuse no ano 1999 con **96 empresas**, e está integrando a día de hoxe por **136**. O Cluster da Madeira implantouse no 2001, e está composto por **123 empresas**. O emprego evolucionou de **3.700 postos de traballo a 5.200**.
- En 1992 naceu o **Parque Tecnolóxico de Galicia**, co fin de apoiar iniciativas empresariais de base tecnolóxica, aumentar o nivel de innovación, aproveitar os recursos naturais e estreitar as relacións Universidade-Empresa, incrementándose a súa facturación nos últimos catro anos nun **232%**.
- O sector **téxtil-confección** experimentou un notable **crecemento sostido** dende os inicios da década dos 90 ata hoxe, o que consolidou a súa presenza nos mercados internacionais e o seu peso específico na balanza sectorial tanto a nivel galego como a nivel nacional.

- Galicia ocupa na actualidade a **primeira posición** do ránking de **autonomías españolas exportadoras** de prendas de vestir, o produto de maior valor engadido, por diante de Cataluña, situándose ademais **tres provincias galegas entre as dez españolas con maior facturación por vendas internacionais**. A evolución das exportacións dende Galicia nos últimos anos foi espectacular, pasando dos **31 M €** en 1991 aos **1273 M €** no 2004.
- O esforzo realizado para promocionar a cultura da **calidade** no entramado empresarial, xunto a aposta das propias empresas galegas, deron como resultado un **importante incremento na certificación dos sistemas de xestión** segundo as normas ISO 9000. As cifras de evolución reflicten o fortalecemento, xa que de **7 empresas certificadas en 1992 pasouse a 2022 no 2004**.
- A calidade da **subministración eléctrica** experimentou un **extraordinario avance** nestes últimos anos, como así o reflicte a evolución do TIEPI, índice que rexistra o tempo medio de interrupción do servizo. Namentres que no ano 1991, cun índice do **10,79**, situabámonos moi por riba da media nacional (que era 5,57); no ano 2003 conseguimos inverter esta tendencia e situarnos por debaixo da media nacional, cun índice do **2,46** fronte o **2,86** nacional.
- **Multiplicamos por oito os puntos de subministro de gas**. Mentres que no período 1992-1998 dispoñíamos de **17.106 puntos**, en decembro 2004 ascendían a **141.689**, o que significa cubrir **máis da metade** da poboación galega.
- **Galicia é líder en enerxía eólica**. O **22,1%** do total da **potencia eólica** instalada en España se sitúa en Galicia: de **115 megavatios** en 1997 pasamos a **máis de 1800** no ano 2004.
- O sistema galego de **innovación** mellorou a través de accións de formación, dotación de infraestructuras e proxectos de investigación. O orzamento para I+D no tramo 1990-2005, denota o esforzo realizado toda vez que de **6,13 M €** no ano 1990 se pasou a **82,90 M €** no 2005.

As Nosas Propostas

- **1.- Enerxía renovable, enerxía limpa**
- Entrará en servizo a **Planta de Regasificación de Galicia** situada en Mugarodos, peza clave na estratexia enerxética da nosa Comunidade. Proporcionará unha mellora da concorrencia industrial toda vez que diversificará a oferta enerxética e aumentará a seguridade do abastecemento, e facilitará a chegada do gas natural a máis fogares galegos. Grazas a esta nova instalación poderán poñerse en marcha os ciclos combinados de gas nas termoeléctricas de Sabón e As Pontes
- **Duplicaremos a potencia eólica instalada** ata chegar aos 4.000 Mw, co que Galicia seguirá sendo a **primeira comunidade autónoma** española en enerxía eólica e unha das principais produtoras deste recurso a nivel internacional.
- A política enerxética solar avanzará, impulsando esta fonte gratuíta, limpa e non esgotable e as súas **instalacións** por medio do **Plan de Fomento da Enerxía Solar**, facendo posible que en 2009 a potencia fotovoltaica instalada acade os 15 Mw e que, en potencia solar térmica, se dispoña polo menos de **50.000 metros cadrados** de paneis solares.
- Seguiremos mellorando o **acceso dos fogares galegos ao gas natural** a través dos novos **Plans de Gasificación**, acometendo entre outras redes, o eixe do Barbanza, o eixe Noia-Muros-Cee, a Mariña lucense así como a conexión entre Ourense e Ponferrada.

- **2.- Innovación tecnolóxica do sector mineiro**

- Presentaremos de novo o Proxecto de **Lei de Ordenación da Mineiría** de Galicia que incluírá dous eixes principais :
 - Elaboración do **Plan da Mineiría** como máxima figura da planificación do sector que propicie o seu desenvolvemento sostible.
 - Creación da figura do **“Concello Mineiro”** como instrumento de ordenación que asente o desenvolvemento dos establecementos mineiros.
- Para contribuír ao desenvolvemento integral do sector das **augas minerais e termais**, actualizaremos a súa normativa reguladora.
- Tamén potenciaremos a **innovación tecnolóxica** do sector das rochas ornamentais, cara a consolidación da súa fortaleza e do seu tecido industrial apoiando proxectos que teñan como finalidade mellorar a calidade do produto ou a eficiencia do proceso productivo.

- **3.- Concorrenza e calidade**

- Seguiremos apostando por unha política de **clusters** baseada na máis ampla **cooperación interempresarial** robustecendo a concorrencia do tecido industrial. O propósito é acadar cambios estruturais profundos e internalizar no mundo empresarial a idea de **“cooperar para competir”**. Nesta liña impulsaremos a creación do **Cluster das Telecomunicacións**.
- Proseguiremos promocionando a **cultura da calidade** no entramado empresarial, e en colaboración coas empresas, conseguiremos avanzar incrementando os resultados da certificación dos sistemas de xestión.

- **4.- Esforzándonos para innovar**

- Elaboraremos o III Plan Galego de I+D+i e incrementaremos o esforzo orzamentario realizado nos últimos anos para acadar no 2009 os seguintes obxectivos:
 - 1,5% do PIB en gasto en I+D.
 - 60% do gasto executado en I+D realizado polas **empresas**.
 - **Aumentar** o número de persoas dedicadas á I+D conseguindo que o número de investigadores ascenda á cifra de **6350**. (cinco por mil da poboación activa)
- Comprometémonos a fornecer a política de **Recursos Humanos** a través de accións concretas tales como :
 - 1.500 bolsas de doutoramento.
 - 250 contratos de inserción de investigadores no sistema público e privado.
 - 300 contratos de inserción de tecnólogos
 - 500 contratos para persoal auxiliar
 - 2.000 accións de mobilidade do persoal investigador
- Poremos en marcha dous programas específicos para **fomentar a investigación industrial e o desenvolvemento tecnolóxico**: o programa de Deseño e Producción Industrial para a Industria do Automóbil (DPA) e o de Investigación Sanitaria (IS).
- Crearemos **Plataformas Tecnolóxicas** como novo mecanismo de actuación dentro dos programas sectoriais, entre as que se promocionarán as de electrónica do automóbil, tecnoloxías avanzadas de

fabricación, TIC'S para loxística, enerxías renovables, biotecnoloxía mariña, biomedicina, seguridade alimentaria e industrias da cultura e do patrimonio.

- Crearemos tres novos centros tecnolóxicos para o servizo das empresas galegas, que se sumarán aos once que están integrados na rede "RETGALIA". Estes novos centros estarán destinados ao apoio ao Sector Lácteo, ás Telecomunicacións e ás Enerxías Renovables.
- Duplicaremos a superficie do Parque Tecnolóxico de Galicia superando o millón de metros cadrados adicados á implantación de novas empresas de base tecnolóxica, así como á ampliación dos niños do Centro de Empresas e Innovación.
- Impulsaremos novas accións de fomento da investigación básica así como de sensibilización social da importancia da investigación e da Innovación.
- Queremos que cada vez haxa máis persoas que teñan a oportunidade de adicarse á investigación e ao desenvolvemento (I+D) . Por iso ampliaremos as Bolsas de Terceiro Ciclo, predoutorais e as estadías no estranxeiro.
- **5.- Unha sociedade actual e mellor informada**
- Apostamos polo impulso á implantación da Sociedade da Información nas nosas empresas. A tal fin incentivaremos as accións das PEMES que conleven a súa presenza en Internet, a mellora da xestión interna da información e da protección de datos e a alta nos servizos electrónicos avanzados.
- Destinaremos máis de 100 M € ao pulo das Redes de Telecomunicacións para conseguir que os núcleos comarcais e rurais dispoñan dun servizo da mesma calidade que nas zonas urbanas. Atenderase ás

áreas en desvantaxe no acceso a Internet, facilitando o seu desenvolvemento cara a sociedade da información e o impulso á súa actividade económica e social.

- **Os tres campus universitarios galegos e todos os centros tecnolóxicos disporán de puntos de acceso a Internet sen cables, grazas á execución do Proxecto UNI-WIFI.**
- **14.000 estudantes universitarios disporán dun novo ordenador portátil subvencionado co Proxecto UNI-PORTA.**
- **140 novos concellos terán centros de acceso público a Internet, grazas ao programa “Internet Rural”, en colaboración coa Administración Local e o organismo público Red.es.**

II.2.2.2. Por unha nova Galicia Rural: O campo como espazo de vida e desenrolo

Balance

Nos últimos 15 anos as comunidades rurais galegas foron quen de levar a cabo unha **transformación sen precedentes na nosa historia**, a prol da modernización dos territorios rurais, do aumento da calidade de vida dos seus habitantes e do proceso de converxencia de Galicia coas rexións máis desenvolvidas da Unión Europea. A transcendencia para Galicia desta transformación só pode entenderse se temos en conta que o rural galego abrangue máis do 75% do territorio da nosa Comunidade Autónoma e da acubillo a arredor do 50% da poboación galega. A cohesión económica e social que Galicia necesita para **converxer de xeito real coa Unión Europea** require dun territorio vertebrado en todos os ordes: sen un rural moderno e capaz dende o punto de vista económico, non haberá converxencia real.

Algúns dos datos máis relevantes do acadado nestes anos son os seguintes:

- **O sector lácteo galego** cada vez ten maior importancia relativa no contexto nacional, e hoxe representa o 53% das explotacións lácteas a nivel nacional.
- A **cota leiteira** acadou o 33% da cota nacional.
- As **explotacións lácteas** multiplicaron por cinco o seu tamaño medio.
- A **productividade do gando** tamén se veu incrementada grazas ao programa de mellora xenética co que se acadou unha produción media por lactación de máis de 8.000 kg.

- **A incorporación de mozos á actividade agraria** foi unha constante nestes anos acadándose a cifra de 7.400 mozos incorporados na agricultura.
- Máis de 25.000 agricultores beneficiáronse das axudas para a **modernización das nosas explotacións**.
- Durante estes anos desenvolveuse un rigoroso **plan de saneamento** ao que se adicaron máis de 120 millóns de euros para controlar máis de 1.000.000 de cabezas en preto de 60.000 explotacións. Acadouse que Galicia sexa oficialmente indemne de leucose enzoótica bovina e libre de perineumonía contaxiosa bovina. En canto a bruceloses e tuberculose conseguiuase que a súa incidencia sexa cinco veces inferior a media nacional.
- Preto de 120.000 agricultores puideron beneficiarse das **axudas para a contratación dos seguros agrarios**.
- A **reestructuración de viñado** contou cun forte apoio nos últimos anos acadándose unha media de 300 Has reestructuradas e case 1.000 agricultores beneficiados anualmente.
- Máis de 66.000 agricultores beneficiáronse das **indemnizacións compensatorias** en zonas de montaña e desfavorecidas.
- Os 19 **distintivos de calidade agroalimentaria** protexeron e deron a coñecer nos mercados nacionais e internacionais os produtos de máis de 27.000 produtores e máis de 700 industrias.
- Cada ano en Galicia creáronse unha **media de 80 industrias agroalimentarias novas**, apoiándose anualmente máis de 350 proxectos de investimento o que supón unha inversión inducida no sector de case 100 millóns de euros por ano.

- Unha das actuacións preferentes nos últimos anos foi o **fomento do asociacionismo e cooperativismo agrarios** do que se beneficiaron máis de 150 cooperativas agrarias e máis de 10.000 agricultores e gandeiros de forma directa.
- A **concentración parcelaria** recibiu un forte pulo ao concentrarse 215.000 Has e estando en proceso outras 200.000 Has.
- Preto de 3.000 Has víronse beneficiadas polas **inversións en materia de regadíos**.
- Púxose en marcha a **Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)** que, en colaboración cos Grupos de Acción Local, cubre todo o territorio rural de Galicia, apoiando preto de 4.000 proxectos.
- **Potenciáronse as comarcas de Galicia** coa creación de 34 fundacións comarcais, 13 centros xa en funcionamento e outros 8 en tramitación, recibindo os que están en funcionamento máis dun millón de visitas ou consultas.
- Púxose en funcionamento o **Sistema de Información Xeográfico de Galicia** que permite a todos os cidadáns a consulta de todo o territorio da comunidade a través de internet.

As Nosas Propostas: O rural galego do século XXI

O rural galego entrou no século XXI nun contexto de apertura xeralizada e crecente dos mercados mundiais e de liberalización dos intercambios comerciais en todo o Planeta. A Unión Europea de 25 medrará en membros nos vindeiros anos, e seguirá procurando acordos comerciais de liberalización con outras entidades similares en todo o mundo.

O obxectivo irrenunciado do PPdeG para os vindeiros anos é o de **situar ao rural galego do século XXI entre os máis desenvolvidos da Unión Europea**. Conseguido é imprescindible para acadar a anhelada converxencia coa Unión Europea. Para elo poñeremos en marcha o Plan de Desenvolvemento Rural: **A Galicia do 2020** cun montante global adicional ao orzamento ordinario de 720 millóns de euros que contempla 57 medidas e máis de 300 actuacións concretas.

Para acadar estas metas, propoñemos para os vindeiros catro anos:

- ***1. Un Sector Primario moderno, dimensionado e competitivo***

A renda dos agricultores e gandeiros

- Favoreceremos o crecemento ordenado e **fixaremos o valor engadido da Producción Final Agraria en Galicia**.
- Apoiaremos as iniciativas que teñan por finalidade a **xeración de rendas alternativas e complementarias** para os nosos agricultores e gandeiros.

- **Apoiaremos e asesoraremos as explotacións para o aumento da súa produtividade e concorrencia:**
 - Nos vindeiros catro anos, seguiremos apoiando a **incorporación dos mozos á actividade agraria**.
 - Continuaremos coa **aposta decidida pola modernización** das nosas explotacións agrarias.
 - Seguiremos **fomentando o crecemento do sector leiteiro** galego, co aumento de cota leiteira por explotación ata unha media de 250.000 Kg.

- **Potenciaremos o sector viveirista e de sementeira** para a mellora estrutural dos procesos productivos de máis de 30 viveiristas e produtores de sementes.

- Converteremos a Galicia en **exportadora neta de xenética animal**, coa posta en proba de máis de 50 sementais bovinos de raza Frisona por ano e ata 20 de raza Rubia Galega.

- Seguiremos sendo unha referencia en **saneamento gandeiro**, chegando á cualificación oficial da UE como Rexión oficialmente indemne de tuberculose bovina e de brucelose bovina e de ovino e cabrún.

- Reforzaremos o **sistema asociativo** no eido agrogandeiro e forestal, previndo máis de mil actuacións que beneficiarán directamente a máis de 20.000 gandeiros.

- Financiaremos **cursos de formación** nas propias cooperativas dos que se beneficiarán máis de 3000 gandeiros. Así mesmo tamén se financiará a contratación de xerentes, técnicos e persoal de substitución para crear e manter máis de 500 postos de traballo.

- **Facilitaremos os procesos de fusión de cooperativas agrarias**.

A ordenación productiva

- Racionalizaremos a implantación e **desenvolvemento das producións tradicionais do sector primario** establecendo pautas para a diversificación das novas producións rematando a elaboración de 53 mapas comarcais de usos de orientación productiva.

A mobilización do mercado de terras agrarias e a xestión do solo rural

- Aumentaremos a **base territorial das explotación agrogandeiras**, a través de 100.000 novas hectáreas de concentración parcelaria, así como con 50 novas zonas de alto interese agronómico e estratéxico.
- Estableceremos **exencións fiscais** sobre os actos xurídicos relativos á mobilidade das terras agrarias.
- Favoreceremos os procedementos de **concentración parcelaria** promovidos por particulares modificando neste sentido a Lei de Concentración Parcelaria.
- Crearemos a **Entidade de Xestión do Solo rural**.
- Realizaremos **actuacións na rede viaria rural** de todos os concellos de Galicia.

As producións de calidade

- Promoveremos o recoñecemento de **novas denominacións de calidade**, doce delas en trámite, que acadarán o seu recoñecemento ao longo do 2005. Así acadaranse 50 produtos con distintivo de calidade ao longo da lexislatura.
- Apoiaremos e promoveremos a expansión cualitativa e cuantitativa en todos os eidos das **producción ecolóxicas e integradas**, acadando que máis de 1500 explotacións estean incluídas, asumindo dende a Administración a totalidade dos custos das tarefas de control e promoción.

- Apostaremos pola **integración da variable ambiental** nas producións agrogandeiras e silvícolas.
- Implantaremos o selo “**Artesanía alimentaria de Galicia**” para dar cobertura a todas as producións tradicionais, incluíndo tamén toda a repostería tradicional galega, dando cobertura a máis de medio centenar de produtos.
- Poremos en funcionamento o **Instituto Galego da Calidade Agroalimentaria** para prestar servizo a todas as producións de calidade, que axudará a reducir os custes de programas de control. Así mesmo realizaranse campañas de promoción dos nosos produtos que serán financiadas no 100% pola administración.
- Introduciremos o **sistema de trazabilidade** en toda a cadea alimentaria.

• *2.- Un Sector Secundario capacitado para aproveitar o potencial das nosas producións*

O crecemento do sector agroindustrial

- Fomentaremos a creación de **parques agroindustriais**.
- Desenvolveremos proxectos piloto de carácter loxístico no eido agrolimentario.
- Estenderemos a **certificación na agroindustria galega**, que se acada para máis de cen industrias galegas.
- Potenciaremos a creación de **mais de 200 novas industrias de transformación dos produtos** do sector primario, priorizando zonas de montaña e desfavorecidas.

- Favoreceremos a colaboración e cooperación entre agroindustrias.
- Incentivaremos o **peche dos ciclos productivos** dos recursos endóxeos
- Apoiaremos **novas liñas de transformación de produtos** agroalimentarios de xeito que o 50 % das novas industrias estarán orientadas a novas actividades. Así mesmo, continuaremos coas **axudas á implantación e modernización da agroindustria**.

A modernización da artesanía rural

- Aumentaremos a produción de artesanía rural de Galicia e levaremos os **produtos artesáns do rural aos mercados**. Estableceremos un **plan de formación** para a artesanía rural de Galicia e implantaremos novos modelos de fiscalidade para o artesan.

3.- A comercialización dos produtos rurais, unha prioridade para as producións de calidade

- Promoveremos axudas para a **concentración da oferta** para a comercialización en común dos produtos rurais.
- Apoiaremos as iniciativas dedicadas á busca e utilización de **novas formas de comercialización**.

• **4.- Un salto definitivo cara a mellora dos factores estruturais de concorrencia no medio rural**

Apoio ás PEMEs rurais

- Crearemos un servizo de apoio e asesoramento ás PEMES rurais.
- Fomentaremos o espírito empresarial e emprendedor no rural.
- Melloraremos as condicións estruturais para a creación de novas empresas no rural e facilitar a mellora permanente da súa posición competitiva, posibilitando a creación de 2000 novas empresas no mundo rural cada ano en sectores distintos o primario.

A I+D+i para os sectores productivos estratéxicos do rural

- Crearemos o Instituto de Formación, Investigación e Tecnoloxía Agroalimentaria de Galicia, dándolle pulo á actividade investigadora e formativa dos nosos mozos.
- Estableceremos como prioridade a transferibilidade dos proxectos de tecnoloxía agraria achegando as novas tecnoloxías o mundo rural .

O rural na sociedade da información e as novas tecnoloxías

- Deseñaremos e aplicaremos o Plan de Introducción de novas tecnoloxías no rural.
- Crearemos o portal web do rural de Galicia e poremos a disposición dos cidadáns a información territorial referida ao seu territorio

• ***5.- Infraestructuras, equipamentos e dotacións: bases para a mellora da cohesión e vertebración territorial de Galicia***

- Inventariaremos e actualizaremos permanentemente as **infraestructuras, dotacións e equipamentos** dos concellos de Galicia.
- Estableceremos un **novo modelo policéntrico de asentamento poboacional** de Galicia, potenciando as capitais locais e as comarcas.
- Definiremos un **mínimo de dotacións no ámbito comarcal**.
- Favoreceremos a **xestión conxunta e supramunicipal das infraestructuras, dotacións e equipamentos**, de tal xeito que ningunha dotación ou servizo estea a máis de vinte minutos de acceso para os cidadáns.

• ***6.- Os Grupos de Acción Local, fomentar o desenvolvemento pola base***

- Consolidaremos a presenza dos **Grupos de Acción Local** en todos os territorios rurais de Galicia o que suporá o financiamento a máis de 3.500 novos proxectos e a creación e consolidación de postos de traballo no ámbito rural.
- Reforzaremos o papel dos Grupos de Acción Local como protagonistas do **desenvolvemento rural**.
- Garantiremos que todos os territorios rurais de Galicia contén cun **Plan de desenvolvemento rural** elaborado e executado dende e por as comunidades rurais.

II.2.2.3 – O Sector forestal. Un sector estratéxico

O PPdeG considera o sector forestal unha oportunidade para desenvolver a economía e a industria de Galicia. O monte xera postos de traballo, polo tanto calidade de vida, principalmente nas zonas rurais, xa que demanda unha considerable cantidade de man de obra; en definitiva, os bosques eríxense como un importante xacemento de emprego.

Cómpre ter en conta, para dimensionar a importancia do sector forestal, que en Galicia se está a cortar preto dos 6 millóns e medio de m³ de madeira ao ano, preto da metade de toda a produción anual de madeira en España. Deste xeito, o aproveitamento da madeira galega supón un total de 240,4 millóns de euros ao ano.

En canto á facturación da industria da transformación da madeira, esta representa ao ano arredor de 1.600 millóns de euros, proporcionando un número aproximado de 17.000 empregos directos e 23.000 indirectos. Con 600 empresas industriais e comercializadoras, e uns 2.400 empresarios autónomos e artesáns, a relevancia económica e social da cadea principal de actividades da madeira é clara.

O PPdeG amosa a súa decidida aposta polo sector forestal –que representa sobre o 3 % do PIB de Galicia, sen incluír a industria da segunda transformación- mediante as seguintes propostas:

- Crearanse unidades de xestión forestal cun tamaño suficiente para a súa xestión eficiente que melloren a viabilidade económica e a aplicación rigorosa de criterios de xestión forestal sostible nun total de 65.000 Has. na vindeira lexislatura, das que se beneficiarán máis de 10.000 galegos.
- Procederáse á reforestación de superficies forestais rasas ou terreos afectados polo lume co obxecto de crear masas con entidade propia e dimensionamento que permitan a xestión sostible nun total de 82.000 Has. nos vindeiros catro anos.

- Desenvolveremos así mesmo un Plan de silvicultura, dirixido á mellora da calidade da madeira, a prevención do lume, pragas e enfermidades. Ademais, este Plan permitirá garantir a recuperación de zonas frondosas autóctonas, a súa evolución cara bosques maduros, e a potenciación de produtos complementarios da madeira, cunha actuación sobre un total de 260.000 hectáreas, nos próximos catro anos, a través de claras, podas e outras melloras silvícolas sobre 200.000 Has, 20.000 Has. en consolidación de frondosas e 40.000 hectáreas noutras actuacións.
- Seguiremos potenciando a xestión de montes xa capitalizados, poñendo en valor novos montes en man común a través de novas figuras contractuais que se incorporarán á nova Lei de Montes galega. Estes novos contratos afectarán a 200.000 Has. de monte na próxima lexislatura.
- Elaborarase un plan de diferenciación de produtos forestais galegos que permita o crecemento e aproveitamento de produtos forestais e a consolidación da rede de empresas produtoras e comercializadoras en primeira transformación. Estableceremos liñas de apoio á produción, transformación e comercialización dos produtos forestais galegos, así como a busca de novos mercados e a consolidación dos existentes, mellorando a competitividade, diferenciación e desenvolvemento de novos produtos de valor engadido.

En resumo, o conxunto dos programas que poremos en marcha na próxima lexislatura sobre o sector forestal, no convencemento de que se trata dun sector estratéxico no desenvolvemento e tamén na conservación do medio natural de Galicia, permitirá actuar sobre máis de 600.000 Has, é dicir, sobre o 30% de superficie forestal da nosa Comunidade Autónoma.

II.2.2.4 Unha pesca moderna: Rexorde a ilusión do Mar

Balance

- A designación de Galicia, en concreto Vigo, como sede da **Axencia Europea de Control Pesqueiro** supón o recoñecemento á xestión da política pesqueira en Galicia, especialmente para a explotación sustentable dos recursos.
- **Galicia** converteuse nunha **potencia mundial en acuicultura**. A Comunidade lidera a produción europea de mexillón, cun valor de máis de 126 millóns de euros en 2003. O Plan de Reestructuración do Sector Mexilloeiro destinou 1.050 millóns de euros entre 1994 e 1997 a este sector. Puxéronse en marcha as granxas de cultivo de rodaballo máis grandes do mundo, alcanzándose unha produción de máis de 9.000 toneladas, a maioría do producido en Europa. Segundo datos do IGE 34.080 persoas en Galicia viven directamente das actividade derivadas da pesca.
- A profesionalización do traballo da muller, especialmente das **mariscadoras**, é hoxe unha realidade. As mariscadoras da Comunidade están organizadas e poden deseñar as campañas segundo criterios biolóxicos. Así, a produción marisqueira multiplicouse por catro en dez anos.
- **A flota galega, tanto de altura como de baixura, renovouse co apoio da Administración**. Construíronse 600 buques novos, co que se logrou aumentar a carga de traballo dos estaleiros galegos. O volume de axudas a renovación da flota superou os 319 millóns de euros.
- A Pesca, a acuicultura e as actividades dos servizos relacionados segue a ser un dos sectores económicos con **crecemento continuado** na súa achega ao Valor Engadido Bruto de Galicia, pasando dos 572 millóns de euros no 1995 a máis de 674 millóns no 2002.

- O sector pesqueiro segue a ser un **sector laboral importante** en Galicia, cun emprego total que se mantén arredor dos 34.000 postos de traballo directos.
- A administración pesqueira galega é a única en España que publica en Internet todos os datos de **descargas pesqueiras** en tempo real, en www.pescadegalicia.com. A través da Plataforma Tecnolóxica da Pesca pódese comprobar como o valor da venda en lonxa de produtos pesqueiros pasou de 359 millóns de euros en 1998 a 389 millóns de euros en 2004.
- Os profesionais, os sindicatos e as empresas colaboran no deseño da política de explotación dos recursos a través do **Consello Galego de Pesca**. Galicia conta así cunha única voz representativa de todo o sector pesqueiro capaz de facer oír a postura da Comunidade en Bruxelas sobre asuntos do seu interese, como as cotas de peixe.
- As **industrias conserveiras, conxeladoras e transformadoras** de produtos do mar están modernizadas e cumpren con todas as normas sanitarias e de protección do medio ambiente. Entre 1999 e 2002 creáronse máis de 2000 empregos netos neste sector. A cifra de negocio das industrias conserveiras máis potentes pasou de 881 millóns de euros en 1999 a 1.237 millóns de euros en 2003.
- Galicia é a rexión de Europa que conta con máis medios propios para o **salvamento marítimo**, o control da pesca e a loita contra a contaminación no mar. A Xunta creou o Servizo de Gardacostas e estao a dotar dos medios máis modernos. Así, en 2005 entrarán en servizo dous novos helicópteros, un remolcador e un buque de apoio.
- A rede de centros de investigación e de formación relacionados co mar está entre a máis completa de Europa. O **Instituto Tecnolóxico do Mar (INTECMAR)** é o referente mundial entre os científicos adicados ao control de mareas vermellas. Técnicos doutros países acoden a cotío aos centros da Consellería de Pesca a completar a súa formación.

- A Consellería de Pesca lanzou proxectos de **cooperación internacional** con Namibia, Guatemala, O Salvador, Honduras, Nicaragua, Brasil, Perú, Chile, Mauritania e Arxentina. Deste xeito, a Xunta contribúe ao desenvolvemento destes pobos e, asemade, apoia aos investimentos galegos nestes países.

As Nosas Propostas

• 1. Pesca de baixura

- Seguiremos a traballar no 2005 para estar dende un principio en situación de vantaxe no próximo programa operativo do **Fondo Europeo da Pesca** que substituirá ao actual IFOP e daremos preferencia total á pesca de baixura a través da elaboración da segunda fase dos Plans de Portos.
- Daremos plena operatividade ao banco de GT'S, xa publicado e que está a desenvolverse, para paliar o déficit do actual IFOP e do previsible fondo europeo da pesca, para manter o proceso de modernización da nosa flota. Realizaremos unha transformación da pesca sen aumentar a capacidade extractiva, conseguindo deste xeito a **baixura máis moderna de Europa**.
- Poremos en marcha a segunda fase da **Plataforma Tecnolóxica da Pesca Galega**, posibilitando a comercialización da totalidade das capturas. Conectaremos as lonxas mediante o sistema de seguemento a través de cámaras para acadar as canles de venda máis seguras e fiables.
- Iniciaremos o programa de **repoboación de especies** das rías galegas. Remataremos o centro de repoboación de Muxía e acometeremos un completo programa de repoboación para as especies máis rendibles da baixura, así como as novas que se poidan ir engadindo.

• *2. Pesca de altura fresca e de conxelado*

- Desenvolveremos **novos instrumentos financeiros** para axudar a consolidar os dereitos de acceso da flota con pavillón español aos caladoiros internacionais co fin de axustar e racionalizar a explotación. Realizaremos un importante esforzo negociador para que se nos permita aproveitar os cotas.
- Poremos en funcionamento o **Instituto Marítimo de Dereito Internacional** co fin de dar apoio técnico e legal ás nosas empresas, tanto nas súas inversións coma nos problemas legais que poidan ter, co obxectivo de potenciar e facilitar os proxectos de investimento no exterior.
- Galicia, como potencia mundial do sector, contará cunha **política exterior propia**, propiciando a presenza institucional de Galicia en todos os foros e organizacións rexionais e países terceiros e en coordinación coas liñas de investigación científica que se van a desenvolver nos centros galegos.
- Continuaremos a liña de **cooperación con terceiros países** reforzando as relacións institucionais, así como a presenza nos mesmos, co obxectivo de potenciar a presenza e defensa da nosa flota nos países onde existan investimentos con capital galego, en coordinación coa política de relacións exteriores do Goberno da Xunta de Galicia.

• *3. Industria de transformación*

- Traballaremos para que o próximo fondo europeo da pesca siga aportando e desenvolvendo outras estruturas para o **financiamento de empresas de transformación**. Facilitaremos a racionalización da produción.

- Potenciarase o **desenvolvemento de novos establecementos** que integren a extracción, a transformación e a comercialización, engadindo valor á baixura coa oferta de produtos máis frescos e máis doados de preparar, máis adaptados a un consumidor final esixente en tempo, diversidade e calidade.
- **4. Salvamento, control e loita contra a contaminación**
- Poremos a pleno rendemento a escola do **Servizo de Gardacostas de Galicia**, elevando o nivel de coñecementos dos distintos corpos que a integren. Reestructuraremos e renovaremos todos os medios de tamaño mediano e lixeiro, adquirindo novas unidades adaptándoas ás necesidades tecnolóxicas e de operatividade, anticipándonos ou respondendo ás demandas do futuro.
- Acometeremos a mellora do **Plan de Continxencias** engadindo os estudos de simulación de movemento de manchas de contaminación e o coñecemento acadado no que atinxe a movemento de áreas ao longo da costa.
- Implantarase, dentro do Convenio de Colaboración co CEDRE, o sistema de seguemento do que se coñece como **contaminacións operacionais, os sentinazos**. A conservación do medio mariño seguirá a ser un dos criterios prioritarios de traballo da Xunta de Galicia.
- Seguiremos a traballar institucionalmente coa Unión Europea para que aprobe a lexislación europea que arbitre os mecanismos que garantan a **cobertura rápida e suficiente** dos danos non cuantificables en **caso de contaminación por accidentes mariños**.
- Seguiremos traballando para a instauración na UE da obriga de facerse cargo, mediante a imposición dunha **tarifa de paso polo dereito ao tráfico marítimo en augas territoriais dos EEMM**, aos buques que transiten sen zarpar nin atracar en portos da UE.

- Seguiremos a reclamar a transferencia de competencias de execución da lexislación do Estado en materia de **Capitanías Marítimas** para unha mellor xestión e resposta nas labores de inspección, control e autorizacións de buques e tripulacións.

- **5. Acuicultura**

Marisqueo

- Concluiremos a **transformación do marisqueo** nunha verdadeira actividade de acuicultura extensiva e promoveremos a produción como acuicultura dos bancos marisqueiros somerxidos.
- Completaremos a rede de **minicriadeiros** posibilitando a autosuficiencia de Galicia na produción de semente.
- Pecharemos os **ciclos de comercialización inicial en orixe** asegurando unha total trazabilidade e diferenciación do produto dende o porto.
- Remataranse os procesos de **reordenación das concesións e autorizacións** no dominio público marítimo-terrestre.

Acuicultura en bateas

- Reforzaremos as **estructuras asociativas** e daranse os pasos adecuados para acadar a plena madurez empresarial apoiando que os produtores cheguen a actuar en conxunto.

- Potenciaremos o desenvolvemento da **tecnoloxía de procesos** que permita un máximo aforro de custos evitando o risco de desprazamento do mercado de fresco asegurando unha boa calidade e un produto adecuado.
- Reforzaremos o desenvolvemento tecnolóxico dos instrumentos de **producción en batea**, buques de apoio e maquinaria asociada buscando unha maior eficacia e economía da produción.
- Reforzaremos a **investigación** sobre os aspectos biolóxicos da produción maximizando o rendemento do produto, cunha especial incidencia na investigación xenética.

Acuicultura intensiva en terra:

- Remataremos o plan sectorial de ordenación territorial dos parques de **tecnoloxía alimentaria** e traballaremos para que na próxima reforma dos fondos europeos da pesca poidan ser destinados no financiamento destas empresas
- Simplifícaranse os trámites para a **autorización dos establecementos de acuicultura**, incidindo na mellora da coordinación entre os distintos órganos administrativos que interveñen.
- Potenciarase a **dimensión ambiental das instalacións**, promovendo as innovacións nos sistemas productivos ou de xestión de residuos que reduzan o impacto no medio.

• ***6. Formación náutico-pesqueira***

- Acometeremos as melloras no mundo das ensinanzas marítimas, de tal xeito que se fagan atractivas para a mocidade a través dunha política marítima que abra un amplo abano de **posibilidades laborais** ata conseguir que o traballo no mar sexa unha actividade laboral atraínte para a nosa xuventud

- Seguiremos desenvolvendo unha política activa para facilitar a **integración da muller** no mundo laboral do mar.
- Reestructuraremos as **ensinanzas náutico pesqueiras** para que se impartan as titulacións básicas nos portos, coa posibilidade de ampliación de estudos nas escolas náutico-pesqueiras.
- Crearase a **Diplomatura de Mariña Civil** co fin de acadar a permeabilidade entre a mariña militar e a civil, buscando a confirmación co resto do sistema de ensinanza para facilitar unha carreira marítima única.
- **7. Investigación marítimo-pesqueira**
- Acometerase unha política de **mellora do control do medio mariño** para rendabilizar o esforzo inversor redundando nun incremento da mellora da calidade da auga.
- O Intecmar coordinará os centros de investigación da Xunta de Galicia para conseguir unha unidade de acción no eido da investigación marítimo pesqueira en Galicia. Así mesmo Cetmar farase cargo da investigación de tecnoloxía de procesos para as empresas cara unha potenciación da eficacia e eficiencia dos procesos productivos.
- Continuaremos reclamando as **transferencias** do Instituto Español de Oceanografía e do Instituto de Investigacións Mariñas, que se integrarán no Instituto de Tecnoloxía e Ciencias Marítimas (INTECMAR).
- Desenvolveremos a estrutura de coordinación e decisión das prioridades e liñas de I+D+I no ámbito marítimo-pesqueiro de todas as organizacións e institucións investigadoras en Galicia, para aportar axilidade aos obxectivos da I+D+I.

• 8. *Política marítima de Galicia*

- Transformaremos o noso asentamento xeográfico periférico dende a perspectiva terrestre, nunha vantaxe comparativa como centro do tráfico marítimo no Atlántico. Realizarase a II versión do Libro Branco da Política Marítima de Galicia e participaremos en toda a Política Marítima da UE situando a nosa comunidade no centro do tráfico europeo.
- Levarase a cabo a reforma da estrutura da Consellería de Pesca para aglutinar todas as competencias do ámbito marítimo, seguindo as pautas da UE.
- Traballaremos cos servizos da Comisión Europea de maneira que os intereses de Galicia en infraestructuras portuarias, de comunicación terrestres, de **loxística naval**, etc., sexan prioritarios na Política Marítima Europea.
- Catalizaremos o investimento privado en todos os aspectos do transporte marítimo para facilitar as iniciativas de desenvolvemento do cabotaxe, do **transporte marítimo**, dos centros de reparacións de buques, etc.
- Comprometémonos a traballar para desenvolver toda a **potencialidade cultural do mar en Galicia**, a través do establecemento de rotas culturais marítimas, actividades culturais en poboacións costeiras, escolas de verán de ciencias e artes do mar, turismo alternativo na costa, a pesca deportiva e a recuperación cultural e medioambiental das poboacións costeiras e dos pequenos portos pesqueiros.

II.3 Os novos espazos para a creación de emprego e riqueza na Galicia vertebrada

II.3.1 Un comercio competitivo e dinámico

Balance

- A importancia que o **sector comercial** ten no despregue económico e social das nosas vilas, explica e xustifica as inversións que dende 1990 e por importe de **52.803.747,15 €** se efectuaron nos concellos galegos para equipamentos comerciais, humanizacións de rúas e accesos peonís. A participación na súa realización foi de **31.303.200,77 €**, repartidos entre as catro provincias galegas.
- A **evolución da distribución comercial** foi positiva durante os catro últimos anos. Se comparamos o ano 2002, primeiro no que se subministran datos desglosados por CCAA co 2004, Galicia presenta un **crecemento acumulado do 17,8%** fronte ao 16,5% do Estado Español. Do mesmo xeito, se consideramos o número de ocupados segundo datos da Seguridade Social, o crecemento é constante dende o 2001 ata o 2004 chegando ao maior nivel de emprego acadado no sector con **106.730** persoas.
- Impulsamos a creación dunha rede de infraestructuras de calidade para o **desenvolvemento do sector feiral**. Multiplicamos por **10** a superficie de recintos feriais, ata chegar aos **129.026 m²**, cun investimento de máis de **106 M €**.
- **Galicia Calidade** naceu en 1991 como slogan publicitario dunha campaña institucional dos produtos galegos. A boa acollida e o interese do sector productivo, levaron a impulsar unha Marca de Garantía, que transmitise prestixio e que fose aval suficiente para axudar a superar as barreiras da exportación

xerando confianza no consumidor. Galicia converteuse deste xeito na primeira comunidade autónoma que conta cunha **Marca de Garantía**. Son **34** as empresas con produtos amparados.

- Galicia consolídase como a **sexta comunidade exportadora e importadora** de España, cunhas taxas de crecemento moi superiores á media española. Entre 1991 e 2004 as exportacións medraron un **565%** e as importacións un **351%**.
- As **actividades artesanais** forman parte do tecido productivo básico sobre o que se constituíu a sociedade moderna e na nosa terra, significan o fío conductor de toda unha cultura, ocupando un lugar destacado, tanto económica coma culturalmente. Así, o número de artesáns que acadaron a “carta de recoñecemento” pasou de 45 a 2.860 nos últimos dez anos.

As Nosas Propostas

- Nos vindeiros anos executaremos o **Plan de Mellora da Competitividade do Comercio Galego**, compatibilizando a necesaria adaptación do tecido comercial á realidade socioeconómica coa consolidación do modelo comercial característico de Galicia. Queremos que convivan todos os formatos comerciais dando satisfacción ás esixencias dun consumidor cada vez máis cualificado.
- Darase un novo pulo ao **comercio rural** adaptado ás directrices da política territorial. O PPdeG considera prioritario o mantemento dun nivel axeitado da actividade comercial no entorno rural, polo que se propiciará a renovación destes establecementos e a promoción dos multiservizos, así coma a adecuación das áreas adicadas á venda ambulante.
- Fomentaremos a **formación, información e innovación comercial** por medio da informatización dos comercios e a implantación da **norma de calidade PNE 175001-1**, para mellorar a eficiencia, a rendibilidade empresarial e a cualificación do sector.
- Impulsaremos iniciativas de **novas fórmulas comerciais** coma **Centros Comerciais Abertos** (concebidos non só para potenciar o negocio dos propios comerciantes senón tamén o ocio dos clientes), e **Eixes Comerciais**, (concentracións ou espazos de interese comercial, que prestarán un axeitado servizo pola diversificación da oferta e satisfacción das necesidades da poboación).
- Incentivarase o **asociacionismo** e a mellora das **canles de comercialización**, apoiando plans de creación de novas centrais de compras e servizos e de optimización das xa existentes, así como o fomento das marcas de canle e de calidade.
- Potenciaremos ca mesma intensidade tanto a mellora dos **mercados municipais** como os **mercadillos** como a mellora dos espazos de grande atracción comercial.

- Garantiremos o preciso **equilibrio** entre as **grandes superficies** e o **pequeno comercio**, mantendo as actuais posicións que nos sitúan coma a segunda comunidade autónoma que presenta a porcentaxe máis baixa na dotación de hipermercados por cada 100.000 habitantes e a terceira se medimos a superficie de venta.
- Autorizaremos a **apertura dos establecementos comerciais en domingos e festivos** como máximo en oito datas, é dicir, o número mínimo establecido na normativa estatal de horarios comerciais en vigor.
- Iniciaremos os trámites parlamentarios para aprobar unha **Lei do Comercio Interior** que configure o marco legal dirixido a ordenar e equilibrar o comercio na nosa comunidade autónoma, reflectindo a suma importancia deste como fonte xeradora de emprego, así como para o desenvolvemento socioeconómico.

II.3.2 Turismo. Unha terra para todos

A terra, a paisaxe, a cultura, a historia, o medio ambiente, as nosas xentes, a apertura, a hospitalidade, a súa gastronomía, o seu arte, a súa espiritualidade, a súa profesionalidade... toda Galicia é unha terra con vocación para ser gozada por todos. O seu reto é que os galegos saibamos valorar, promover e aproveitar seus dons como o noso gran **capital colectivo**.

A fría estatística dos visitantes dinos que **nos últimos seis anos duplicouse o número dos que nos visitan**. Esta terra converteuse na sexta Comunidade Autónoma dun país que xa é unha potencia turística internacional. O reto evidente estriba en consolidar os niveis acadados, en soste-lo prestixio adquirido, e reforzar a calidade dentro dunhas afluencias que supoñen uns niveis cuantitativos propios dunha afluencia de masas.

Ao mesmo tempo debemos seguir avanzando na ampliación e diversificación do turismo galego, na extensión interna do goce da súa terra para os propios galegos. Galicia ten tantos atractivos e posibilidades de ocio creativo, de aproveitamento vital e recreativo, de enriquecemento cultural, de descubrimento do que fan os demais e dos nosos antepasados, que sería imperdoable non promover a nosa maior riqueza entre as nosas propias xentes.

O Partido Popular concibe Galicia como unha **unidade turística**, na que os poderes públicos deben promocionar a Comunidade como un conxunto.

Cuestións como a estética das cidades e vilas, o medio ambiente, o urbanismo pesan sobre a decisión de viaxar a un lugar determinado e a presión que os fluxos turísticos exercen sobre o territorio debe servir para enriquecelo. Ao mesmo tempo, traballaremos para que os territorios que soportan turismo estean preparado para acoller aos turistas en todos os ámbitos, non só nos estrictamente relacionados coa prestación de servizos turísticos.

O Impacto das novas vías de comunicación: Un elemento decisivo no desenvolvemento experimentado polo turismo galego foi a creación de infraestruturas de comunicación, que nos últimos doce anos invertiron o déficit histórico de Galicia, multiplicándose por cinco os quilómetros de autovías e autopistas e mellorando, modernizando e vertebrando as vías interiores. Dous grandes proxectos que terán un novo impacto sobre o sector turístico galego nun futuro inmediato serán o “Tren de Alta Velocidade (AVE) e a realización da Autopista do Cantábrico. Non só nos “aproximarán”, en tempo e comodidade, ao resto da península, senón tamén aos principais mercados europeos, como Francia, Alemaña, Países Baixos, Italia e Gran Bretaña.

Balance

- Galicia converteuse nos últimos anos na **sexta Comunidade Autónoma máis turística** do panorama nacional, unha posición que mesmo se supera, nalgúns produtos turísticos.
- O éxito acadado coa organización e celebración dos “Xacobeo 93”, “Xacobeo 99” e “Xacobeo 2004” tivo unha repercusión fundamental na creación de infraestruturas turísticas e na afluencia turística a Galicia.
- O sector turístico galego representa xa o **10% do Produto Interior Bruto** da Comunidade, e dá emprego ao 12% da poboación activa.
- A partir de 1998 rexistrouse un salto cuantitativo sen precedentes na **afluencia turística** a Galicia, pasándose de pouco máis de tres millóns de visitantes a case 6,5 millóns no Xacobeo 2004 (máis do dobre), sen baixar nunca, no período 1998-2004, dos 4,3 millóns.
- O Turismo sempre foi un obxectivo prioritario para nós, abordando iniciativas tan importantes para o sector como foron a creación de **Turgalicia** e da **Escola Superior de Hostalería de Galicia**.

- Creamos e consolidamos **novos produtos** como o Turismo Termal e o Turismo Rural e o Turismo Náutico, e potenciamos de xeito extraordinario o Turismo Cultural.
- Renovouse a **planta hoteleira** galega, pasando de 250 establecementos e 20.633 prazas no ano 1990 a 630 establecementos, con 42.900 prazas, no ano 2004.
- A totalidade da **oferta turística** galega -hoteis, cámpings, hostais, fondas, pensións, turismo rural, etc- multiplicouse por dous nos últimos 15 anos, pasando de 64.383 prazas no ano 1990 a 112.581 no ano 2004.

As Nosas Propostas

- **1.- Abrir novos mercados e desestacionalizar**
- Consolidaremos a Galicia como a **sexta Comunidade máis turística** de España, así como os lugares de privilexio que temos no eido do Turismo Termal, o Turismo Cultural e o Turismo Rural.
- Asentaremos os procesos de modernización que están a experimentar as infraestruturas turísticas galegas, e desenvolveremos campañas de promoción a nivel nacional e internacional, co obxectivo de afrontar nas mellores condicións a celebración, no ano **2010, dun novo Ano Santo Xacobeo**.
- A máxima de “**innovar-consolidar-innovar**” será o fío conductor da política turística, para crear novos produtos, mellorar e incrementar a calidade dos xa existentes e asentarmos a desestacionalización.
- **Capital humano-formación.** O factor humano é clave no desenvolvemento turístico, razón pola que o Partido Popular lle dará un novo pulo ao sector mediante o impulso dun Pacto polo Emprego Turístico, no que participarán:
 - A Xunta de Galicia
 - Os concellos turísticos
 - As asociacións do sector
 - As universidades galegas

• **2.- Modernización da infraestrutura turística**

- Incrementaremos a **mellora de hoteis** cara a introducción de adecuacións que doten a todos os establecementos do nivel de servizo axeitado ás novas demandas. Así mesmo, impulsaremos a mellora dos servizos de **restauración**, partindo da consideración do recurso gastronómico como compoñente fundamental no turismo galego.
- Adoptaremos novas medidas para mellorar a oferta de **Turismo Rural**, remodelando a súa oferta e dirixindo especialmente a atención cara a rehabilitación de núcleos abandonados a través do programa “Aldeas rurais”.
- Manteremos o esforzo para consolidar e mellorar a oferta de **Turismo Termal**, xa que é un dos produtos estrela da oferta galega que aínda pode ampliar o seu mercado cunhas instalacións modernas e cómodas. Poremos en marcha as medidas necesarias para mellorar o segmento de **cámpings**, integrado por 115 instalacións, con 35.000 prazas, para facer deles unha oferta competitiva.

• **3.- Creación de novos produtos**

- Impulsaremos a creación de infraestrutura vinculada a novos produtos turísticos, como os “**Hoteis de Mar**”, que permitirá a rehabilitación e posta en valor de construcións e edificios situados en localidades mariñeiras para o seu uso turístico.
- Prestaremos unha especial atención ao **Turismo de Golf**, desenvolvendo un Plan Director, que permitirá a expansión e consolidación deste produto turístico en Galicia, que hoxe en día dispón de 17 campos.

- Desenvolveremos un plan de promoción e potenciación do **Turismo Náutico**, aproveitando a rede de portos deportivos e os 5.000 amarres que ofertan na actualidade, co obxectivo de converter a Galicia nunha estación náutica referencial.
- Aproveitaremos os numerosos espazos naturais que conta Galicia, con alto valor medioambiental, para potenciar o “**Turismo de Natureza**”, pois son un escenario idóneo para implantar produtos específicos vinculados e complementarios do Turismo Rural.
- O **Turismo de Congresos** será outro dos ámbitos turísticos nos que reforzaremos os apoios e as campañas de promoción, co fin de aproveitar os grandes auditorios e recintos creados durante os últimos anos nas catro provincias galegas.

- **4.- A Cidade da Cultura, emblema de Galicia**

- A realización da Cidade da Cultura dotará a Galicia, á volta de catro anos, dun **novo emblema da nosa Comunidade e nun reclamo turístico** tanto no resto de España como en Europa e a escala internacional. Este proxecto, que constituirá un fito de alcance nacional e internacional, no que se darán cita a Cultura, o Coñecemento, as Novas Tecnoloxías e o Ocio, permitirá atraer a millóns de persoas de todo o mundo e que se expandirán por toda Galicia

- **5.- Galicia, turísticamente accesible**

- A accesibilidade ao turismo será outro dos retos que desenvolveremos na vindeira lexislatura. Facilitar a accesibilidade ás persoas con algún tipo de diminución física mediante a adaptabilidade dos espazos.

- **6.- Novas canles de comercialización e distribución**

- Conscientes de que a oferta turística galega debe atopar os canles de comercialización e distribución axeitados, impulsaremos novas medidas para acadar paulatinamente maior cota de mercado entre os operadores turísticos. Afondaremos na **colaboración e axuda ás axencias de viaxe** que programen e elaboren a comercialización de produtos da oferta turística galega.

- **7.- Promoción da marca turística “Galicia”**

- Consolidaremos a presenza da marca turística “Galicia” no resto de España, onde hoxe en día xa está fortemente posicionada e reforzaremos as medidas para potenciar a súa presenza no mercado internacional, no que se está a adentrar con forza e progresivamente.
- Colaboraremos e traballaremos conxuntamente co sector profesional.
- Deseñaremos programas de cooperación cos entes promocionais de turismo de Galicia, como os Consorcios, padroados, mancomunidades, etc.
- Abordaremos novos programas de colaboración con outras Comunidades autónomas coas que xa vimos desenvolvendo marcas conxuntas, como son a “España Verde” ou o “Camiño de Santiago”.
- Crearemos o Centro de Análises Turísticas de Galicia, que nos facilitará aos parámetros máis axeitados a seguir no eido da promoción e a comercialización.

II.3.3 O patrimonio natural, a nosa maior riqueza

Balance

AUGAS

- Máis de 800 millóns de euros investidos dende 1990.
- Dende 1990 construíronse 165 estacións depuradoras de augas residuais, pasándose dun 17,5 % da poboación residente en núcleos de máis de 2.000 habitantes con saneamento, a case o 96 %.
- 317 obras de abastecemento de augas e 124 máis que incluíron saneamento (210 millóns de euros dende 1996).

MONTES E INDUSTRIA FORESTAL

- Entre 1987 e 1997 medrou a masa forestal de 90 a 135 millóns de metros cúbicos; e incrementouse o monte arborado nun 34 %.
- Destaca o incremento experimentado polas frondosas autóctonas, que aumentaron un 55% a súa superficie, chegando a preto de 376.000 hectáreas.
- A superficie media queimada por incendio entre 1990 e 2004 descendeu un 85% con relación aos anos 80, e un 75% con relación a o período 1987-89.
- Repoboáronse 175.000 hectáreas entre 1990 e 2004 e creáronse ou melloráronse 16.000 km. de pistas de acceso aos montes.

RESIDUOS URBANOS

- Creouse SOGAMA, que trata o 80% dos residuos sólidos urbanos producidos en Galicia.
- 21 ecoplantas en funcionamento.
- Creouse unha estrutura de instalacións adicadas aos residuos urbanos especiais (51 puntos limpos, creación de SOGARISA, recollidas selectivas, etc.).
- Foron clausurados 157 vertedoiros (89% do total) e 1.100 puntos de vertido incontrolado.

REDE GALEGA DE ESPAZOS PROTEXIDOS

- Pasouse de 1.200 hectáreas de espazos protexidos en 1990 a 388.000 no 2005 (o 12,4 % da superficie total de Galicia).
- Temos un Parque Nacional, 6 parques naturais, 5 monumentos naturais e 5 humidais protexidos.

As Nosas Propostas

Unha das principais innovacións do pensamento político e económico da modernidade foi a de entender o patrimonio natural como un elemento fundamental do capital económico e social dos pobos. O concepto de desenvolvemento sostible permite comprender a nosa riqueza natural non só como beleza paisaxística senón como unha aposta polo crecemento equilibrado, pola biodiversidade e polo aproveitamento responsable dos recursos.

Por estas razóns, o Partido Popular fai da política medioambiental un dos eixes vertebradores da súa acción de Goberno, convertendo a variable ambiental nunha política transversal informadora de todas as actuacións sectoriais. A nosa aposta pola sostibilidade baséase na convicción de que Galicia ten o seu futuro fortemente vencellado ao seu patrimonio natural que é, ao mesmo tempo, a súa maior fonte de riqueza e o cerne do benestar e da calidade de vida. É ademais, o noso compromiso coas xeracións vindeiras.

Así, a toma de decisións sectoriais do Goberno do Partido Popular e o noso compromiso co uso sostible dos recursos e coa minimización dos impactos medioambientais configúrase como factor determinante na execución de todas as políticas autonómicas. Esta horizontalidade terá en conta a transposición en Galicia da Directiva Europea de Avaliación Ambiental estratéxica e dará continuidade ao acordo sobre “Integración da variable ambiental nas políticas sectoriais”, adoptada pola Xunta en outubro de 2003.

Unha adecuada xestión dos recursos para mellorar o noso patrimonio natural

A **Rede Galega de Espazos Protexidos** será a base do noso modelo de protección do patrimonio natural, e xestionarémola a través de **plans integrais** para cada espazo concreto, conxugando a ordenación e protección dos recursos coas actividades económicas, turísticas e recreativas.

Desenvolveremos plans sectoriais para as zonas prioritarias a través de:

- A declaración de **novos espazos protexidos** (parques naturais, monumentos naturais e paisaxes protexidas) que significará o incremento da **protección ata un 15% do territorio galego**.
- A aprobación dos **Plans de Xestión de todos os Espazos Naturais Protexidos** da Rede Galega.
- A **ordenación do uso público** en todo o territorio da Comunidade Autónoma, de acordo coa demanda de ocio en contacto coa natureza que é cada día maior na nosa sociedade.
- A sinatura de **convenios cos concellos** para a creación de novas zonas de espallamento
- A **creación de zonas de acollida** nos parques naturais e preferiblemente fóra deles e nas poboacións do contorno que soporten máis do 80% das visitas.
- Fixámonos como obxectivo o **mantemento da taxa de biodiversidade**, como temos comprometido na Estratexia Galega de Biodiversidade e de acordo coa Estratexia europea nesta materia.
- Desenvolveremos o **catálogo galego de especies ameazadas** e os seus respectivos plans de conservación.
- Elaboraremos un **Plan Galego de Ordenación dos Recursos Piscícolas e dos Ecosistemas Acuáticos Continentais** con sete programas sectoriais: mellora de accesibilidade, áreas de especial interese, fomento do salmón atlántico, sostibilidade pesqueira, ordenación de cuncas fluviais, programas de divulgación e de inventariación e estudo e control das poboacións piscícolas.
- Continuaremos coa política de **reintroducción das especies autóctonas** como base da nosa política no ámbito da caza, e elaboraranse censos actualizados que sirvan de referencia para a localización e ordenación das mesmas.

- Impulsaremos decididamente a **formación** en materia de **xestión cinexética** e de **seguridade na caza**.

O noso compromiso co desenvolvemento sostible

A política medioambiental debe orientarse segundo a premisa de que a defensa do medio ambiente no é soamente un deber para ter unha boa calidade de vida actual, senón un deber ético cara ás novas xeracións e constitúe tamén un valor económico en si mesma. A competitividade da economía, a cohesión social dos cidadáns, a sostibilidade ambiental do territorio e a preservación dos sinais de identidade cultural de Galicia son elementos coordinados e constitúen, no seu conxunto, os puntos cardinais da política de desenvolvemento, entendida como política de desenvolvemento sostible e responsable. Noutras palabras, no PPdeG cremos que o futuro é daquelas sociedades capaces de alcanzar un equilibrio intelixente, un desenvolvemento sostible como enfoque integrador da acción política.

Por iso, a **sostibilidade** do noso crecemento é o principal **compromiso coa Galicia do futuro**. Garantirémola a través de tres eixes estratéxicos que serán un referente común para o conxunto da sociedade,

- *A Estratexia Galega fronte ao Cambio Climático*, co obxectivo do cumprimento do Protocolo de Kioto, adaptando os programas e protocolos á realidade dos problemas que afectan á nosa Comunidade Autónoma, a través de medidas transversais ao conxunto do Goberno como responsable da implantación das distintas políticas sectoriais con incidencia no cambio climático.
- *A Estratexia Galega de Desenvolvemento Sostible*, que será o marco público é transparente da aplicación práctica deste concepto á realidade galega, cunha visión integradora da realidade actual e con obxectivos estables e a longo prazo, capaces de crear as expectativas e condicións necesarias para o investimento empresarial e acadando o maior nivel de consenso posible, para o que crearemos o **Observatorio do Desenvolvemento Sostible** que será tamén o instrumento para o seu seguemento.

- *A Estratexia Galega de Educación Ambiental*, que non se limita ao ámbito escolar, senón que extenderá a formación para a sostibilidade ás asociacións veciñais, ecoloxistas e naturalistas, e os centros de educación ambiental de titularidade municipal ou privada, entre outros
- Desenvolverémolas especialmente a través da cooperación cos concellos, cos centros educativos e coas empresas, porque só a través dunha **acción coordinada e participativa** será posible un desenvolvemento harmónico e equilibrado. Neste senso o apoio aos concellos para a implantación da Axenda 21 extenderase ata o 90% da poboación galega na vindeira lexislatura.
- Apostaremos pola **investigación aplicada** ás estratexias de sostibilidade, especialmente as relacionadas co medio forestal, concentrando o **esforzo investigador en catro ámbitos** principais:
 - Estudo da composición, estrutura e funcionamento dos **ecosistemas forestais galegos**.
 - Deseño de novas técnicas de **defensa, conservación, xestión e mellora das comunidades forestais**.
 - Análise dos efectos do **cambio climático** sobre o medio natural galego.
 - **Transferencia de tecnoloxía** dos resultados da investigación a colectivos específicos directamente afectados.
- Desenvolveremos a función de **MeteoGalicia** de cara á elaboración de prediccións, impulsando a evolución do actual sistema de **predicción meteorolóxica** o que permitirá a prestación de servizos de especial interese para os seus cidadáns tendo en conta a situación de Galicia, que a fai receptora de importantes perturbacións meteorolóxicas.

A calidade e a avaliación ambiental

- Desenvolveremos o **programa de redución gradual da contaminación**, dirixido ás empresas do tecido empresarial galego.
- Desenvolveremos o **programa de mellora medioambiental continuada**, a través da participación voluntaria e social do conxunto da sociedade galega na preservación, recuperación e mellora continua do medioambiente.
- **Impulsaremos un novo Plan de xestión integral dos residuos sólidos urbanos, a través da coordinación dos distintos modelos de xestión existentes en Galicia na actualidade, desenvolvendo os mecanismos adecuados para acadar a xestión sostible dos residuos urbanos por parte dos concellos de Galicia co obxectivo do vertido cero dentro da Comunidade Autónoma. Este novo impulso na nosa estratexia de xestión integral dos residuos sólidos urbanos, que é pioneiro en España e en Europa e ten como corazón a Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama), incluirá a ampliación desta última.**
- Desenvolverase un **Plan de xestión de residuos industriais**, que terá como principais actuacións as relativas aos residuos da construción e demolición e aos solos contaminados.
- Porase en marcha un **Programa de xestión integrada dos residuos procedentes das actividades agrarias e gandeiras**, que contemplará axudas ao sector para a incorporación de novos modelos de xestión de residuos co menor custo posible e as maiores facilidades na súa consecución.
- Crearemos un **sistema de seguemento dos datos de emisións das principais empresas da Comunidade**, de xeito que poidan establecerse obxectivos de emisións e plans de mellora individuais, de acordo coa Directiva IPPC e a Decisión 2000/479/CE, do 17 de xullo de 2000.

- Aplicaremos un **novo sistema de inspección ambiental**, dándolle paso á iniciativa privada baixo control da administración e implantando plans de actuacións consensuados coas industrias de xeito que mellore a conducta medioambiental e se facilite a adaptación ás novas normativas.
- Desenvolverase unha estratexia galega de produción limpa que atenda ás peculiaridades dos nosos sectores productivos e permita trasladar as melloras da tecnoloxía que teña repercusión no comportamento ambiental das empresas.
- Potenciaremos proxectos de I+D dentro do campo da tecnoloxía ambiental que permitan minimizar os efectos ambientais das actividades e mellorar os sistemas de tratamento actuais dos contaminantes.
- **Artellaremos un réxime administrativo máis sinxelo e áxil, suprimindo aqueles requisitos que a práctica veu a demostrar que non supoñen unha meirande protección medioambiental.**

Augas

- Desenvolverase o plan de **Saneamento e Depuración de Augas Residuais**, co obxecto de mellorar e recuperar a calidade das augas e cumprir coas directivas comunitarias, de acordo coa **Directiva 91/271/CEE** e con especial atención ao Plan de tratamento de augas residuais nas rías.
- Abordaremos un plan de **Abastecemento e Regulación de Recursos Hídricos**, coa finalidade de conseguir unha optimización, incremento e aforro dos recursos, cun investimento superior os 120 millóns de euros na vindeira lexislatura. Este Plan asegurará o abastecemento dos núcleos de poboación, en cantidade e calidade suficientes, e velará polo uso eficiente e sostible, introducindo medidas de aforro no consumo da auga.

- Desenvolverase o plan de **Defensa de Inundacións, Mellora das Marxes e Recuperación de Contornos Degradados**, dirixidas ao restablecemento das condicións naturais dos ríos e zonas costeiras, integrándoas no seu contorno e protexendo a poboación das posibles crecidas, cun investimento de máis de 40 millóns de euros nos próximos catro anos.
- Desenvolverase o Plan extraordinario contra a seca, cun investimento de 12 millóns de euros nos próximos catro anos.

Forestal

- Seguiremos traballando na posta en marcha e **conservación de montes periurbanos**, os situados nas arredores das cidades galegas, que son cada vez máis frecuentados polos cidadáns e necesitan dunha xestión regulada e ordenada, que permitan o seu uso recreativo pero tamén a súa conservación. Esta rede de montes periurbanos terá un plan de actuación coas medidas básicas de xestión como a adecuación de áreas de alta capacidade de acollida, o acondicionamento de sendas e camiños de paso, de xeito que **todas as áreas metropolitanas, as grandes cidades e os grandes núcleos urbanos dispoñan de montes periurbanos de alta capacidade de acollida, cunha ratio de 25 m² por habitante ata un total de 7.000 Has. en toda Galicia.**
- En canto á prevención dos incendios forestais, ademais da consolidación e reforzo das actuacións que, co Goberno do PPdeG, fan de Galicia un referente nesta materia, desenvolverase o proxecto **VIXÍA “Sistema Automático de Vixilancia de Incendios Forestais”** co obxectivo de abordar un sistema de vixilancia automática de detección de incendios.

II. 4 Medrando en calidade de vida

II. 4.1 A Galicia da Igualdade

Balance

O 15 de xuño de 2004 pasará á Historia por ser a data na que o Parlamento de Galicia aprobaba a primeira Lei galega para a Igualdade de Homes e Mulleres. Esta Lei é a mostra máis palpable do compromiso do goberno do Partido Popular coa igualdade e a non discriminación da muller en calquera ámbito.

En 1994 creouse o Servizo Galego de Igualdade e, dende entón, este organismo autónomo estivo encargado do deseño, desenvolvemento e avaliación de tres plans de igualdade, estando vixente na actualidade o IV Plan de Igualdade de Oportunidades.

Neste Plan quíxose dar unha especial relevancia á información e ao asesoramento en calquera ámbito de especial relevancia para as mulleres, especialmente o acceso ao emprego e a violencia exercida contra elas. Deste xeito, creouse unha rede composta na actualidade por 58 Centros de Información que conta na actualidade, que se pretende extender ata cubrir a totalidade das comarcas de Galicia.

No ámbito da loita contra a violencia de xénero, cómpre destacar a posta en marcha do I Plan de Acción contra a Violencia de Xénero que inclúe medidas nas áreas de prevención, intervención e integración.

Para iso cóntase con medios como o Centro 24 horas de atención ás mulleres, o Teléfono da Muller, grauíto e permanente, nove Casas de Acollida con 144 prazas, 3 pisos tutelados con 31 prazas, programas

de atención psicolóxica gratuíta a mulleres vítimas de violencia doméstica, programa psicolóxico para homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, Gabinetes de Orientación Familiar a nivel provincial, servizos de atención xurídica e psicolóxica gratuíta para mulleres separadas e divorciadas e 10 Servizos Policiais de Atención Especializada a Mulleres.

As Nosas Propostas

• 1. *Formación e emprego*

As mulleres atopan en xeral máis dificultades que os homes para obter e manter o emprego. Por esta razón, o PPdeG vén mantendo liñas de actuación que teñen como obxectivo a converxencia do emprego feminino e masculino, en termos cuantitativos e cualitativos. Nesta liña, na vindeira lexislatura, desenvolveremos as seguintes novas liñas de apoio ao emprego feminino:

- *Axudas á contratación de traballadoras que se reincorporen ao mercado de traballo tras períodos de ausencia por motivos familiares.*
- *Fomento da creación de garderías de empresas en polígonos industriais, subvencionado a contratación do seu persoal. (2005).*
- *Crear un rexistro de boas prácticas empresariais* daquelas que promovan medidas positivas de igualdade e de conciliación da vida laboral e familiar.
- *Dende o Partido Popular en Galicia favoreceremos a participación da muller nas explotacións agrarias, permitindo que as mulleres sexan cotitulares das explotacións nas que traballan, ofrecendo unha axuda por xeración de emprego autónomo para estas mulleres.*

Medidas que se engadirán ás que xa se viñan desenvolvendo no ámbito do emprego e a formación para o emprego das mulleres, e que se complementan coa aplicación do principio de *discriminación positiva na aplicación das políticas activas de emprego*, de tal xeito que se poida asegurar que as mulleres participan nelas cun carácter preferente, convertendo estas políticas nunha acción de Goberno de carácter transversal.

• 2. *Educación na igualdade*

- A Lei galega para a Igualdade de mulleres e homes recolle o espírito que pretende impregnar a acción do goberno a este respecto. **Pretendemos que impere o principio de transversalidade en toda a acción do goberno.** Preténdese, así mesmo, seguir mellorando na integración laboral da muller, eliminando barreiras e definindo actuacións concretas contra o acoso sexual e o acoso moral no traballo. Preténdese facer un labor de difusión dunha imaxe da muller allea aos estereotipos e, por último, preténdese seguir desenvolvendo medidas que contribúan a erradicar a violencia contra as mulleres.
- A imaxe da muller que transmiten os medios de comunicación aínda resulta, en ocasións, cargada de estereotipos. O PPdeG pretende ir desterrando esta visión que ás veces se ofrece da muller e, para iso, **elaboraremos fórmulas para poder concienciar aos medios de comunicación sobre a responsabilidade que teñen na promoción de imaxes non estereotipadas e na eliminación de modelos de conducta potencialmente xeradores de violencia.**
- Un exemplo é o Directorio de Mulleres Expertas, co que se pretende incrementar a presenza da muller e da súa opinión nos medios de comunicación. Este directorio permitirá que os medios poidan recoller as impresións de mulleres sobre calquera tema que se trate, sempre dende unha perspectiva de coñecedoras da materia.
- O equilibrio que buscamos entre homes e mulleres debe darse tanto na esfera pública como na privada. **Propugnamos, por tanto, unha maior sensibilización da sociedade cara o reparto de tarefas no fogar e o coidado dos fillos ou as persoas dependentes,** superando vellos mitos e acadando, deste xeito, unhas maiores posibilidades de conciliar traballo e familia tanto para as mulleres como para os homes. Neste senso, será necesario potenciar as actuacións do Seminario de Educación para a igualdade, para acadar unha maior implicación das nais e os pais nunha educación baseada no principio da igualdade.

- **3. Acción decidida contra a violencia de xénero**
- **A violencia de xénero será combatida polo goberno do PPdeG con enerxía e convicción, amosando unha actitude de total rexeitamento, baixo o lema da “tolerancia cero”.**
- **Actuaremos, inicialmente, na área de prevención, cunha axeitada política educativa e de sensibilización da sociedade na que queden desterrados comportamentos que suxiran calquera tipo de superioridade do home fronte á muller**
- **Seguiremos desenvolvendo as actuacións derivadas da modificación legislativa de agosto de 2003 que deu lugar ás Ordes de Protección, potenciando o labor do Punto de Coordinación establecido no Centro de Información e Asesoramento de A Coruña.**
- **Así mesmo, consideramos esencial que as mulleres conten con información axeitada sobre todas as opcións e axudas das que dispoñen, tanto no referido a casos de violencia como no referido a temas de calquera outra índole (emprego, formación, vivenda, etc), para iso, completaremos o mapa comarcal establecendo Centros de Información á Muller en todas as comarcas galegas.**
- **Reforzaremos os programas de atención psicolóxica e asistencia xurídica gratuíta.**
- **Continuaremos desenvolvendo proxectos de aproveitamento das novas tecnoloxías para garantir o cumprimento das ordes de protección, mediante dispositivos de alarma, localización e seguemento.**
- **Todas estas medidas de protección efectiva deberán complementarse coas necesarias medidas de orden social que se deben tomar para protexer ás vítimas, que lles permitan seguir desenvolvendo a súa vida e a da súa descendencia con normalidade. Debe prestarse un apoio importante para garantir a integración laboral das vítimas de violencia doméstica así como establecer mecanismos que faciliten o seu acceso ao emprego e a unha vivenda segura.**

- Outras formas de violencia contra as mulleres, como é o caso do acoso sexual ou o acoso laboral no traballo precisan tamén dunha acción decidida das Administracións para tratar de erradicalas. A Xunta xa emprendeu os primeiros pasos incluíndo referencias expresas a estes dous fenómenos na Lei de Igualdade, cómpre agora manter unha actitude de permanente vixilancia e denuncia ante tan lamentables comportamentos dos que, maioritariamente, as mulleres son vítimas.
- **Seguiremos desenvolvendo políticas que contribúan a que a muller poida desempeñar o papel que lle corresponde como protagonista activa na sociedade en todos os niveis.** É dicir, afianzado xa o principio de igualdade de oportunidades, a sociedade galega deberá utilizar todo o seu potencial de desenvolvemento propiciando unha participación da muller que sexa efectiva e en igualdade de condicións, no ámbito familiar, no educativo, no laboral, empresarial, cultural e, por suposto, no plano político.
- O PPdeG seguirá promovendo actuacións conducentes a esa igualdade efectiva en todos os ámbitos, **sen facer unha política de cara a galería, senón crendo firmemente na capacidade da muller para construír o seu propio destino nunha sociedade na que non atope ningunha porta pechada.**

II.4.2 *As familias eixe do noso proxecto de sociedade*

Balance

- O Goberno do PPdeG demostrou nos últimos anos a súa vontade política de apoiar a todas as familias galegas con fillos, vontade que se manifesta, entre outras medidas, no esforzo fiscal que vén realizando no marco do 15% do IRPF sobre o que ten capacidade normativa.
- Así, existen importantes deducións por nacemento ou adopción, por familia numerosa, por atención de persoas maiores dependentes, e mesmo desgravacións fiscais para as familias que contraten servizos de atención domiciliaria de nenos menores de tres anos.
- Naqueles casos nos que a unidade familiar non está obrigada a presentar a declaración do IRPF, ofrécese unha axuda directa por nacemento ou adopción de 300 euros. Esta medida posta en marcha no ano 2002, acadou a cifra de 30.696 beneficiarios no ano 2004. Para o ano 2005, a axuda pasa a ser de 360 € por neno.
- De igual xeito as familias numerosas contan, dende que se iniciou en 2001 o programa do CARNÉ FAMILIAR, con descontos en 1.782 establecementos comerciais, do que se están a beneficiar actualmente 24.721 usuarios da tarxeta do carné familiar.
- No ano 2000 comezou o programa de axuda ás familias nas que se produce un parto, adopción ou acollemento preadoptivo múltiple, beneficiándose da axuda económica 1.259 familias.
- Continuando co apoio ás familias, e concretamente a aquelas que se atopan en situación de risco ou marxinación social, implantouse no ano 1994 o programa de educación familiar financiando naquel entón a 48 corporacións locais, cuatriplcando o seu número ata chegar ás 200 actuais.

- Ampliouse a Rede galega de centros de atención á infancia, que pasou de 77 no ano 1994 a máis de 300 no ano 2004. Así mesmo, o número de prazas en Centros de Educación Infantil financiados pola Consellería de Familia pasou de 5.348 en 1994 a preto de 15.000 no ano 2004. Un dos avances na ampliación de prazas públicas foi a implantación no ano 2002 do programa do cheque infantil a través do cal e no ano 2004 ofertáronse 2.222 prazas.
- Garántese, a través do **programa de prevención e apoio á familia para a integración do menor**, o dereito de todos os nenos e nenas a permanecerem no seo da familia propia. Dende 1991, investíronse nesta iniciativa 19.423.651,23 de euros, conseguindo pasar de 1102 menores beneficiarios no ano 1991 a 5506 no ano 2004.
- **O Teléfono do menor** atendeu dende a súa posta en marcha (1994) un total de 24.732 chamadas.
- A finais de 2003 iniciouse a reforma do réxime de adopcións para adaptalo á realidade social actual. Comezouse por eliminar certos requisitos que limitaban a idade dos adoptantes, e preténdese afrontar reformas máis en profundidade sobre a base do diálogo cos axentes implicados co fin de optimizar os procesos e ofrecer as mellores garantías nos mesmos, tendo sempre en conta o interese supremo dos menores.

As Nosas Propostas

- **1. Programas de apoio ás familias**
- **As familias seguen a ser as unidades básicas sobre a que se sustenta a sociedade na que vivimos.** Cumpren un importante labor de transmisión de valores ás novas xeracións. Valores sobre os que construír a sociedade do futuro, como a tolerancia, a solidariedade, a protección, a cohesión.
- **Estamos nun momento, no que, no contorno sociocultural no que está inmerso Galicia, o dunha Europa que é unha das zonas de maior desenvolvemento económico e social, xa non se pode falar de familia en singular, xa que se teñen desenvolvido diferentes modelos de convivencia cunha composición diferente á tradicional.**
- **O PPdeG móstrase favorable a desenvolver normativas que permitan ofrecer seguridade xurídica ás unións de feito en todos os aspectos da súa convivencia, dende o seu inicio formal ata a súa extinción.**
- **Todas as familias son, por tanto, dignas de ser protexidas e axudadas naqueles aspectos que máis o precisen tal e como defendeu sempre o PPdeG.**
- **Comprometémonos a afrontar o reto da conciliación da vida familiar e laboral.** Faremos unha importante reflexión acerca de cómo se está a distribuír o tempo de traballo e cómpre non só ofrecer servizos que fagan máis doada esa conciliación, senón que tamén se precisa un exercicio de responsabilidade das empresas.
- **Por iso, apoiaremos as iniciativas que vaian na liña de incrementar os servizos a disposición dos traballadores, e, deste xeito, consideramos prioritario o fomento da implantación de garderías nos centros**

de traballo, establecendo liñas de colaboración coas empresas para que ofrezan ese servizo aos seus empregados, dende axudas á contratación de persoal especializado a axudas para a construción e mantemento dos centros.

- Atenderemos ás necesidades de conciliación da vida familiar e laboral das familias do contorno rural e dos municipios con menor poboación, polo que **potenciaremos a ampliación da rede de Puntos de Atención á Infancia**. Esta estratexia deberá ser complementada cunha serie de reformas tendentes á adecuación dos horarios escolares, laborais e comerciais.
- Queremos que as empresas e os traballadores fagan un maior uso dalgunhas das medidas contempladas na *Lei 39/1999, de 5 de novembro de Conciliación de la vida familiar y laboral de las persoas traballadoras* nesa Lei, como é o caso das **excedencias**, os **permisos por coidado de fillos e familiares**, ou as **reduccións de xornada** e, por iso, **impulsaremos reformas** que vaian nun dobre sentido.
- Por un lado, **ofreceremos axudas complementarias aos traballadores en excedencia por coidado de familiares** que palíen a perda de ingresos.
- Por outro, **debe asegurarse á empresa que non lles vai supoñer un custo a maiores a substitución temporal dese traballador en excedencia**.
- **Seguiremos apostando por incrementar o apoio económico ás familias con fillos**, a través das deducións do IRPF, as axudas directas para familias con fillos menores de tres anos e o carné familiar para as familias numerosas, **tratando de poñer en marcha novas fórmulas imaxinativas que permitan ás familias mellorar a súa calidade de vida**.

- **2. Infancia e menores**

- A infancia como elemento máis vulnerable das familias esixe unha atención especial por parte da Administración. **A nosa política de infancia terá sempre como máxima da súa actuación o interese supremo do menor.**

Prestaremos unha **atención especial aos menores en situación de desamparo**. Consideramos esencial exercer unha actitude de vixilancia permanente.

Fomentaremos **as figuras de acollemento que garantan un modelo de vida desenvolto nun contorno familiar**, ben sexa en familia extensa ou noutras familias acolledoras. Para elo, efectuaremos un importante labor de sensibilización para que sempre existan familias dispostas a prestar este servizo de acollemento nas mellores condicións para os menores.

- Na nosa estratexia de protección á infancia **terán especial relevancia as accións encamiñadas á prevención dos malos tratos e á erradicación dos mesmos**, tanto no entorno familiar como nas novas formas de violencia contra os menores, como pode ser o acoso por parte dos propios compañeiros nos colexios.
- Desenvolveremos, ao igual que ocorre na loita contra a violencia de xénero, **accións educativas e de sensibilización** así como contar coas necesarias redes de protección no caso de ter que asumir a tutela dun menor maltratado.
- **Iniciaremos o debate sobre unha reforma importante dos procesos de adopción, respectando sempre o interese supremo do menor**, pero adaptándoos á realidade actual en aspectos como a idade dos adoptantes ou os procesos de outorgamento da idoneidade.

- **Promoveremos a creación da Axencia Galega da Adopción**, como organismo encargado de xestionar todo o relativo á adopción en Galicia, co fin de ofrecer un servizo que ofrezca as mellores garantías e unha maior axilidade na xestión dos procesos.
- **Estableceremos mecanismos para a reflexión conxunta dos medios, a administración, as familias e calquera outra institución implicada para garantir que os nenos e as nenas reciban unha información que sirva como complemento á súa formación e educación en valores, co fin de protexer os contidos e a información que lles chega aos máis pequenos a través dos medios de comunicación, en especial a través da televisión.**

II.4.3 Unha maior calidade de vida para as persoas maiores

Balance

- As actuacións desenvolvidas durante os últimos 15 anos orientáronse a conseguir as cotas máis altas posibles de benestar e calidade de vida para os maiores, a través de programas que melloran a súa atención global e potencian a súa participación na comunidade. A Estratexia de acción neste eido foi recollida no Plan Galego de Persoas Maiores 2001-2006.
- O importante esforzo orzamentario realizado permitiu ampliar os programas existentes e a creación doutros novos para acadar os seguintes obxectivos: potenciar o papel activo dos maiores no desenvolvemento dunha vida saudable, dinámica e autónoma e as canles adecuadas para a súa participación; ofrecer coidados e asistencia suficiente aos maiores e ás súas familias a través da implantación de novos dispositivos de atención; e ampliar a rede residencial pública de centros para persoas maiores e, en especial, das prazas destinadas ás persoas dependentes, que medraron nun **365 por cento**.
- No ámbito do fomento da autonomía e á ocupación do tempo libre como medio para a prevención da dependencia desenvóléronse programas de turismo social, vacacións para a saúde, de arte ou formación permanente... orientados a combater a situación de soidade e illamento dos maiores galegos coa participación en actividades lúdicas e culturais e previr situacións de dependencia.
- Potenciáronse os programas dirixidos a manter as persoas maiores no seu propio domicilio. Esta liña de acción posibilitou aos maiores seguir vivindo no propio contorno e, no seu caso, coa propia familia grazas a programas como o acollemento familiar, a nova liña de axudas a coidadores habituais de persoas maiores ou os programas de aplicación de novas tecnoloxías como os sensores de movemento no fogar dos maiores que viven sos e os localizadores GPS para as persoas con demencia leve-moderada.

- O Cheque Asistencial permite aos maiores dependentes acceder aos servizos de axuda no fogar, centro de día, residencia ou estancia temporal, prestados por entidades adheridas ao programa e libremente elixidas polo beneficiario, contando para elo cunha cofinanciación da Administración Autonómica. O número de beneficiarios deste programa pasou de 814 no ano 2001 a 3.131 persoas atendidas ao longo de 2004, cun orzamento de 10.796.327 € que supuxo un incremento do 404,15%.

As Nosas Propostas

- ***1. Promoción da integración e a participación activa das persoas maiores***
- O PPdeG sempre prestará unha atención especial aos maiores, potenciando a súa participación activa e integración na comunidade, e fomentando a autoafirmación persoal co fin de que os maiores poidan desenvolverse con plenitude facilitándolles o acceso aos recursos educativos, culturais e participativos.
- Todo elo sen prexuízo de **facilitar o alargamento da vida laboral activa de aqueles que o desexen** e se atopen en condicións de facelo, de cara a aproveitar uns coñecementos e experiencia dos que toda a sociedade sairá beneficiada.
- Desenvolveremos medidas que permitan **aos nosos maiores participar en accións de voluntariado social**, que se impliquen co seu saber e experiencia en proxectos de voluntariado, que contribúan a mellorar a sociedade en xeral, poñendo a disposición de determinadas accións solidarias os seus coñecementos adquiridos ao longo dos anos.
- **Fomentaremos a participación das persoas maiores en proxectos de novas tecnoloxías preparadas para eles**, e dirixidos a **superar esa brecha dixital** que nos pode diferenciar nesta sociedade actual tan imbuída de conceptos informáticos.
- Para impulsar a participación dos maiores na prestación dos servizos sociais, consideramos necesario **fomentar e fortalecer o asociacionismo** das persoas maiores, como forma de participación en integración plena na sociedade e tendo sempre en conta a importancia de establecer mecanismos que faciliten as relacións interxeracionais.

- **2. *Envellecer na casa***

- Os programas destinados á prevención da dependencia continuarán sendo un dos piares das políticas de atención aos nosos maiores. Mediante estes programas tratamos de fomentar valores como o envelleceemento activo e participativo, a través de:

- Actividades formativas
- Actividades de ocio e tempo libre (Programa de Turismo Social, Nadal entre amigos, Arte nas Túas Mans...),
- Apoio ás actividades de diferentes centros e fogares públicos
- Apoio ás actividades das asociacións de persoas maiores

- Creemos en propostas que fomenten estilos de vida saudables mellorando a autonomía física e psicolóxica, introducindo hábitos saudables, entre eles a práctica deportiva.

- **3. *Un sistema de protección social para os maiores en situación de dependencia***

- O PPdeG seguirá apoiando os programas asistenciais, como o de atención no fogar, o de acollemento familiar, facilitando a integración das persoas maiores no seo dunha familia que lle proporcione un ambiente familiar e atenda ás súas necesidades, ou o cheque asistencial, que ten como finalidade unha mellor calidade de vida para as persoas maiores con dependencia física ou psíquica, manténdooas no seu medio habitual. Sen esquecer os programas de respiro familiar como apoio fundamental ás familias.

- **Realizaremos un esforzo especial en mellorar os sistemas de atención a domicilio e estableceremos programas para o aproveitamento das novas tecnoloxías nos servizos de teleasistencia.**
- **Impulsaremos a creación de centros de día de ámbito municipal, concibidos como centros integrais de atención á dependencia, sen ter en conta a idade dos seus usuarios. Queremos que o maior número de concellos galego poida contar con centros destas características.**
- **Potenciaremos unha asistencia integral, rehabilitadora e continuada dos maiores dependentes, primando a atención do maior no seu entorno sobre a atención institucional. Entendemos que, no caso da atención institucionalizada, esta deberá ser axustada ás necesidades do maior, establecendo para elo niveis de atención que abarquen as modalidades de válidos, asistidos e socio-sanitaria.**
- **Apostamos polo incremento de prazas asistenciais, considerando a importancia de colaborar con entidades privadas e outros organismos para unha boa utilización dos recursos dispoñibles.**
- **Impulsaremos, por tanto, a implantación dun mínimo de dez novas residencias que se engadirán ás que xa estaban previstas no Plan para Persoas maiores 2001-2006 nas comarcas galegas con máis necesidades, co fin de completar o mapa de recursos para persoas dependentes.**
- **Implantaremos un novo Plan de Acción que teña en conta as necesidades actuais e futuras para contar cunha dotación de servizos capaz de atender.**
- **Tendo clara a importancia do colectivo de maiores, estaremos sempre dispostos a mellorar o sistema de prestacións e axudas destinadas a mellorar a calidade de vida dos maiores, así como das familias que teñan ao seu cargo familiares maiores dependentes.**

- Crearemos o **Observatorio Galego da Dependencia**, que será un órgano que deberá, entre outras cousas, facer unha constante labor de análise e estudo da realidade da dependencia, de xeito que se poidan ofrecer permanentemente diagnósticos, informes e avaliacións que nos sirvan de guía de actuación.

II.4.4 Un Sistema Sanitario Galego orientado aos cidadáns, aos pacientes e aos profesionais. Loita contra a drogodependencia

Balance

- **O Plan de saúde 2002-2005 está a permitir que se orienten as decisións ás necesidades prioritarias da poboación galega.**
- **Dende o ano 1996 o Programa Galego de Vacinación aumentou o seu orzamento nun 279%, incluíronse novas vacinas e aumentou a súa cobertura, que se achega ao 97% da poboación infantil.**
- **Dende 1996 a incidencia de Tuberculose reduciuse á metade, certificouse a eliminación da poliomielite e son excepcionais os casos de sarampelo.**
- **Os casos de Sida descenderon nun 250%, e non se produciu ningunha transmisión de nai a fillo dende o ano 1997.**
- **O programa de cribado de cancro de mama nas mulleres, iniciado en 1992, ten realizado máis de 700.000 exploracións, detectando 1.720 casos de cancro.**
- **Os laboratorios de saúde pública acreditaron as súas principais técnicas analíticas segundo as normas UNE correspondentes. O laboratorio de Lugo foi o primeiro en conseguilo no ámbito agroalimentario a nivel estatal.**
- **En 1990 non existían programas oficiais de prevención, os centros de tratamento especializado só eran 18, e non existían programas de incorporación social.**

- **O Plan de Galicia sobre Drogas**, en colaboración con concellos e asociacións, desenvolveu unha ampla e diversificada rede de programas de prevención de consumo de drogas, asistencia ao drogodependente e á súa familia, así como de incorporación social. Así mesmo, Galicia conta hoxe cun **programa de prevención escolar da drogodependencia**, que chega a 115.669 alumnos, desenvolvido por 5.896 profesores, en 698 centros escolares.
- Galicia é das primeiras comunidades autónomas en capacidade de satisfacción das demandas de **tratamento por dependencia ás drogas**, tendo unha das redes asistenciais máis amplas e diversificadas que ofrece un tratamento integral aos cerca de 12.000 pacientes que son tratados anualmente, a pesar de ter unhas cifras de consumo de drogas inferiores á media do Estado.
- Dende que Galicia asumiu as **competencias de xestión sanitaria**, o **investimento sanitario por habitante** practicamente **se triplicou**, pasando de 353 euros/habitante a 1.028 euros en 2005.
- Dende o ano 1990, o Servizo Galego de Saúde (SERGAS) experimentou un **incremento espectacular no número de profesionais** que integran os seus dispositivos asistenciais para atender aos cidadáns. En concreto, o SERGAS conta hoxe con 29.637, 10.000 prazas máis que ao inicio do período, o que representa un crecemento do 51%.
- O goberno do PP de Galicia ten **mellorado de maneira constante as súas condicións de traballo**, acadando amplos consensos cos axentes sociais, creando emprego estable e de calidade. Galicia é unha das comunidades autónomas co desenvolvemento máis avanzado no proceso de consolidación de emprego, que beneficia a máis de 4600 profesionais da sanidade galega. Tamén é pioneira na posta en marcha da **carreira profesional**.
- Na actualidade temos unha media dun **médico de familia** por 1.412 usuarios (tarxetas sanitarias), cando os límites de intervalo considerados razoables están entre 1.500-1.750 tarxetas por médico. En

Galicia contamos cun pediatra por cada 975 nenos, cando algunhas CCAA teñen como cifra óptima 1.200 usuarios asignados a cada pediatra.

- **Estendemos a cobertura dos dispositivos de presenza física para a atención ás urxencias. Hoxe, o 96,9 % da poboación ten acceso a servizos de urxencia, de presenza física, en Atención Primaria: os 92 puntos de Atención Continuada (PACs) hoxe existentes, fronte aos 38 que existían en 1990, garántenos. Ampliamos o horario de funcionamento dos centros de saúde, para que hoxe o 63,75 % da poboación de Galicia teña acceso aos servizos de atención primaria en horario de tarde.**
- **No ano 1995 creouse o 061 para a atención das emerxencias médicas. O servizo galego 061 atende unha media diaria de 2.837 chamadas. Os tempos medios de resposta destes dispositivos están entre os mellores, de xeito que pode asegurarse que cada galego ten un hospital, para atención urxente, a menos de 30 minutos da súa casa.**
- **O desenvolvemento do noso sistema sanitario fai posible a realización de distintos tipos de transplantes. Dende o ano 2001 realizáronse 434 transplantes renais, hepáticos, cardíacos, de pulmón e páncreas.**
- **No ano 2003 aprobouse a Lei de Ordenación Sanitaria de Galicia, na que se establece, entre outras cousas, que o sistema sanitario público galego garante un prazo máximo de espera de 180 días para as intervencións cirúrxicas. O procedemento detallado para exercer dito dereito está regulado xa por decreto da Xunta de Galicia. Por outra banda, no ano 2005 creouse o Consello Galego de Saúde e a primeira Comisión de Participación Cidadán**
- **No ámbito de atención primaria construíronse 150 novos centros de saúde e fixéronse importantes reformas noutros 190 co que pasamos de xestionar 343 centros a contar con 493. Hoxe Galicia conta co 13% dos centros de saúde de toda España, a pesar de que a nosa poboación supoña unicamente o 6,4 % do Estado.**

- **Construíronse 5 novos hospitais** e incorporáronse á rede do SERGAS outros 9, co que se pasou dos 18 de 1990 aos 32 que integran a rede hospitalaria do SERGAS na actualidade, algúns deles baixo a modalidade de complexos hospitalarios. **Os 14 novos hospitais incrementaron en 2.417 o número de camas da Rede Pública do SERGAS**
- Potenciáronse novos servizos que melloran a accesibilidade e o confort, como a **hospitalización a domicilio**, a descentralización do control do Sintrom, que a día de hoxe está dispoñible para o 67,9% da poboación (1.832.000 persoas), a **cirurxía maior ambulatoria** e os hospitais de día. Así mesmo fíxose unha aposta decidida polo desenvolvemento e extensión da alta tecnoloxía.
- **Desenvolvéronse 23 centros de atención á rehabilitación psicosocial** para as persoas con trastornos mentais persistentes, 19 máis que en 1997. Estes centros permiten unha atención diaria a máis de 1.000 mozos na comunidade, preto dos seus domicilios. Tamén contribúen a súa mellor integración social e laboral. A atención a estas persoas complementábase coa apertura de 25 pisos protexidos e dúas miniresidencias.

As Nosas Propostas

- **Garantir o dereito á saúde dos cidadáns**
- Elaboraremos un novo **Plan de Saúde**, enfocado aos principais problemas e necesidades actuais da poboación galega, no que se fixarán os obxectivos útiles para a toma de decisión de todos os axentes do sistema sanitario galego.
- Promoveremos a xeneralización de programas de **promoción da saúde e prevención de enfermidade**, que abrangan a toda a poboación, ao longo de todas as etapas da vida.
- Elaboraremos novos programas de promoción da saúde orientados ao envellecemento activo, e a adquisición de **hábitos de vida saudables**:
 - **Plan galego de nutrición, actividade física e obesidade**, con actividades que van dende a promoción da lactación materna, campañas informativas á poboación, revisión e asesoría de menús escolares, guías e materiais educativos, ata acordos de autorregulación coa industria.
 - **Programa galego de vida sen tabaco**
 - **Programa de prevención do alcoholismo**
 - **Prevención do consumo de drogas**: aumentaremos as actuacións de prevención a través de múltiples accións intersectoriais -familia, educación, sanidade, actividade económica e industria, publicidade e medios de comunicación.
- Xeneralizaremos o programa de **detección precoz da xordeira en nenos**, co obxectivo de acadar na próxima lexislatura o 95% de cobertura de todos os recen nados.

- Potenciaremos os programas de **prevención de enfermidades transmisibles** (SIDA, tuberculose) e as vacinables (campaña de vacinación contra a varicela), e desenvolveremos as medidas recomendadas para o Plan de resposta ante a eventual pandemia de gripe, co obxectivo de proporcionar maior protección á poboación.
- Ampliaremos o programa de prevención do **cancro de mama** ata os 69 anos, co obxectivo de chegar ao **80%** das mulleres galegas entre 50 e 69 anos (335.000 persoas).
- Elaboraremos un **Plan Galego de Seguridade Alimentaria**, que coordine e integre todas as actuacións das partes interesadas nesta materia.
- Implantaremos un Plan de mellora da prestación farmacéutica, a través da ampliación da atención farmacéutica nos centros de asistencia social, dun programa de axilización do procedemento prescripción-homologación de crónicos, e cunha convocatoria de novas oficinas de farmacia. Desenvolvemos medidas dirixidas a acadar unha maior **seguridade na utilización de medicamentos**, cunha comunicación personalizada aos cidadáns sobre posibles reaccións adversas.
- *Garantiremos os dereitos dos pacientes á asistencia sanitaria*
- Poremos en funcionamento os servizos necesarios para **facer efectivos todo os dereitos dos pacientes recoñecidos na Lei de Ordenación Sanitaria de Galicia**, coa participación dos cidadáns e da sociedade civil organizada, sinaladamente:
 - Vedor do paciente
 - Carta de dereitos e deberes dos pacientes.
 - Reclamacións e suxestións

- **Consolidaremos o Consello Galego de Saúde e estenderemos as Comisións de Participación Cidadán a todas as áreas sanitarias.**
- **Facilitaremos información aos cidadáns sobre a súa situación na lista de espera e as formas nas que pode exercer os seus dereitos de garantía, creando sistemas accesibles a través de internet, SMS e das novas tecnoloxías dispoñibles.**
- **O sistema sanitario de Galicia, a través da rede sanitaria de utilización pública, garante a asistencia ao drogodependente, sen listas de espera, para acceder ao tratamento.**
- **Garantiremos aos usuarios unha medicina con calidade obxectiva, tanto nos aspectos técnicos como no trato humano.**
 - **Fixaremos estándares de asistencia sanitaria auditables e coñecidos, que permitan ofrecer unha valoración real da calidade do que se está a facer.**
 - **Impulsaremos a normalización da práctica clínica para diminuír a súa variabilidade, garantir a equidade, e mellorar a súa eficiencia, propiciando a elaboración de guías clínicas e protocolos asistenciais.**
 - **Incentivaremos unha prescrición de medicamentos de calidade e eficiente, que permita obter os mesmos resultados en saúde e consiga unha distribución máis racional dos recursos.**
- **Completaremos a implantación das áreas sanitarias, para garantir a continuidade asistencial, coordinando o itinerario de cada paciente a través do sistema sanitario. Estableceremos o funcionamento de procesos asistenciais, de xeito que se utilicen os recursos da forma máis adecuada, os usuarios resolvan os seus problemas de saúde no menor tempo posible, e se eviten duplicidade de probas.**

- Consideramos como investimento estratéxico do sistema a utilización de novos sistemas de información aplicadas tanto na práctica clínica como na xestión sanitaria. **Estenderemos a historia clínica informatizada a todo o sistema sanitario**, de xeito que se facilite a todo os profesionais da saúde o acceso á información clínico-asistencial dos pacientes e se axilien as peticións de probas, interconsultas e a prescrición informática.
- Estenderemos a toda a Comunidade Autónoma a **central de chamadas, que consiste nun centro único que atenderá todas as solicitudes que se realizan coa finalidade de acordar citas nas consultas de medicina e enfermería nos centros de saúde, e promoveremos a extensión da cita previa por internet.**
- Potenciaremos a todos os recursos da rede sanitaria galega de utilización pública para incrementar a súa actividade e mellorar a resposta asistencial, **co obxectivo de acadar os seguintes prazos: 15 días para probas diagnósticas básicas, 30 días para a primeira consulta do especialista, 50 días para intervencións cirúrxicas programadas.**
- O Partido Popular garantirá ao final da vindeira lexislatura un prazo máximo de **100 días** de espera para o acceso a unha intervención cirúrxica, **de 50 días** para a primeira consulta do especialista e **de 25 días** para as probas diagnósticas. O paciente, unha vez superados estes prazos, poderá requirir a atención en calquera outro centro da Comunidade Autónoma, e o SERGAS estará obrigado ao pagamento dos gastos derivados da devandita atención.
- Ofreceremos os **novos servizos** demandados polos pacientes do século XXI
 - Fortaleceremos as **unidades de coidados paliativos** e hospitalización a domicilio **en todos os complexos hospitalarios**, para acadar unha atención integral aos pacientes con enfermidade en fase terminal, 24 horas ao día, todos os días do ano (7.000 enfermos e as súas familias).

- Estenderemos a cobertura dos **programas dirixidos a aumentar a efectividade sobre patoloxías que precisen atención urxente** (Desfibrilación Automatizada- DESA; Alerta Corazón, Programa de atención ao infarto agudo de miocardio).

- Impulsaremos decididamente a **calidade hoteleira** dos centros hospitalarios, e faremos un esforzo pola atención personalizada, tanto técnica como humanamente aos pacientes. En concreto durante a vindeira lexislatura **xeneralizaremos as habitacións cunha ou dúas camas en toda a rede hospitalaria do Sergas**.

- *Promoveremos a participación dos profesionais e a mellora das súas condicións de traballo*

- Desenvolveremos o **Consello Asesor** como órgano de participación dos profesionais no desenvolvemento do sistema galego de saúde.

- Promoveremos o desenvolvemento profesional dos médicos e de máis persoal facultativo, mediante a implantación da **carreira profesional**, e deseñaremos **itinerarios profesionais** para todos os colectivos de traballadores do SERGAS.

- Incorporaremos as **especialidades de enfermería** ao funcionamento das institucións sanitarias, e reforzaremos o seu papel e responsabilidade tanto na práctica sanitaria como na xestión dos centros e institucións sanitarias.

- O SERGAS manterá unha política de **emprego estable** dos seus profesionais, articulada mediante convocatorias periódicas de procesos de selección, promoción profesional e mobilidade, de xeito que a taxa de temporalidade sexa inferior en todo momento ao 5% do seu cadro de persoal.

- Propiciaremos a mellora constante das condicións de traballo do **persoal de xestión e servizos xerais**, adaptaremos as súas categorías ás novas necesidades, reforzaremos as súas posibilidades de promoción profesional, e adoptaremos as medidas de homologación necesarias para facilitar a súa mobilidade a outros ámbitos do sector público, a través dos correspondentes convenios e en termos de reciprocidade.
- Ofrecerémolles a integración voluntaria no réxime estatutario ao persoal laboral das **fundacións públicas sanitarias**.
- Adecuaremos a **formación continua** ás necesidades do sistema sanitario, e colaboraremos na adaptación dos programas de ensino universitario sanitario á nova regulación europea de titulacións universitarias. Impulsaremos unha estreita vinculación coas universidades no ámbito das ciencias da saúde. Así mesmo, incorporaremos ás institucións sanitarias as novas titulacións de formación profesional.
- Potenciaremos a transformación da información e dos resultados da investigación en coñecemento útil e innovacións mediante un **Plan para o desenvolvemento dunha cultura de investigación sanitaria no SERGAS**.
- *Loitaremos para acadar que o Estado garanta a sustentabilidade financeira do Sistema Sanitario Público Galego*

O Goberno do Partido Popular traballará coa maior firmeza, para garantir a sustentabilidade financeira do Sistema Sanitario Público Galego, baixo o principio de equidade para todos os cidadáns do Estado, independentemente do lugar onde vivan. En concreto:

- Demandamos do Goberno do Estado unha previa ordenación normativa da oferta de prestacións sanitarias garantidas publicamente, co obxectivo de acadar un **novo sistema de financiamento sanitario**

que proporcione estabilidade financeira a longo prazo, tanto para dita oferta, como para as novas prestacións sanitarias que se incorporen á Carteira de Servizos. O obxectivo é que o financiamento sanitario do Estado garanta a “Oferta Sanitaria de Financiamento Público” da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa suficiencia dinámica

- Demandamos do Goberno do Estado a ponderación do financiamento sanitario do Estado de acordo con criterios poboacionais **que teñan en conta as nosas características cualitativas de envellecemento e dispersión.**
- *Desenvolveremos unha nova rede de centros sanitarios públicos*
- Completaremos a rede de centros de saúde, coa **construcción de 60 novos centros**. Así mesmo, poremos en marcha un programa para o mantemento dos centros de saúde de titularidade municipal.
- Poremos en servizo o **novo hospital de Lugo**, e construiremos un novo hospital en Vigo que complete a actual oferta asistencial nesa cidade.
- Completaremos a **renovación integral dos centros hospitalarios** da Coruña, Ferrol, Pontevedra, Ourense e Monforte, a través da conclusión dos correspondentes Plans Directores. Iniciaremos o Plan director do hospital comarcal do Salnés, e mellora doutros, como o hospital médico-cirúrxico de Conxo, e o hospital da Costa (Burela).
- Manteremos e renovaremos os equipos de **alta tecnoloxía sanitaria** en todos os centros e hospitais da Comunidade Autónoma, para manter e mellorar altos niveis de resolución e de calidade asistencial.
- Continuaremos as **melloras dos centros da rede asistencial do Plan de Galicia sobre Drogas**: con carácter inmediato acometeranse as obras de reforma da unidade asistencial de Cangas, construírase un

novo edificio para a unidade asistencial e unidade de día de Ribeira, Lugo, Ourense e o Porriño. Igualmente faranse obras de reforma dos edificios das comunidades terapéuticas de Vigo, Tomiño, e A Coruña-Culleredo.

II.4.5 Plena integración para as persoas con discapacidade

Balance

- O orzamento dedicado á atención das persoas con discapacidade en 1990 e no 2000, ascendeu de 4.712.000 euros a 18.685.466 euros, o que supón un incremento do 296,54 por cento.
- Este presuposto foi de 26.026.982 euros no ano 2004, cun incremento acumulado do 552%. Como consecuencia deste incremento orzamentario, durante a década do 90 creouse unha rede de atención composta por máis de 3.815 prazas.
- Nestes últimos quince anos, Galicia desenvolveu un sistema sólido e estable para a atención das persoas con discapacidade psíquica, que funciona a satisfacción dos profesionais e das familias, incluíndo obxectivos de calidade e emprego. En concreto, dende 1995, o número de prazas concertadas incrementouse nun 60 por cento, o orzamento para o ano 2005 supera os 21,8 millóns de euros e a rede de atención está estendida por todo o territorio galego, integrada por 97 centros: 38 asistenciais e 59 ocupacionais.
- Como complemento necesario destes centros desenvólvense programas específicos par a atención a colectivos de persoas con discapacidade con necesidades especiais, así como programas de ocio e tempo libre e de respiro familiar.
- Debe sinalarse o traballo efectuado na promoción da accesibilidade baixo os criterios da accesibilidade universal; atendéndose tanto ao desenvolvemento normativo, en especial a Lei 8/1997 de accesibilidade e de supresión de barreiras na comunidade autónoma de Galicia, xunto coas normas que a desenvolven, como os labores de divulgación, formación dos profesionais e sensibilización da sociedade en todos os seus ámbitos.

As Nosas Propostas

• 1. Respecto efectivo dos dereitos das persoas con discapacidade

- **O obxectivo claro do PPdeG con respecto as persoas con discapacidade é lograr a integración social e laboral deste colectivo, e para iso incidiremos na sensibilización da nosa sociedade.**
- **Así, os programas e servizos que establece o PPdeG buscan fomentar a autonomía e independencia das persoas con discapacidade, e a súa participación na vida económica e social. Deste xeito, queremos potenciar a igualdade e equiparación de oportunidades atendendo ás necesidades específicas que correspondan.**
- **Na atención que se debe prestar a este colectivo, temos claro que debemos estar en todo momento coas distintas federacións existentes de persoas con discapacidade, apoiando economicamente e con programas de formación o seu labor nas tarefas de información, asesoramento, formación, iniciativas empresariais, actividades culturais e demais.**
- **Impulsaremos, por tanto, un Plan Galego para as persoas con discapacidade no que se recollan as necesidades básicas en canto a dotación de recursos, programas de apoio que garanta a sustentabilidade dos proxectos levados a cabo pola Administración e as entidades representativas de cada colectivo.**

• 2. Accesibilidade integral e atención ás necesidades específicas

- **Estableceremos mecanismos de axuda para o cumprimento da normativa en materia de accesibilidade a eliminación de barreiras arquitectónicas, urbanísticas na edificación, nos medios de transporte e na**

comunicación, para facilitar a mobilidade e a comunicación de pleno dereito que teñen as persoas con discapacidade.

- ***3. Plena inserción laboral das persoas con discapacidade***

- Queremos que as **persoas con discapacidade** desenvolvan unha tarefa activa no proceso de mellora do desenvolvemento de Galicia. Sabemos que, coas axudas oportunas, a súa integración laboral pode acadarse dun xeito efectivo.
- Melloraremos o seu nivel formativo co fin de incrementar as súas posibilidades de traballar, inicialmente en empresas ordinarias ou, nos casos nos que non sexa posible, en centros especiais de emprego. Para elo, queremos **reforzar a estreita colaboración mantida ata agora coas diferentes organizacións** que se encargan de defender os intereses deste colectivo e, ao mesmo tempo, facer unha clara aposta pola eliminación de barreiras, en todos os sentidos (físicas e mentais) e en todos os eidos (nos edificios, nas rúas, nas empresas, nos fogares).

- ***4. Apoios ás situacións de dependencia***

- Apoiaremos a implantación de novos centros ocupacionais e residenciais - asistenciais en zonas onde non existen estes recursos ou parecen insuficientes.
- Potenciaremos programas de información a través de novas tecnoloxías, medidas de prevención e eliminación de barreiras, transporte adaptado e actividades de ocio e tempo libre entre outras, así como de programas de respiro familiar nos casos de dependencia.

II.4.6 Unha Administración ao servizo dos cidadáns

Balance

Dende 1990 a Administración Pública galega traballou incesantemente para a mellora da eficacia e eficiencia dos servizos públicos.

Hoxe, Galicia é un referente a nivel nacional e o sistema de xestión informatizada de todos os procedementos administrativos e a avaliación do rendemento das unidades administrativas constitúen modelos que están a seguir outras administracións.

Galicia é pioneira na introducción das novas tecnoloxías e hoxe é unha realidade o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia que permite formular solicitudes á Administración sen presenza física, as 24 horas do día os 365 días do ano.

A avaliación do Rendemento das Unidades Administrativas; O Servizo de Resposta Inmediata que permite a un cidadán, en máis de 40 procedementos administrativos obter unha resposta da administración no mesmo momento da presentación e a Portelo Única de Industrias (OTU) constitúen exemplos dunha Administración que ten como obxectivo fundamental atender aos cidadáns, facerlles máis doadas as súas relacións coas oficinas públicas e eliminar burocracia innecesaria.

As Nosas Propostas para a próxima lexislatura son as seguintes:

- *1. Unha Administración eficiente e ACHEGADA ao cidadán.*
- No obxectivo dunha administración eficiente e achegada ao cidadán, Galicia é un referente dende hai anos. Queremos reforzar aínda máis esta característica do noso Goberno, abordando **obxectivos concretos de mellora dos servizos, incorporando plenamente as novas tecnoloxías e facendo realidade o protagonismo dos cidadáns** na súa relación coa administración.
- Nesta liña, **reduciremos os prazos de tramitación de todos os procedementos administrativos nun 50%** no que á xestión da Xunta de Galicia se refire.
- Abordaremos a mellora continua dos procedementos administrativos de xeito que simplifique os trámites, acurte os prazos e **facilite a tramitación a través de Internet.**
- Potenciaremos a **participación cidadá na avaliación dos servizos**, a través de enquisas e dos sistemas de suxestións e reclamacións.
- Incrementaremos os procedementos administrativos de **resposta inmediata** con tramitación completa no mesmo día.
- **Ampliaremos os servizos que prestan os concellos que teñen convenio de xanela única** coa Xunta de Galicia para facilitar a tramitación electrónica dos procedementos administrativos.

- **Impulso á administración electrónica**

- **Desenvolveremos a nosa aposta por Internet e as novas canles como medio máis importante para facilitar á relación coa cidadanía, mellorando a información, os tempos de tramitación e reducindo os custos de xestión.**
- **Nesta liña, de pulo á administración electrónica, temos previstos os seguintes obxectivos:**
 - **Avanzar e completar a implantación da Administración Electrónica de forma que o 100% dos papeis que un cidadán presente ante a Xunta de Galicia poida facerse telematicamente no ano 2009, as 24 horas do día, 7 días á semana. Tres obxectivos concretos:**
 - * **Ningún necesita achegarse á Xunta para obter información nin formulario algún.**
 - * **Calquera papel que se presente ante a Xunta pode presentarse telematicamente con sinatura dixital.**
 - * **Todos os procedementos administrativos da Xunta de Galicia podránse tramitar completamente a través de Internet: presentar solicitudes e recibir requirimentos e notificacións telemáticas.**
 - **Acadar un nivel de relación dos cidadáns e empresas coa Administración Autonómica galega ao mesmo nivel de informatización que ofrecen as entidades financeiras que exclusivamente manteñen toda a relación por internet (ou teléfono) cos seus clientes, sen que practicamente existan papeis.**
 - **OBXECTIVO CERO PAPEIS: para presentación de solicitudes de subvencións e becas, para presentar solicitudes de acceso á función pública, para presentar ofertas a concursos públicos, para tramitar os impostos, para tramitar a renovación de permisos e licencias,...**

- Moitas cousas xa se poden facer hoxe, pero o noso obxectivo é que se poidan facer todas por medios telemáticos, mantendo os canais tradicionais para as persoas que así o desexen.
 - Por outra banda potenciarase o desenvolvemento de sistemas de intercambio de datos entre todas as Administracións Públicas de Galicia para eliminar os certificados que actualmente a Administración esixe aos cidadáns para reemplazalos por **certificados por internet con validez xurídica**, co fin de simplificar e reducir tempos de tramitación e se permita o intercambio electrónico de documentos oficiais entre Administracións.
 - **Potenciación realista do uso de software libre na Administración Pública galega.** Fronte ás habituais proclamacións retóricas doutras opcións que na práctica non se poden cumprir, impulsaremos a implantación de software libre, **programas de código aberto, nos sistemas informáticos da Administración Pública.** Pero dende unha posición realista, non dogmática, buscando unha maior eficiencia no uso dos recursos públicos, sen ser un fin en si mesmo, e mantendo a protección xurídica dos programas que se realicen cando os seus autores o desexen.
 - **Creación da Autoridade Galega de Protección de Datos de Carácter Persoal.** Xunto á multitude de vantaxes que proporciona unha administración electrónica, encontrámonos cunha serie de riscos e de problemas aos que, en parte, daremos resposta a través dunha Autoridade Autónoma de Protección de Datos que supoña, por unha parte, un **límite ao poder e, por outra, unha garantía dos dereitos dos cidadáns**, asegurando o equilibrio entre protección de liberdades no tratamento de datos de carácter persoal e a aplicación da informática nas Administracións Públicas autonómicas.
- **3. Mellora das condicións de traballo dos empregados públicos**
 - **Conciliación da vida familiar e laboral dos empregados públicos.** O noso obxectivo é a conciliación do emprego público de Galicia e a vida familiar das mulleres e dos homes que traballan na Administración

autonómica, o fomento da individualización dos dereitos tendentes a esa conciliación, así como a adopción de accións tendentes á erradicación de todas as formas de violencia de xénero.

• **Para conseguir este obxectivo aplicaremos o seguinte paquete de medidas piloto:**

- **Flexibilización da xornada laboral para facela coincidir, nos centros onde fora posible, co horario escolar.**
- **Posibilidade de unir a totalidade do permiso de lactancia ás dezaseis semanas do permiso de maternidade.**
- **Posibilidade de estender a tres anos a reserva de postos de traballo a aqueles empregados públicos que teñan solicitado a excedencia por coidado de fillos menores ou persoas maiores dependentes.**
- **Regras para a concesión de traslados aos funcionarios da administración xeral da Xunta de Galicia por razóns de saúde.**
- **Pero sobre todas as anteriores temos que salientar como medida estrela a seguinte: Posibilidade de realización dos dous tercios da xornada laboral semanal con tele-traballo, implantando terminais informáticas no domicilio da traballadora, e o tercio restante de xeito presencial, para aquelas nais que finalizaran a baixa de maternidade e ata un máximo dos dezoito meses do fillo.**

II.4.7 Consumo

Continuaremos co labor desenvolvido nas últimas lexislaturas en defensa dos consumidores, nunha tarefa na que destacaríamos a implantación e funcionamento dos tribunais de arbitraje sendo Galicia a cuarta Comunidade Autónoma en solicitudes de arbitraje e laudos emitidos.

As Nosas Propostas

- **1. Máxima información e protección aos consumidores**
- Promoveremos unha **Lei Galega de Protección dos consumidores e usuarios**, que configure un ámbito axeitado de amparo, na que se inclúan como colectivos especialmente protexidos os menores de idade, as mulleres xestantes e lactantes, as persoas maiores, os enfermos e as persoas con discapacidades físicas ou psíquicas.
- Esforzaremos nas tarefas de **educación e formación dos consumidores**, a través de actuacións ou programas de diversa índole : formación na ensinanza regrada universitaria e non universitaria, formación de formadores, de adultos, de colectivos de atención especial, de persoal de control de mercado e de persoal de atención ao consumidor.
- Fortaleceremos a **arbitraje de consumo** tramitando as reclamacións coa maior celeridade posible e os menores inconvenientes, fomentando a adhesión dos empresarios a esta vía e proponendo a mediación como vía alternativa á arbitraje para a resolución de conflitos.

II.4.8 Unha Xustiza ben dotada e accesible: Xustiza - Policía Autonómica - Protección Civil

II.4.8.1 Xustiza

Balance

- Dende a posta en marcha do plan de infraestructuras xudiciais, en 1995, 38 edificios xudiciais rehabilitados ou de nova construción, cun investimento de 45 millóns de euros, sitúan á Comunidade Autónoma de Galicia nun novo marco, en canto á dotación inmobiliaria na Administración de Xustiza.
- Dende que, en 1995, a Xunta de Galicia asumira as competencias en materia de provisión de medios materiais e persoais á Administración de Xustiza, creáronse cinco novas seccións das audiencias provinciais, 36 novos órganos unipersoais e servizos comúns de notificacións e embargos e de apoio aos xulgados nas sete grandes cidades.
- Dotouse a todos os traballadores da Administración de Xustiza, de modernos equipos informáticos. Instaláronse potentes servidores informáticos nas sete grandes cidades e infraestrutura de telecomunicacións que permite a comunicación de todos os órganos xudiciais entre si e co exterior do sistema. Ademais, instaláronse sistemas de gravación dixital nas salas de vistas e de videoconferencia RDSI, e fíxose posible a tramitación xudicial en galego.
- O orzamento destinado pola Xunta de Galicia á Administración de Xustiza experimentou, dende o ano 1995, un incremento do 484,66%, pasando dos 12.082.953,26 € en 1995 aos 70.644.902,00 € no ano 2005.

PLAN DE INFRAESTRUCTURAS XUDICIAIS 1995-2005

Nº de actuacións en edificios xudiciais: 38

Investimento: 45.013.238 €

- Xulgados de Ribadavia.
- Xulgados de Ortigueira.
- Xulgados de Pontevedra.
- Xulgados de Ordes.
- Audiencia Provincial da Coruña.
- Xulgados de Ribeira.
- Xulgados de Sarria.
- Anexos Xulgados da Coruña.
- Xulgados de Redondela.
- Xulgados de Marín.
- Ampliación dos Xulgados do Carballiño.
- Xulgados de Vilagarcía de Arousa.
- Xulgado de Pobra de Trives.
- Xulgados de Lugo.
- Tribunal Superior de Xustiza.
- Novo edificio dos Xulgados de Vigo.
- Ampliación dos Xulgados de Caldas de Reis.
- Xulgados de Noia.
- Xulgados de Cambados.
- Anexo aos Xulgados de Ferrol.
- Ampliación dos Xulgados de Santiago.

- Xulgados de Monforte de Lemos.
- Xulgados do Porriño.
- Xulgados de Arzúa.
- Xulgados de Carballo.
- Reforma dos Xulgados de Betanzos.
- Pazo de Xustiza de Ourense.
- Pazo de Xustiza de Pontevedra.
- Acondicionamento 5º andar Xulgados de Vigo.
- Acondicionamento 4º andar Xulgados de Lugo.
- Xulgados de Corcubión.
- Xulgado da Fonsagrada.
- Xulgados de Cangas do Morrazo.
- Xulgados de Lalín.
- Acondicionamento 4º andar Xulgados de Santiago.
- Xulgado de Negreira.
- Acondicionamento 2º e 3º andar Xulgados de Ferrol.
- Rehabilitación Audiencia de Lugo.

As Nosas Propostas

O sistema de distribución territorial de competencias entre administracións, asigna funcións específicas, tanto ao Estado como ás Comunidades Autónomas. Aínda que a Constitución española sitúa ao poder xudicial como propio do Estado, as Autonomías con competencias transferidas en materia de Xustiza, son responsables da dotación dos medios materiais e da xestión do persoal auxiliar, ademais de planificar e invertir en proxectos que conduzan a unha Xustiza máis áxil e accesible aos cidadáns. Cumprir eficazmente estas responsabilidades é obxectivo prioritario do Partido Popular de Galicia.

O bo funcionamento da Xustiza é unha das principais garantías de respecto dos dereitos dos cidadáns e de calidade de vida. Por esta razón, o Goberno do PPdeG realizou, nos últimos anos, un enorme esforzo nesta materia, co Plan de Infraestruturas Xudiciais, iniciado no ano 1996 e que, xunto co xa contemplado nos orzamentos deste ano 2005, rematará, na vindeira lexislatura, coa construción das futuras “Cidades da Xustiza” na Coruña e Vigo e do edificio que albergará o Instituto de Medicina Legal de Galicia; así como actuacións nos Xulgados de Santiago, Ourense (rehabilitación da antiga Cámara da Propiedade), O Barco de Valdeorras, Muros, Bande e Cambados.

Xunto coa modernización das infraestruturas, cómpre o deseño e organización da nova oficina xudicial que impulse o proceso de modernización da Xustiza, así como a aprobación dun novo mapa xudicial que permitirá axilizar e achegarlle a Xustiza aos cidadáns, situando no primeiro plano, a satisfacción das súas necesidades.


Nesta mesma liña, o PPdeG é consciente da importancia da función da Xustiza de Paz dentro do servizo público da Administración de Xustiza en Galicia. Polo que, conscientes, así mesmo, da problemática dos Xulgados de Paz, orixinada principalmente, pola súa dependencia orgánica de diferentes administracións públicas, consideramos que o seu financiamento e xestión debe ser similar á dos demais órganos xudiciais, polo que está previsto solicitar ao Goberno central o traspaso das competencias nesta materia.

Ademais, ante a situación profesional dos Secretarios dos Xulgados de Paz, de poboacións inferiores a 7.000 habitantes, o Goberno do PPdeG xa ten solicitado, ao Goberno do Estado, a busca dunha solución xusta e razoable, ofrecendo a súa total colaboración, mesmo para afrontala, no caso de serlle transferida a competencia para elo.

II.4.8.2 Políticas de seguridade. Policía Autonómica

Balance

- Os recursos humanos da Unidade do Corpo Nacional de Policía Adscrita á Comunidade Autónoma, pasaron de 157 en 1991 a 390 no 2004 e as competencias iniciais, de seguridade estática e dinámica, incrementáronse no campo da Policía administrativa e, singularmente, da Policía xudicial.



- Para garantir mellor a seguridade de todos, a Xunta aprobou o **Proxecto de Lei da Policía de Galicia**, co que se **creará unha policía propia** que, ademais, asuma as competencias en materia de vixilancia e control de tráfico. Os Corpos e Forzas de Seguridade do Estado seguirán exercendo as súas competencias en materia de seguridade cidadá e policía xudicial. Coa nova Lei regularase **unha carreira policial única**, integrada polos Corpos de Policía Locais e o Corpo de Policía de Galicia.
- A **creación da Academia Galega de Seguridade** en 1992, como centro de formación en Seguridade Pública, permitiu perfeccionar os labores do voluntariado de Protección Civil e das Policía Autonómica e Locais, e, na actualidade, convertida en **Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia**, permitirá atender, tamén, á demanda formativa dos funcionarios da Administración de Xustiza e mesmo á formación continuada de Xuíces, Maxistrados, Fiscais e Secretarios Xudiciais.
- Conscientes da importancia de que os concellos galegos conten cun Corpo de Policía local moderno e plenamente cualificado, destináronse, nos últimos catro anos, **preto de 2,5 millóns de euros para modernizar os medios cos que conta a Policía local en Galicia**, tanto no aspecto material como humano. Entregáronse, aos concellos galegos, un total de **178 vehículos de policía, totalmente equipados para o servizo de Policía local**, á vez que se colabora na contratación de máis de 400 auxiliares de Policía Local para reforzar na época estival.

As Nosas Propostas

A seguridade da sociedade galega é para nós unha prioridade e un compromiso expreso, polo que desenvolveremos plenamente as competencias que Galicia ten nesta materia, a través das seguintes actuacións:

- O desenvolvemento da Lei de Policía da Comunidade Autónoma de Galicia suporá o avance no despregue funcional e territorial do Corpo de Policía de Galicia. Ademais da transferencia dos efectivos, que actualmente forman parte da Unidade de Policía Adscrita, a asunción de competencias en materia de violencia intrafamiliar e protección de menores, así como de vixilancia e control do tráfico en vías urbanas, suporá a integración de novos efectivos. Reforzaremos a formación profesionalizada de todos os axentes intervintes na seguridade pública, a través do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia.
- O noso compromiso é dar un pulo á seguridade pública dende o diálogo, a negociación e o acordo coas entidades e axentes implicados. Para iso, o Plan Galego de Seguridade Pública contempla un sistema coordinado e único, garantindo un servizo de seguridade moito máis eficaz para a mellora do benestar e a calidade de vida da sociedade galega.
- Fomentarase unha nova cultura da seguridade, baseada na participación activa e solidaria das distintas institucións, organismos, asociacións e da sociedade galega en xeral.

II.4.8.3 Unha Protección Civil integral

Balance

- O voluntariado de Protección Civil de Galicia foi e segue a ser un elemento básico na atención aos cidadáns. Dende o ano 1994 as agrupacións de voluntarios de Protección Civil incrementáronse en Galicia dun xeito considerable, ao pasar de 54 asociacións, con 1.500 voluntarios, a 202, con 8.720, no curso do ano 2004.
- Estas agrupacións beneficiáronse das subvencións anuais concedidas pola Xunta de Galicia, que, ata o momento, constitúen un total de 7.098.605 € para o funcionamento das agrupacións, 9.061.862 € en equipamentos e material de emerxencia e un total de 132 vehículos especialmente equipados para misións de protección civil.
- Paralelamente, nos últimos tres anos, adicáronse máis dun millón de euros ao reforzamento, estabilidade e profesionalización dos Grupos Municipais de Intervención Rápida, existentes nos concellos galegos, e que prestan servizos de ámbito comarcal.
- En 1997, a Xunta de Galicia decidiu cambiar o Centro de Coordinación de Emerxencias SOS-GALICIA, que prestaba servizo dende finais de 1990, para constituílo como entidade prestataria dos servizos de Atención de Chamadas de Urxencia 112.
- O Plan Galego de Parques Comarcais Contraincendios, posto en marcha pola Xunta de Galicia, en colaboración coas Deputacións provinciais e os concellos, conta xa con 15 parques de nova construción e a comarcalización do parque de Santiago de Compostela, que atenden a unha poboación de 958.475 habitantes e un territorio de 11.288 km², dotando, cando ao final de 2006 estea rematado o plan, dun servizo profesional de salvamento e contra incendios urbanos á práctica totalidade dos núcleos de poboación galegos, mediante a fórmula dos consorcios que permite unha maior eficacia.

As Nosas Propostas

A aprobación e promulgación da Lei de protección civil e xestión de emerxencias de Galicia implicará que na nova lexislatura se promulguen os regulamentos previstos na mesma. Considérase prioritario desenvolver un sistema integrado de xestión de emerxencias en Galicia que se complementa coa posta en servizo do novo Centro de Emerxencias 112 SOS-Galicia.

Os programas que se realizarán son:

- Elaboración e redacción de novos plans de protección civil contemplados na normativa legal vixente.
- Impulso da realización de plans de autoprotección en Galicia, tanto en actividades públicas como privadas.
- Potenciación e dinamización da protección civil municipal coa dotación de medios e recursos para emerxencias.
- Apoio e fomento das agrupación de voluntarios de protección civil de Galicia.

O PP garantizará a protección integral das persoas e dos seus bens fronte as emerxencias en todo o territorio galego, partindo da rede de Protección Civil estruturada ao longo destes anos, e que se sitúa entre as maiores e mellor preparadas do Estado.

Ademais, completaremos o Plan Galego de Parques Contraincendios e Salvamento, que suporá que, cun investimento superior aos 50 millóns de euros, a finais de 2006, Galicia contará con máis de 500 novos bombeiros e máis de 100 vehículos, repartidos en 22 parques comarcais, ademais da ampliación dos parques das cidades, nun esforzo conxunto coas Deputacións e os Concellos.

Isto permitirá, reforzando ademais os grupos municipais de intervención rápida, a todos os galegos, alá onde vivan, ter garantido un servizo profesional estable e ben dotado para atender as emerxencias que se produzan.

II.4.9 Galicia na sociedade da información

Co obxecto de conseguir que Galicia extraia o máximo rendemento das oportunidades creadas polas novas tecnoloxías e obter melloras substanciais nos aspectos económicos, sociais e culturais da nosa Comunidade, abordárase a elaboración e execución dun *“Plan Galego da Sociedade da Información”*. Dito Plan integrará as liñas estratéxicas, iniciativas e actuacións concretas para incorporar as novas tecnoloxías en todos os sectores de actividade da Comunidade Autónoma de Galicia.

Obxectivos do Plan Galego da Sociedade da Información

- Incorporar á sociedade no seu conxunto ao coñecemento das Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (TIC), realizando un importante esforzo de “alfabetización dixital” (dotar de coñecementos e destrezas no uso de ditas tecnoloxías) da poboación, que lle asegure mellores oportunidades económicas e laborais.
- Compensar os desequilibrios internos, concentrando os esforzos de desenvolvemento tecnolóxico nas zonas xeográficas e áreas productivas máis necesitadas.
- Promover un salto cualitativo na actividade económica de Galicia, aproveitando o soporte das TIC para aumentar o peso do sector terciario na economía local e aportar valor engadido ás actividades punteiras da nosa Comunidade.
- Preservar, promover e difundir os valores de Galicia.
- Situar a Galicia riba da media nacional, segundo os indicadores obxectivos da Sociedade da Información.

Eixes do desenvolvemento do Plan

- Estender o uso das infraestructuras e servizos necesarios para a Sociedade da Información
- Garantir a capacidade de acceso de todos os galegos á Sociedade da Información, facilitando aos cidadáns tanto o uso dos medios e servizos, como a formación necesaria para obter o máximo aproveitamento das TIC.
- Aproximar a actividade da Administración Pública aos cidadáns a través da utilización das novas tecnoloxías, modernizando e optimizando a operación interna e a prestación proactiva de servizos ao cidadán.
- Potenciar a incorporación e posterior aplicación das novas tecnoloxías nos procesos productivos das empresas galegas.
- Auspiciar, promover e impulsar o desenvolvemento do sector TIC rexional como un elemento clave para construír unha estrutura económica de futuro na Comunidade Autónoma.
- Utilizar as novas tecnoloxías como ferramenta para a difusión de Galicia e como soporte para a constitución dun espazo de colaboración e participación de toda a comunidade galega, incluíndo aos galegos do exterior.

Liñas de actuación

O desenvolvemento do Plan Galego da Sociedade da Información conlevará a posta en práctica das seguintes liñas de actuación:

- **1. Xerais / Dirixidas ao cidadán**

- Implantar as infraestruturas básicas (redes de comunicación de banda ancha, acceso por radiofrecuencia, etc.) e servizos de telecomunicación (correo electrónico, chat, etc.) en todos os núcleos de poboación.
- Apoiar o despregue e desenvolvemento de infraestruturas/servizos de telecomunicación dispoñibles (Televisión Dixital Terrestre, Radio Dixital, satélite, telefonía móbil de última xeración, etc.).
- Facilitar axudas para a adquisición de ordenadores para o uso persoal e do fogar.
- Informar aos cidadáns transmitindo e concienciando das posibilidades e oportunidades que a nova Sociedade da Información proporciona.
- Lograr a *alfabetización dixital* básica da poboación, con especial énfase naqueles colectivos susceptibles de quedar excluídos da Sociedade da Información (terceira idade, poboación rural).

- **2. Educación**

- Dotar, polo menos, dun ordenador a cada dous alumnos en educación secundaria obrigatoria.
- Habilitar Portais de Educación, como mecanismos de acceso á formación regulada e complementaria, con independencia do lugar de acceso, e dirixidos aos docentes, alumnos, titores, pais e asociacións de pais.

• 3. O goberno autonómico dixital

- Mellorar os procesos e os servizos da Administración a través do uso estendido da tecnoloxía.
- *Administración próxima e proactiva*: impulso da tramitación dixital dos procedementos en todos os niveis do goberno autonómico e do acceso aos servizos electrónicos dende o fogar, asociacións de veciños ou administración local, para a xestión de servizos de asistencia sanitaria, social, trámites coa Administración, etc. (historia clínica electrónica, de acceso a vivendas, ...).
- Crear un Centro de Servizos e Atención aos cidadáns e empresas como medio para:
 - promover os servizos electrónicos
 - prestar axuda e apoio no uso dos servizos electrónicos
 - actuar de xeito proactivo no suministro de información dende a Administración aos cidadáns e empresas (axudas, subvencións, plans, etc.).
- Desenvolver a Axencia Galega de Protección de Datos.

• 4. Sector empresarial

- Concienciar ás empresas galegas das posibilidades e vantaxes da incorporación das TIC na súa actividade económica.
- Establecer programas de asesoramento, formación e subvención para acompañar ás empresas no seu proceso de adopción das novas tecnoloxías.

- Establecer programas específicos de modernización de sectores productivos.
- Favorecer as relacións telemáticas das empresas coa Administración.
- Crear o cluster galego das TIC: asociación de empresas para promover e apoiar a implantación e o desenvolvemento das TIC.
- Crear a marca de calidade galega en TIC.
- Fomentar e incentivar as actividades de investigación, desenvolvemento e innovación (i+d+i) no sector empresarial galego.
- Alinear e correlacionar a actividade de i+d+i entre a Administración (universidades, centros de investigación) e empresas.

- *5. Difusión dos valores de Galicia*

- Fomentar a utilización das novas tecnoloxías como un elemento difusor e dinamizador da oferta turística galega.
- Xerar contidos dixitais que incorporen o patrimonio cultural galego á Sociedade da Información para universalizar o seu coñecemento e optimizar a súa xestión.

Habilitar espazos de participación cidadá en Internet e iniciativas de intercambio cultural e social por medio das novas tecnoloxías.

II.4.10 A memoria intelixente e solidaria Política de Emigración e Inmigración

Balance

Dende 1990 a través da Secretaría Xeral para as Comunidades Galegas e a partir do 2001 ca creación da Consellería de Emigración, o goberno do Partido Popular traballou co obxectivo de prestar aos galegos do exterior toda a axuda posible, en tempos difíciles, para reforzar e revitalizar os lazos coa súa terra.

Algúns datos expresan e concretan esta labor.

Axudas asistenciais individuais e accións de xestión social:

- Preto de 33.000 axudas asistenciais a emigrantes galegos.
- Programa de centros de día e atención a maiores con máis de 10.000 usuarios.
- Entrega de medicamentos durante a crise Arxentina a preto de 11.000 persoas e asistencia médica de cabeceira a preto de 27.000 persoas.
- Axuda alimentaria a máis de 7.000.
- Colaboración na recuperación das cotizacións de emigrantes en Suíza por importe superior a 15 millóns de euros.
- Creación da Fundación Galicia Emigración para canalizar a iniciativa civil en favor da emigración.

- Creación da Fundación Axencia Humanitaria de Galicia.
- Axudas para cobertura socio-asistencial e sanitaria a maiores concedidas a través de entidades prestadoras para máis de 10.000 persoas.
- Encontro con Galicia: 19.000 beneficiarios.
- Bolsas de Estudos universitarios: máis de 250 bolseiros.
- Actividades formativas nas comunidades galegas: máis de 72.000 alumnos.
- Recuperación do patrimonio histórico e documental dos centros galegos en colaboración co Consello da Cultura Galega. Número de centros: 244.
- Creación de Aulas Permanentes de Formación e Cultura de Galicia en Venezuela, Arxentina e México e as Oficinas de Atención de Programas Sociais en Bos Aires, Uruguai, Venezuela.
- Política integral de apoio ao retorno mediante procesos de acollida e adaptación, acceso ao mercado laboral, formación, orientación e información así como potenciación do asociacionismo e sensibilización da poboación de acollida e axuda a retornados sen recursos. Número de axudas asistenciais: máis de 1.600.
- Incorporación das comunidades galegas ás **novas tecnoloxías** a través do Portal da Emigración Galicia Aberta, a súa presenza na rede e a videoconferencia.
- Configuración das comunidades galegas como axentes de cooperación ao desenvolvemento.

- Apoio á **renovación de infraestructuras**, dotacións e equipamentos dos centros galegos, actuándose en máis de 200 entidades con axudas a preto de 6.000 proxectos concretos.

- Axudas a entidades galegas para prestación de servizos asistenciais a máis de 200 entidades con axudas a preto de 325 proxectos.

- Por outra banda, asumíuse unha política propia, completa e integradora ante o crecente fenómeno da **inmigración de nacionalidade estranxeira** mediante:
 - Posta a punto da rede de acollida básica.

 - Información, asesoramento e canalización

 - Programas formativos específicos de capacitación e orientación laboral.

As Nosas Propostas

Nunha comunidade na que a emigración é elemento esencial da súa conformación e estrutura, o PP de Galicia, *aprecia especialmente a achega histórica dos nosos emigrantes e das comunidades creadas por eles ao longo do mundo*, así como o valor e a oportunidade única que constitúe para Galicia o magnífico capital humano que forman os membros da nosa comunidade exterior, como motor de futuro.

Deste xeito:

- **Defenderemos con enerxía a condición de emigrante como cidadán español de pleno dereito, reafirmando o principio de igualdade no recoñecemento dos seus dereitos políticos, económicos, sociais e culturais.**
- Incidiremos nos efectos multiplicadores que supón a *enorme potencialidade que encerra a presenza dos galegos no mundo*
- Renovaremos a nosa vocación de ser a forza política que fai valer con enerxía e eficacia, ante todas as instancias, os *dereitos irrenunciáveis da emigración*

O noso compromiso comprende dous obxectivos principais:

1. *Estar decididamente con todos os galegos* e as súas familias en calquera lugar onde se atopen, como fixemos sempre, en todo momento e, especialmente en situacións de necesidade crítica dos residentes no exterior.
2. Impulsar e afondar en todas e cada unha das accións do *Plan Integral para a Galicia Exterior*, nas súas dez áreas de intervención, plan pioneiro e modelo en España de participación dos residentes no exterior na vida social e cultural da súa comunidade autónoma.

Este dobre compromiso concrétase nas seguintes actuacións:

- *Axudas asistenciais individuais* a emigrantes galegos (invalidez, enfermidade ou infortunio familiar, orfandade para fillos de galegos....).
- *Encontro con Galicia* (reencontros, vacacións para lembrar, cursos de especialización, campamentos, etc.).
- *Concursos culturais* para a Galicia exterior (fotografía, pintura, interpretación musical, investigación, ensaio e relato breve, entre outros).
- *Apoio á actividade cultural e deportiva* das entidades galegas.
- *Bolsas para estudos universitarios en Galicia*.
- *Actividades formativas* nas comunidades galegas (lingua, literatura, historia, formación empresarial, terapia ocupacional).
- *Apoio infraestructural* ás comunidades galegas.
- *Promoción asistencial, social, cultural e informativa* das comunidades galegas.
- *Proxectos creativos, formativos*, de participación e intercambio promovidos pola mocidade da Galicia Exterior.
- *Mobilidade xuvenil* (rede de información no exterior, foros pluridisciplinares, programas europeos para a xuventude da diáspora...).

Ademais, continuaremos a ser o referente necesario en *políticas de atención aos emigrantes*.

- A plena *cobertura social e sanitaria* dos nosos maiores.
- O acceso privilexiado e sen obstáculos innecesarios á *nacionalidade española* para os netos de españois.
- O exercicio efectivo dos *dereitos sociais e políticos dos emigrantes en igualdade* co resto de españois.
- O acceso de todos *a cultura, á educación, ao emprego* e as mellores condicións para o retorno.
- A *protección integral* das familias emigradas e dos colectivos e persoas en especiais situacións de desigualdade ou desprotección (maiores, minusválidos e infancia)

Reforzaremos permanentemente os vínculos entre os membros da Galicia exterior e desta con Galicia co obxectivo primordial de que todos poidan sentir o orgullo de seren galegos e participen activamente da vida política, social, cultural e económica da nosa terra. Así mesmo, defenderemos o cómputo do número de emigrantes á hora da asignación de recursos financeiros entre as administracións de cada nivel (local e autonómico) co fin de destinalos coherentemente a políticas específicas no seu beneficio.

Dentro da reforma do Senado, defenderemos a configuración dunha circunscrición exclusiva dos emigrantes para canalizar a representación específica da nosa diáspora na futura cámara de representación territorial

Activaremos a reforma da lexislación electoral para perfeccionar o proceso de votación dos emigrantes e remover os obstáculos que afectan ao exercicio do dereito de sufraxio libre, igual, directo e secreto para o seu desenvolvemento en condicións equiparables aos do electorado do interior.

Afondaremos e completaremos as políticas de **APOIO AOS RETORNADOS**. Isto farémolo desenvolvendo e ampliando os programas de información, orientación, formación, asesoramento legal, así como as medidas específicas de axudas en estados de necesidade e a facilitación do acceso aos servizos e prestacións sociais e a vivenda.

- *Inmigración. Galicia: terra de acollida*

Unha política para a integración dende o desenvolvemento

O perfil demográfico de Galicia e as características de sectores económicos fundamentais para o seu desenvolvemento e benestar, esixen *acoller con seriedade, solidariedade e intelixencia os novos fluxos migratorios*, concibidos estes como factores que teñen que integrarse nos valores de traballo, laboriosidade e universalidade que caracterizan *Galicia: un país aberto e en proceso constante de modernización*.

Temos ademais a vantaxe de contar *cunha inmigración que, na súa maior parte, é culturalmente afín*, o que nos permite canalizar con perspectiva de futuro, un fenómeno que, encamiñado con responsabilidade e realismo, proxectamos cara adiante.

Dende esta perspectiva, somos conscientes de que as políticas de integración dos inmigrantes na nosa sociedade pasan, necesariamente, *por concibir o fenómeno inmigratorio como un valor para Galicia*, do que dependerá (nas circunstancias demográficas actuais) boa parte do futuro da nosa terra.

Con estas conviccións, o PP de Galicia fixará a súa política relativa á inmigración e a emigración retornada, a través das seguintes liñas de acción:

- *Formalizar e por en marcha o proceso de acollida e adaptación no noso país dos inmigrantes.*
- *Deseñar as medidas precisas que apoiem e faciliten o acceso ao mercado laboral e ao sistema de asistencia social deste colectivo, especialmente naqueles ámbitos onde a forza de traballo é máis necesaria.*
- *Sensibilizar á poboación galega no coñecemento directo e na comprensión das peculiaridades culturais, entendendo á pluralidade como o fortalecemento da nosa orde social e dos valores de liberdade, dereitos cívicos e a igualdade de oportunidades.*
- *Loitar contra o racismo e a xenofobia.* Reforzando as características da sociedade galega como aquela configurada por un pobo sen medo ao futuro, proclive a unha Galicia aberta aos que veñen coa mellor disposición de arrimar o ombro na construción dun país con valores xenuínos e vocación universal.
- *Aplicaremos unha política de integración* que teña en conta non só os aspectos económicos e sociais da integración, senón tamén os problemas relacionados coa diversidade cultural, lingüística, relixiosa, e os dereitos políticos.

Os principios inspiradores da nosa Política de integración serán os seguintes:

1. *A igualdade como base da integración*, no sentido de equiparación de dereitos, deberes e oportunidades.
2. *A globalidade e interculturalidade*, cun enfoque da integración social nun sentido bidireccional onde os destinatarios son tanto os inmigrantes como unha sociedade de acollida que ofrece uns principios vertebradores sólidos
3. *A integralidade da responsabilidade pública*, a través da actuación transversal de todas as administracións.

4. *A corresponsabilidade e participación social* de todos os actores sociais con relevancia no ámbito da inmigración.
5. *A normalización dos inmigrantes*, que debe promover a súa incorporación normal nos sistemas xerais de prestacións de servizos, facendo as adaptacións necesarias para a súa mellor atención.

Colaboración coas institucións e organizacións sindicais, empresariais e sociais.

Ademais, o exercicio dunha política real e integral de integración require o coñecemento da realidade do fenómeno inmigratorio, así como a súa repercusión na nosa sociedade. Polo tanto, unha política apegada á realidade non pode esquecer, nin as entidades que traballan co colectivo nin aos verdadeiros protagonistas deste proceso: os inmigrantes. Por esta razón, estableceranse contactos con todas as entidades, asociacións de inmigrantes e emigrantes retornados, organizacións sindicais e empresariais que estean traballando en Galicia no ámbito da inmigración, co obxectivo de ter unha información precisa e exacta sobre as características deste colectivo e das súas necesidades reais e, deste xeito, construír entre todos unha política inmigratoria que faga de Galicia dende a reafirmación da súa identidade, non só unha terra de acollida senón tamén de integración e de oportunidades para os inmigrantes.

Potenciaranse as relacións de *colaboración coas distintas asociacións de inmigrantes e emigrantes retornados* que teñen a súa sede en Galicia co obxecto de favorecer a integración tanto dos seus asociados como do colectivo en xeral na nosa sociedade, e así manter viva a súas culturas e costumes enriquecendo así a interculturalidade.

II.5 Un espazo de oportunidades para a xuventude

II.5.1 Un sistema educativo de calidade, garantía de igualdade de oportunidades

Balance

- Galicia e a terceira Comunidade Autónoma na que os alumnos teñen os mellores resultados educativos, e a sexta en gasto educativo por alumno.
- O presuposto destinado a educación en 1990 foi de 717.896.037 e para o presente exercicio destínanse 1.567.833.701€.
- Os investimentos realizados en infraestruturas educativas, dende o ano 1990, nos distintos niveis educativos, supuxeron máis de 1.249 millóns de euros, que se destinaron basicamente a construcións, ampliacións e adaptacións dos centros docentes á nova normativa do sistema educativo, así como a posta en funcionamento dos distintos campus das novas universidades.
- Pese a que o número de alumnos diminuíu notablemente nestes últimos anos, por cada 50 alumnos menos dotouse dun profesor máis ao sistema educativo, para impartir novas ensinanzas, apoiar a alumnos con retrasos, orientación educativa e profesional, etc.
- En 1990, elaborouse o Plan galego de formación do profesorado, e no seu marco, creáronse 7 centros de formación continua do profesorado, pasando dun investimento neste apartado de 570.961 €, no ano 1989, a 7.310.200 € no presente ano 2005. Durante estes anos organizáronse máis de 15.600 actividades formativas, nas que participaron uns 265.000 profesoras e profesores.

- No ano 1990, o Goberno galego destinou ao **transporte escolar** 32.813.442 e neste ano 2005 contamos cun orzamento de 91.995.343 . No presente curso escolar son 2.441 os vehículos que están a prestar este servizo; percorren 140.000 km. e transportan a 102.149 usuarios por día.
- Para velar pola seguridade no transporte escolar iniciouse no actual curso académico a implantación da figura do **acompañante**.
- Pasouse dun investimento de 6.000.000 de euros, destinado a **comedores escolares**, no ano 1990, a 13.012.659 , no ano 2005. A Xunta de Galicia conta nestes momentos con 436 comedores escolares nos que se están atendendo a máis de **55.000 comensais**.
- Durante o curso escolar 2003-2004 iniciouse, de forma experimental, o programa de **gratuidade dos libros de texto**. Empezouse polo alumnado de 6º curso de educación primaria e ampliouse no presente curso académico 2004-2005 ao alumnado do 2º de educación secundaria obrigatoria. O grao de participación dos centros e do alumnado superou amplamente o 90%. No vindeiro 2005-2006 dous novos cursos, 3º e 4º de educación primaria, terán libros gratuítos. O orzamento destinado a este programa para os anos 2003, 2004 e 2005 supera os **15 millóns de euros**.
- En **informatización dos centros educativos**, dende o ano 1998, levamos investido uns 55,5 millóns de euros. Puxéronse 27.000 equipos informáticos a disposición de 35.000 profesores e profesoras, sendo utilizados por 355.500 alumnos e alumnas de centros públicos.
- A ratio prevista para o presente ano é de 9 alumnos/ordenador. **O 100% dos centros educativos de máis dunha unidade contan con acceso gratuíto a internet**.
- Co fin de evitar o desenraizamento dos nenos das súas zonas de residencia no mundo rural o goberno do PPdeG vén potenciando, dende principios da década dos noventa, os denominados **Colexios Rurais Agrupados (CRA)**.

- Unha acertada solución do goberno do PPdeG ás peculiaridades que presenta a distribución e dispersión poboacional galega foi tamén a creación da figura do **Centro Público Integrado (CPI)**, que normalmente escolariza alumnado de educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria.
- Nestes anos de goberno do PPdeG a formación profesional experimentou un desenvolvemento e conseguiu un extraordinario prestixio na comunidade educativa. **Galicia foi a primeira Comunidade Autónoma de España que contou cunha dirección xeral de formación profesional**, grazas á decisión, en 1990, do actual Presidente da Xunta.
- En Galicia iniciouse a implantación anticipada da nova **formación profesional** no curso 1993-1994. No curso 1995-1996 tiñamos 84 ciclos formativos de formación profesional; no presente curso 2004-2005 **contamos con 757 ciclos**.
- No ano 2001 aprobouse o **Plan Galego de Formación Profesional**, elaborado polas Consellerías de Educación e Ordenación Universitaria mais a de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais. Ten como obxectivo a integración dos subsistemas de formación profesional regrada, ocupacional e continua; obxectivo que se está levando a cabo con notable éxito nos seis centros integrados con que contamos en Galicia.
- A mellora das competencias lingüísticas do noso alumnado en **idiomas estranxeiros** constitúe unha das preocupacións permanentes do goberno do PPdeG, tal e como se reflicte no feito de terse duplicado o número das escolas oficiais de idiomas, implantado as seccións europeas en varios centros de educación secundaria, así como na anticipación destas ensinanzas ao segundo ciclo de educación infantil e ao primeiro ciclo da educación primaria. No curso pasado esta anticipación levouse a cabo en máis de 500 centros e foron preto de 29.000 os nenos e nenas de menos de 8 anos que accederon á aprendizaxe dunha lingua estranxeira.

- Pasamos de 66 centros en 1992, nos que se impartía **educación de adultos**, a 107, no curso actual. Esta ampla rede de centros permitiu a **atención educativa, dende 1990, a máis de 200.000 persoas adultos**. Concedéronse 1.652 axudas a 44.221 alumnos adultos, por un importe de 8.640.136€.
- A **formación a distancia** tivo e está tendo unha extraordinaria acollida entre a poboación adulta, non só nos niveis básicos de alfabetización senón tamén en formación profesional e bacharelato, no que están cursando este tipo de ensinanza, no presente 2004-2005, unhas 3.500 persoas adultas.
- Ante o incremento nestes últimos anos da **poboación inmigrante** o goberno do PPdeG deseñou actividades de formación específica para o profesorado e, por suposto, para este tipo de alumnado en idade de escolarización obrigatoria, así como para inmigrantes adultos que teñen problemas de adaptación polo seu nivel cultural ou polo escaso ou nulo coñecemento do idioma.
- Ante o problema da escolarización nun centro ordinario de **alumnado con trastornos graves de conduta**, creouse en Santiago un centro específico que conta cos recursos humanos e materiais axeitados para atendelo.
- Galicia é **pioneira en canto á creación de departamentos de orientación** nos centros de educación infantil e primaria, así como na creación dos equipos específicos, pois o goberno do PPdeG sempre foi consciente da transcendencia que ten para o alumnado a orientación educativa e profesional.
- Nos últimos oito anos construíronse **10 conservatorios de música en Galicia**, 2 de grao superior, 7 profesionais e 1 de danza, e propiciouse a creación e mantemento dos conservatorios e escolas de música de titularidade municipal asignándolle subvencións por un importe total, entre os anos 2001-2004, de preto de 3.383.000 euros.
- Co fin de promover a recuperación e conservación, así como o estudio e difusión do legado pedagóxico galego o goberno do PPdeG creou e abriu ao público o Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA), que

conta cun magnífico edificio propio e que está sendo visitado e admirado por números alumnos e profesores, así como por distintos colectivos. Nestes momentos iniciais da súa andadura xa conta con máis de 40.000 pezas catalogadas.

- No ámbito universitario pasamos de ter **46 titulacións universitarias**, en 1989, **hoxe contamos con 168**, que se corresponden con **96 títulos universitarios diferentes**. Estamos en **6º lugar** no ranking entre as 17 Comunidades Autónomas.
- Pasamos de **1.973 profesores universitarios**, no ano 1990, aos **5.192** no ano 2004 (Ratio alumno/profesor de 15,19).
- A **poboación universitaria ocupada** en Galicia pasou de **90.100 persoas**, no ano 1993, a **183.500**, no 2003. Entre 1993 e 2003 saíron das universidades galegas **103.924 titulados**.
- O **financiamento universitario** experimentou un importante incremento. Dende o ano 1989 ata o 2004 o goberno galego destinou a cantidade de **2.568 millóns de euros** e, no ano 2004, asinou un novo sistema de financiamento para o período 2005-2010 que ascende a **2.140 millóns de euros**. Este acordo de financiamento do sistema universitario de Galicia suporá o incremento das achegas da Xunta en máis dun **56 %** nos vindeiros cinco anos. O financiamento por estudante medrará máis dun **104 %**, pasando dos **3.364 euros** actuais aos máis de **6.800** no ano 2010.
- Os alumnos e alumnas das nosas universidades son **os segundos que menos pagan de España en concepto de matrícula**.
- Está sen transferir por parte do goberno central a competencia sobre becas; non obstante, o montante total que o Goberno do PPdeG destina no presente exercicio económico a **bolsas e axudas complementarias** ao profesorado e alumnado universitario supera os **2.600.000 euros**.

- O goberno do PPdeG sempre pretendeu que Galicia mantivese viva durante “mil primaveras máis”, un dos maiores tesouros que recibiu en herdanza: a **lingua galega**; de aí as numerosas campañas, cursos, publicacións, lectorados, axudas, etc. que vén levando a cabo e que están destinados a impulsar o seu prestixio e potenciar o seu uso. Boas e recentes mostras dese interese son a campaña **“Entre nós, en galego”** e a elaboración do **Plan xeral de normalización da lingua galega**, aprobado por unanimidade polo Parlamento de Galicia.

As Nosas Propostas

- *Mellora da convivencia nos centros educativos*
- Estanse a levar a cabo accións promovidas e executadas coa finalidade de erradicar dos centros educativos galegos calquera manifestación de violencia.
- As liñas de actuación do plan de mellora de convivencia serán a prevención do “maltrato entre iguais”, a intervención en situacións de violencia nos centros e a colaboración con organismos e axentes implicados na educación.
- Entre as accións máis relevantes poden salientarse as seguintes:
 - Observatorio sobre a convivencia
 - Campañas de sensibilización
 - Atención á diversidade
 - Educación en valores
 - Traballo social
 - Teléfono de recepción de denuncias
 - Mediación escolar
 - Vixilancia e control

- *Plan de apoio aos comedores escolares*

- Con base na nova normativa de comedores escolares, que se aprobará no presente ano, e co fin de acadar a necesaria conciliación entre a vida familiar e laboral desenvolverase un plan sobre os seguintes eixes:

- Colaboración, mediante convenios, con institucións e entidades públicas para a creación e xestión de comedores escolares e organización de actividades de atención ao alumnado, matinais ou vespertinas, antes do inicio da actividade lectiva ou despois da mesma.

- Menús alternativos para o alumnado do centro que por problemas de saúde, intolerancia a algúns alimentos, crenzas relixiosas ou outras circunstancias debidamente xustificadas, requira dun menú especial.

- Dotación do equipamento e adecuación dos locais para uso plurifuncional como comedores e complementariamente para actividades extraescolares.

1. **Completar a implantación da figura do acompañante no transporte escolar.** Implantarase en todas as rutas con máis do 50% de viaxeiros menores de 12 anos, a fin de contribuír á seguridade do alumnado no seu traslado aos centros docentes. No curso 2007-2008, prazo sinalado para a implantación total, o orzamento asignado ascenderá a máis de 25 millóns de euros.

2. **Continuación do programa de gratuidade dos libros de texto** para todos os alumnos de ensino obrigatorio escolarizados en centros sostidos con fondos públicos ata completar todos os cursos. Para o próximo 2005-2006 ampliarase a dous novos cursos, de maneira que xa van ser catro os cursos nos que o alumnado conte con libros de texto completamente gratuitos.

3. **Concertación total da educación infantil.** O goberno do PPdeG continuará concertando, de xeito progresivo, a educación infantil para que ao inicio do curso 2007-2008 estea concertada toda esta etapa educativa.

4. Apoio decidido á función docente: formación permanente, desenvolvemento profesional e mellora das condicións de traballo dos profesionais da ensinanza.

- **Estatuto galego da función pública docente** recollerá toda a normativa que é aplicable aos funcionarios que imparten ensinanzas escolares. Abranguerá aspectos como a ordenación da función pública docente, a ordenación da actividade docente, a selección do persoal, o comezo e a extinción da relación de servizos, o réxime de dereitos e deberes, etc.
- **Melloras das retribucións e da función titorial.** No ano 2006 remata o actual acordo retributivo coas organización sindicais ANPE, CSI-CESIF, CCOO, FETE-EXT. É necesario proceder a unha negociación que impida un novo desfase retributivo que xa se está a producir como consecuencia de incrementos noutras CC.AA.

O PPdeG considera que o acordo deberá encadrarse nun contexto de compromiso de todos os axentes sociais pola mellora da calidade do ensino, incluída especificamente a función titorial.

- **Equiparación docente de horarios do profesorado que imparte ensinanzas escolares.** Tratarase de que sexa semellante, con independencia do corpo de procedencia.
- **Elaboración dun novo *Plan marco de formación do profesorado*.**
- **Potenciación da formación a distancia mediante a utilización de PLATEG@**
- ***Sistema de información da educación galega (SIEGA)***
- **Implantación progresiva do ordenador portátil.** (108.750 ordenadores portátiles).
- **A principios do próximo curso académico 2005-2006, coa conexión das escolas unitarias, teremos con acceso gratuito a internet a todos os centros docentes de Galicia.**

- Redución da ratio alumno/ordenador, **2 alumnos por ordenador**. (Total de ordenadores 131.500).
 - **Tarxeta electrónica, académica e/ou profesional de cada alumno**. Entre outros datos educativos conterá todo o itinerario formativo do alumno e a súa cualificación profesional cara a maior facilidade de inserción laboral. (Nº tarxetas 450.000).
 - **e-Educación na casa**. Acceso a contidos educativos a través de Internet e da televisión dixital.
 - **E-mail para os pais e nais**.
 - **Creación dun espazo virtual para toda a Comunidade educativa**.
1. **Plan renove de infraestructuras e equipamento dos centros educativos**. Procederá á renovación daqueles centros educativos que, debido á súa antigüidade requiren de medidas específicas de actuación, así como á renovación de equipamentos dos ciclos formativos de formación profesional.
 2. **Total accesibilidade nos centros educativos**, baixo criterios de accesibilidade física (minusvalías) e tecnolóxica (audio, voz, datos, internet, etc.), de acordo con criterios medioambientais e urbanísticos, integrada no territorio e adaptada ao uso das enerxías alternativas.
 3. **Construcción de patios cubertos en todos os centros educativos**. Todos os centros docentes contarán con espazos cubertos para tempos de lecer, esparcemento e actividades deportivas.
 4. **Implantación progresiva do ensino bilingüe**. Vaise proceder a ampliar o plan de seccións europeas, destinado ao desenvolvemento de clases de ensino bilingüe, lingua galega ou castelán/lingua estranxeira en materias non lingüísticas.

5. **Potenciación da integración da formación profesional.** Impulsarase o funcionamento efectivo da Axencia de xestión integrada, calidade e avaliación da formación profesional e a ampliación da rede de centros integrados.
6. **Reestructuración da oferta de axudas para a participación en programas europeos,** establecendo como meta que todos os centros de ensino obrigatorio poidan participar nas iniciativas europeas a través dos programas educativos da Unión Europea.
7. **Plan de mellora das bibliotecas escolares e potenciación da lectura.** Preténdese revitalizar as prácticas educativas e a vida cultural dos centros. Entre as previsións máis salientables pódense destacar as axudas aos centros a través da actualización dos fondos documentais, a realización de actividades de fomento da lectura; a publicación de materiais de apoio, etc. Porase en marcha tamén un programa para a actualización da rede de bibliotecas escolares, mediante a selección de proxectos elaborados polos centros educativos, que contarán con asesoramento e cunha axuda económica de 250.000 euros.
8. **Transferencia de competencias sobre bolsas de réxime xeral e apertura da negociación coa Administración do Estado** sobre o traspaso dos medios materiais e persoais necesarios para a asunción das novas competencias na materia, reorganizando os servizos nos que se residenciarían as novas funcións.
9. **Potenciación dunha orquestra dos conservatorios superiores de música e promoción das ensinanzas de música.**
 - Propiciaranse encontros e formación conxunta dos alumnos dos conservatorios superiores en práctica orquestral cara a formación dunha orquestra de alumnos de ambos conservatorios.
 - Promoveranse as ensinanzas musicais a través de concertos didácticos en centros de ensino obrigatorio, a cargo dos conservatorios profesionais de música.

- *Impulso ás nosas universidades*

- A **reestructuración do sistema universitario galego** en base á converxencia europea, coa adaptación das titulacións a un novo catálogo de títulos que elaborará o MEC, de acordo coa nova estrutura de grao e postgrao.
- O **desenvolvemento do plan de financiamento**, aprobado xa nun plan plurianual ata o 2010, que esixe dun desenvolvemento e axuste aos criterios de calidade que se fixen nos tramos que serán competitivos a través dos contratos-programa que se definirán.

A potenciación da **Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego**, co seu papel cara a acreditación do profesorado, a certificación de calidade dos futuros graos e postgraos e a formación do profesorado para súa integración no espazo europeo de educación superior.

II.5.2 Emprego e Inserción Laboral

Emprego e inserción laboral. Estabilidade e loita contra a precariedade

Especialmente mirando á Xuventude porase en pé un Plan pola Calidade e Estabilidade do Emprego, que se consensuará cos axentes sociais, cos seguintes obxectivos:

- Mellorar os *axustes ás demandas reais nos mercados de traballo a través de políticas de formación vinculadas ao emprego*. A capacidade e a valía é a mellor garantía de estabilidade.
- Aportar *canais de información profesionais* activos que faciliten que as dispoñibilidades de emprego sexan realmente ben coñecidas. E crear as bases dunha nova cultura laboral para que todos saiban cales deben ser as liñas de actualización necesaria para afrontar as demandas cambiantes.
- Fomentar a *aprendizaxe constante no posto de traballo*, polo ben das empresas e polo ben dos traballadores. De tal xeito que, cunha eficacia conxunta renovada permanentemente, se teñan maiores posibilidades reais de desenvolver a súa carreira profesional na empresa; e estas poidan acadar mellores niveis de competitividade e permanencia no mercado.

Reducir as taxas de temporalidade

A Xunta de Galicia, pola distribución de competencias definidas na Constitución, non dispón de todos os instrumentos para aplicar unha política de eficacia total na redución das taxas de temporalidade.

Cos gobernos estatais do Partido Popular logrouse unha importante redución da taxa de temporalidade. Pero agora, co PSOE no Goberno Central voltouse a subir no conxunto de España.

En Galicia lideraremos propostas de cambio legislativo e laboral xerais para reducir a temporalidade ante o Goberno Central. Pero, independentemente destas iniciativas, estamos a aplicar e fomentaremos medidas compensatorias propias para evitar que este problema se incremente en Galicia. E seguirémolo facendo con todos os nosos resortes de goberno e con toda a nosa vontade política. Por elo:

- Estableceremos un *estricto control sobre o correcto emprego das fórmulas* de contratación temporal. Os abusos son inaceptables dende un simple punto de vista humano.
- Abordaremos *unha reforma do Servizo Público de Emprego*, mellorando o seu funcionamento no que atinxe aos procedementos de inscrición e clasificación dos demandantes de emprego, adecuación dos demandantes ás necesidades do mercado de traballo, mellora dos sistemas de orientación laboral e potenciación dos sectores emerxentes.
- Igualmente, para unha total accesibilidade aos traballadores galegos, procederemos a unha *redistribución das oficinas de emprego*, buscando un maior achegamento destas aos usuarios ou potenciais usuarios, redimensionando algunhas delas e creando outras.

Os programas de apoio deste novo programa de emprego, tendo en conta os sectores de poboación, serán os seguintes:

INSERCIÓN LABORAL DA XUVENTUDE

Así mesmo, dentro das políticas xerais de emprego, contemplaremos accións específicas para o fomento do emprego xuvenil estable. Xa o Goberno do PPdeG, dun xeito innovador e pioneiro, deseñou na pasada lexislatura un programa, o Plan Labora, para fortalecer a ocupabilidade dos mozos galegos sen experiencia laboral previa.

Na vindeira lexislatura, propoñémonos reforzar os aspectos cualitativos do emprego dos mozos, facilitando o acceso a empregos máis estables e reforzando as accións naquelas zonas nas que, como sucede no medio rural, son menores as oportunidades de emprego. Este novo pulo concretarémolo en tres novas medidas de emprego positivas:

- Apoiando os *contratos en prácticas dunha duración mínima de 12 meses*.
- Aplicando un *programa específico para os universitarios galegos* que lles permita traballar nos últimos anos de carreira, sempre que teñan superado o 50% dos créditos e que o posto corresponda aos seus estudos. (2005)
- Un novo Programa Labora para os universitarios. Igualmente continuarase co Programa Labora vinculado á empresa.

APOIO Á INICIATIVA EMPRENDEDORA

En Galicia estanse a crear permanentemente novas empresas de toda condición, sector económico e tipo xurídico. Vamos seguir apoiando a iniciativa emprendedora das nosas xentes. A súa potencialidade, a estas alturas do século XXI, está afortunadamente fora de dúbida.

A Xunta ten unha función de apoio, colaborando á viabilidade destas iniciativas, difundindo os acertos para unha mellor extensión e estimulando o xurdimento daquelas onde existe un potencial recoñecido.

Promoción do traballo autónomo, modulando as axudas en función do colectivo de que se trate. Pola súa flexibilidade e axuste permanente ás necesidades cambiantes, as formas laborais autónomas teñen un gran peso en Galicia e estimamos que non esgotaron todo o seu potencial. Axústanse de forma natural á cultura económica galega, de responsabilidade propia, liberdade de iniciativa e agudeza para detectar oportunidades económicas que outras formas organizativas non son capaces de atender.

Incentivos á creación de emprego en cooperativas e en sociedades laborais, completando as medidas contidas no *Plan Estratéxico do Cooperativismo*. Esta forma asociativa cobrou un merecido prestixio no mundo rural, se ben o seu valor quedou demostrado na agroindustria, os servizos financeiros, a produción directa e a comercialización. Ten un potencial ilimitado para afrontar novos retos, dada a nosa específica estrutura socioeconómica.

Identificación dos sectores emerxentes e novos xacementos de emprego. O crecemento implica sempre elaboración de novos produtos, innovación e cambio de procesos. Cunha poboación cada vez máis preparada en todas as ordes, o mellorar a identificación do que está tendo futuro e do que son posibilidades reais de xeración de emprego, é tarefa dunha importancia evidente. A Administración e a sociedade teñen que traballar conxuntamente para actuar como un auténtico observatorio do dinamismo económico e laboral.

Mellora dos *servizos de asesoramento* a emprendedores, así como da cualificación dos técnicos de emprego. A cualificación e motivación de todos os que traballamos facendo unha nova Galicia en cada espazo da nosa responsabilidade. Temos a obriga de renovarnos e mellorar permanentemente. A procura da excelencia non é unha aspiración restrinxida a un pequeno grupo de persoas dunha elite empresarial. Hai que estendela a todos os ámbitos da nosa sociedade.

Incremento das axudas aos proxectos cualificados como *iniciativas de emprego de base tecnolóxica*. A maduración técnica e científica de Galicia é xa unha realidade. Existe unha capacidade demostrada para abordar proxectos con forte composición da ciencia e a súa aplicación básica. O apoio público non debe ser máis que a súa continuación natural.

Incentivo á *contratación indefinida de mozos vinculados a proxectos de I+D+I*. A propia natureza desta actividade require tempo de maduración. A estabilidade dos investigadores é imprescindible. Incentivar a súa contratación indefinida é, neste caso, ademais dunha necesidade social, unha condición de eficacia profesional directa.

II.5.3 Vivenda

Balance:

Galicia, a Comunidade con menor incremento nos prezos da vivenda

En 1995, Galicia era a sétima Comunidade cos prezos de vivenda máis baixos. Dende 2003 situouse como a terceira.

A política de vivenda aplicada polo PPdeG foi un dos principais factores que contribuíu a que Galicia sexa a Comunidade Autónoma na que menos se incrementan os prezos da vivenda dende 1990.

Un menor esforzo para acceder a unha vivenda

Galicia sitúase *entre as tres Comunidades na que é menor o esforzo de acceso á vivenda*, expresado en porcentaxe de ingresos de cada familia destinado á súa adquisición.

No caso dos mozos, segundo os datos máis recentes do Consello da Xuventude de España, este esforzo é un dun 22% no caso dun fogar mozo e dun 38% para unha persoa, o que supón **14 puntos porcentuais** por debaixo da media española.

Unha atención moi especial aos que menos teñen

Galicia é a *Comunidade Autónoma que maior porcentaxe de subvención outorga aos adxudicatarios de vivendas de promoción pública*, subvención que pode acadar o 50 por cento do prezo da vivenda.

A porcentaxe de vivendas de promoción pública sobre o total de vivendas construídas, sitúa a *Galicia entre as Comunidades que maior esforzo realizan neste eido*. A porcentaxe galega (9,1% do total de vivendas construídas) **case dobra á media española (4,7%)**.

Dende 1990 foron licitadas case 9.000 vivendas de promoción pública, cun investimento de preto de 454 millóns de euros, beneficiando a máis de 35.000 cidadáns.

Os mozos, a prioridade

Por iso Galicia foi a primeira Comunidade Autónoma que estableceu unha axuda directa para a adquisición de vivendas destinada especificamente aos menores de 35 anos, que logo foi incorporada polo Estado ao Plan Cuatrienal de Vivenda. Tamén fomos nós os que establecemos a reserva para menores de 35 anos do 20% das vivendas de promoción pública.

Pero nestes últimos catro anos foi necesario buscar novas medidas que deran resposta aos retos máis actuais, como o incremento do prezo da vivenda ou o escaso desenvolvemento do mercado de alugamento. Así foron incorporados dou **novos programas pioneiros**:

A *Hipoteca Xove*, destinada a facer máis doada a adquisición de vivenda aos mozos ofrecendo préstamos hipotecarios en condicións preferenciais sen gastos de xestión.

A *Bolsa de Vivenda en Alquiler*, que pretende impulsar a saída ao mercado das vivendas valeiras e fomentar así o alugamento, concedendo subvencións ao inquilino e facilitando vantaxes ao propietario, como o seguro de fogar e un aval para garantir o cobro da mensualidade. En pouco máis dun ano, xa están incorporadas á Bolsa máis de 5.000 vivendas, e o ritmo de sinatura de novos contratos supera xa os 300 por mes.

O 20% dos galegos gozaron dunha axuda pública para acceder a súa vivenda

No período de goberno do PPdeG, case o 20% dos galegos teñen desfrutado dunha axuda pública dos plans de vivenda autonómicos e estatais que lles facilitou o acceso a súa vivenda, nun claro exemplo da prioridade que este partido concede ás políticas solidarias.

Urbanización de solo residencial, construcción de vivenda de promoción pública, fomento da vivenda protexida, fomento da rehabilitación no medio rural e urbano , hipoteca xove e bolsa de vivenda en alugueiro constitúen os piares que permiten manter a **Galicia coma unha das tres Comunidades Autónomas nas que resulta máis doado acceder a unha vivenda.**

Para consolidar e mellorar a situación do acceso á vivenda en Galicia, o PPdeG comprométese a levar a cabo varias medidas, que se expoñen a continuación:

Propostas

- *Unha política dirixida aos mozos e ás rendas medias e baixas*

A política de vivenda do PPdeG ten como principal finalidade facilitar o acceso a unha vivenda digna aos cidadáns, cunha atención prioritaria aos mozos e ás rendas medias e baixas. De feito, todas as medidas propostas teñen sempre presentes a eses dous colectivos, que son os que máis necesitan do apoio da Administración para poder facer realidade os seus proxectos vitais.

Vivendas protexidas para as rendas medias e baixas

No PPdeG cremos que facilitar ao acceso á vivenda aos máis desfavorecidos non debe ser tan só unha prioridade senón unha obriga de calquera goberno:

- **Incrementaremos nun 30% a media anual de vivendas de promoción pública construídas**, e así Galicia seguirá a ser unha das tres Comunidades Autónomas nas que máis vivenda pública se constrúe en termos relativos.
- **Impulsaremos a implicación das institucións sen fin de lucro e ONG's** para que, mediante a construción ou rehabilitación de vivendas en réxime de arrendamento, contribúan á **integración de colectivos en risco de marxinación**. As axudas cubrirán ata o **ata o 30%** do custe das súas actuacións neste eido.
- **Incrementaremos nun 45% o número de axudas dirixidas á erradicación da infravivenda rural e o chabolismo**, nas que subvencionaremos **ata o 80%** do custe das actuacións que serán realizadas en colaboración con concellos.

Máis facilidade para que os mozos accedan a unha vivenda en propiedade ou en aluguer:

- **25.000 mozos serán propietarios** dunha vivenda á fin da lexislatura grazas á ***Hipoteca Xove***, coa que terán a disposición préstamos con condicións preferentes -negociadas pola Xunta coas entidades financeiras- e sen gastos de xestión e tramitación.
- Os menores de 35 anos poderán acceder a **axudas especiais para alugar unha vivenda**, que poden chegar ata o 65% da renda mensual, 15 puntos por riba da porcentaxe máxima de subvención que se aplica con carácter xeral.

Urbanización de solo residencial para 12.000 vivendas protexidas nas sete grandes cidades

Seguiremos adquirindo e urbanizando solo residencial para facilitar e fomentar a construción de vivenda protexida nas sete grandes cidades galegas, o que contribuirá ademais á contención do prezo da vivenda libre.

Cheque autonómico para a adquisición de vivenda

Ademais de seguir xestionando as axudas dos plans de vivenda estatais, nos que Galicia é unha das Comunidades con mellor cumprimento de obxectivos, comprometémonos a **incrementar as axudas autonómicas para facilitar a adquisición de vivenda**.

- Crearemos un novo instrumento que contribuirá a facer máis doada ás familias a compra dunha vivenda: o **cheque autonómico para adquisición de vivenda**. Con este ***cheque autonómico*** o volume das axudas variará en función das **circunstancias concretas de cada familia**, como o número de fillos ou a existencia de minusválidos ou maiores de 65 anos ao seu cargo.

- No caso de menores de 35 anos, subvencionaremos o 100% dos gastos notariais, rexistrais e bancarios que conleva a formalización da hipoteca.

20.000 vivendas en aluguer

Galicia é pioneira nas políticas de vivenda en España, como o demostra a posta en marcha da Bolsa de Vivenda en Alugueiro. Na vindeira lexislatura queremos darlle aínda máis protagonismo a este programa, prestando unha atención preferente aos mozos:

- Multiplicaremos por catro o número de vivendas alugadas ao abeiro da Bolsa ata chegar ás 20.000 vivendas en alugueiro.
- Tamén melloraremos o destino social das axudas, que poderán chegar *ata o 50% da renda mensual, cun reforzo adicional do 15% en caso de mozos ou maiores de 65 anos.*

Galicia, a primeira Comunidade en rehabilitación rural e urbana

Ademais de facilitar o acceso a unha vivenda digna, co fomento da rehabilitación poñemos en valor un patrimonio que ten ademais un importante valor histórico e impulsamos a revitalización do tecido urbano e social das cidades e vilas galegas.

Na vindeira lexislatura queremos seguir sendo líderes en rehabilitación, e por iso:

- Asumimos o compromiso de incrementar nun 21% o número de vivendas rurais e urbanas rehabilitadas grazas ás axudas da Comunidade Autónoma.
- Continuaremos coa adquisición e rehabilitación integral de edificios nos cascos históricos, destinando as vivendas resultantes a aluguer con preferencia para a xente nova.

- Impulsaremos a **rehabilitación integral de núcleos rurais completos** en estado de abandono ou semia-bandono por parte da iniciativa privada, con axudas que poden chegar ao 30% do presuposto protexido, sendo destinadas as vivenda á venda con prezo reducido.

En total, o PPdeG comprométese a *impulsar* nos vindeiros catros anos **máis de 60.000 vivendas e axudas** das que se beneficiarán máis de 200.000 galegas e galegos.

Con esta política, Galicia consolidará a **súa posición entre as dúas ou tres Comunidades Autónomas con mellores resultados en política de vivenda**, e seguiremos sendo:

- A primeira en vivendas en aluguer cunha menor renda mensual, grazas á subvención autonómica.
- A primeira en rehabilitación de vivendas nos cascos históricos e no rural.
- A primeira na formalización de préstamos hipotecarios preferentes para que os mozos sexan propietarios de vivendas.
- Unha das tres CC.AA. con menor esforzo de renda familiar para a adquisición dunha nova vivenda.
- Unha das tres CC.AA. en urbanización de solo público para facilitar a construción de vivendas protexidas.

II.5.4 Xuventude activa e solidaria

Balance

- Ao longo destes anos de goberno popular, a xuventude galega contou cuns plans globais dirixidos a ofrecer alternativas e programas que lle brindase unha maior autonomía. Estes plans tiveron un soporte orzamentario que permitiu achegar aos mozos e mozas galegas medidas pioneiras en toda España como foi o caso do Programa “Labora” en materia de emprego ou a “Hipoteca Xove” e a “Bolsa de Aluguer” no ámbito do acceso á vivenda.
- O Plan de Acción Xove 2000-2003, cun orzamento de un total de 768 millóns de euros, foi un marco no que se desenvolveron accións en todos os ámbitos de interese para a xuventude: a educación, o emprego, a vivenda, a cultura, o lecer, a participación, a mobilidade, etc.
- Na actualidade estase desenvolvendo o Plan Estratéxico de Xuventude, 2004-2007 que conta cun orzamento de 1.250 millóns de euros.
- A Rede de Información e Documentación Xuvenil de Galicia conta con 248 oficinas Municipais de Información Xuvenil, 69 Puntos de Información Xuvenil, 21 Servizos de Información propios, garantindo a cobertura de todo o territorio galego.
- Así mesmo, tentouse dar resposta a unha información máis especializadas a través de novos servizos como a Oficina de Información Europea para Xoves, a oficina Transfronteiriza, as Oficinas de Servizos Integrados para a Xuventude Universitarias (OSIX) .

- As novas tecnoloxías están presentes nos programas dirixidos á Xuventude. O Portal www.rix.org como punto de información conta cunha alta participación da xuventude, así dende 1997 ata o 2004 foron preto de 1.370.000 os mozos que o visitaron.
- Fomentamos as actividades dirixidas a promover entre os mozos e mozas un uso saudable e formativo do lecer e do tempo libre. Programas que tentaron as adquisicións de conductas correctas na condición (máis de 15000 mozos) como é o Programa Conducción Segura, Campaña de verán (máis de 11.000 mozos e mozas cada ano participaron nestes programas), Galicianet (máis de 7.000 mozos e mozas participaron nestes encontros), e Espráite (máis de 40.000).

As Nosas Propostas

• *Asociacionismo e participación*

- Propoñemos unha actuación que vaia máis aló das políticas **para** a xuventude. Dende o PPdeG queremos facer unha política **coa** xuventude, ofrecéndolle novas oportunidades para canalizar esas inquedanzas e poder contribuír activamente, aportando os seu puntos de vista, ao desenvolvemento de Galicia.
- As asociacións xuvenís son o espazo axeitado para o aprendizaxe e vivencia de participación. Destacando que a súa permanente renovación por motivos de idade dos seus compoñentes, precisa dunha atención especial de poderes públicos para reforzar estes movementos sociais. O PPdeG **sempre fomentará a participación da xuventude no tecido asociativo**, e tentará acadar as mellores condicións para o fortalecemento das asociacións a través do desenvolvemento de **programas específicos de formación e asesoramento integral**.

• *Equipamentos e recursos para a xuventude*

- O PPdeG considera que é preciso resaltar o necesario carácter transversal das políticas de xuventude e que debe alcanzar a todas as actuacións do goberno.
- Consideramos necesario que exista un organismo capaz de servir á vez como elemento coordinador e impulsor das políticas que se vaian realizar coa mocidade nas diferentes áreas de goberno e, ao mesmo tempo, que sirva como referencia e punto encontro e participación para a xuventude e como observador da realidade xuvenil.
- Crearemos o INXOVE (Instituto Xove), que será o organismo encargado de marcar as futuras actuacións a desenvolver coa xuventude en Galicia, atendendo ás súas demandas principais. É o primeiro paso

para, en definitiva, **transformar as estruturas políticas e administrativas dirixidas á xuventude para facelas máis próximas a este sector da poboación e que poidan identificarse doutro xeito con elas.**

- **Crearemos tamén o Observatorio da Xuventude,** dependente do INXOVE, será un órgano consultivo colexiado que se dedicará á investigación, documentación e formación, así como ao establecemento dun sistema de información e atención á xuventude
- **Nunha sociedade cada vez máis globalizada, é deber das políticas de xuventude do PPdeG procurar e incentivar a mobilidade da nosa xente moza,** non só para a consolidación do sentimento de cidadanía europea, senón tamén para o coñecemento de linguas, a diversidade cultural e a formación dunha cidadanía activa.
- **Seguiremos ofrecendo máis e mellores servizos de información e asesoramento sobre os temas que incidan especialmente na súa saúde, con especial atención ao consumo de drogas, a seguridade viaria, a sexualidade, ou os trastornos alimentarios.**
- **Difundiremos, a través de guías e programas, as prácticas de vida saudable para a xuventude,** acadando, en último termo, mesmo a participación dos propios mozos como informadores doutros, e non só como receptores destes programas.
- **Continuaremos elaborando guías prácticas para a información naquelas materias de maior materia de interese para a xuventude, tras o éxito da difusión das correspondentes en materia de vivenda e consumo, seguiremos coas de emprego, lecer, Europa, etc.**
- **Continuaremos realizando os certames de creación artística para a mocidade (“Na Vangarda”), sempre cun espírito renovador, adaptándoos ás novas tendencias e o punto de vista de achegar á xuventude á creación cultural como forma de expresión e como posible saída profesional**

- **Voluntariado**

- **Protexeremos o papel do voluntariado como apoio a tarefas de índole social**, pero debemos tamén prestar atención a determinadas áreas nas que o papel dos voluntarios pode ser destacado.
- **Deste xeito, contemplaremos o recoñecemento do voluntariado en novas actividades de interese xeral** como é no eido vial, tal e como se fixo co proxecto Dummie, co lema: “Non sexas Dummie, controla o que bebes”, difundido por voluntarios formados previamente en temas de saúde e tráfico.
- **Fomentaremos o voluntariado das persoas maiores**. Hai que desterrar o mito da persoa maior como ser exclusivamente dependente e fomentar a súa actividade solidaria, pois somos conscientes de que unha persoa, a pesares de ter rematado a súa vida laboral, pode aportar a súa capacidade e coñecementos para contribuír ao desenvolvemento da nosa sociedade.
- **Estableceremos a normativa reguladora da figura da persoa voluntaria que actúa en situacións de emerxencia** e que non ten por que estar adscrita a organización de voluntariado algunha cando se ofrece a prestar a súa axuda. Agora ben, a actividade que realice deberá estar suxeita ás mesmas obrigas e dereitos das persoas voluntarias que desempeñan o seu labor no seo dunha entidade de acción voluntaria.
- **Remataremos a construción de ESTAVOL**, a Estación Galega do Voluntariado, onde van recibir formación todas as persoas voluntarias (de entidades, organismos ou particulares) que o desexen, en diferentes ámbitos de actuación: ambiental, cultural, de saúde, deportivo, social, novas tecnoloxías, unha formación axeitada para poder desenvolver o seu labor da mellor maneira posible.
- **Por outra banda, fomentaremos as canles de comunicación fluída cos concellos e apoiar o desenvolvemento dunha Rede Galega do Voluntariado**, que una á maior parte das entidades locais posibles. Así, poderán compartir información sobre proxectos de solidariedade, programas de formación, novos

instrumentos de apoio para as entidades de voluntariado, en fin, ter información puntual e exacta de todo o que acontece arredor do labor solidario.

- ***Novas tecnoloxías***

- A xuventude galega de hoxe en día ten grandes oportunidades de participación e comunicación, sobre todo pola inmersión tecnolóxica que están a descubrir. Agora ben, o PPdeG xa se ten comprometido coa obriga de facilitar o acceso á alfabetización dixital á toda a xuventude do noso país para que non queden fora das novas tecnoloxías no futuro, que serán de obrigatorio coñecemento para calquera tipo de ocupación.

Así, a Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil xa funciona como canle de información –constantemente actualizada– de todas as actuacións da Xunta de Galicia en materia de xuventude, en comunicación directa coa nosa mocidade.

- **É prioritario conseguir que todos os cidadáns, e dun xeito especial, as empresas teñan acceso a infraestructuras de banda ancha, polo que unha vez avaliadas as tecnoloxías dispoñibles e a situación das nosas infraestructuras públicas e privadas de telecomunicacións, o goberno do PPdeG xa está a estender este recurso a todos os concellos de Galicia co fin de que exista o maior número de usuarios posible**
- **Por outro lado, o alto grado de informatización ao que aspiramos para Galicia e a grande sensibilidade e preocupación do PPdeG por garantir os dereitos fundamentais dos cidadáns, fan oportuna, así mesmo, a posibilidade de crear unha Axencia Autonómica, plenamente independente e obxectiva, que potencie o achegamento da Administración aos cidadáns nunha sociedade da información máis transparente e democrática.**
- **Evidentemente todo este proceso necesita, xunto coas infraestructuras, dunha intensa actividade formativa, non só das persoas máis novas a través do sistema educativo regrado, senón tamén das persoas que, pola súa idade máis avanzada ou por non estar en contacto permanente con estas tecnoloxías, corren o risco de quedar illadas se non son capaces de acceder a estas novas formas de comunicación.**

II.5.5 Deporte

Balance

- No últimos quince anos acometeuse un proceso de modernización das estruturas do deporte en Galicia, dende a normativa, coa Lei Xeral do Deporte de Galicia de 1997 ata a actual dotación de infraestructuras e equipamentos deportivos, ou a paulatina consolidación dos deportistas e equipos de elite galegos.
- Paulatinamente foron realizándose modificacións normativas para adaptarse aos novos tempos e, así, publicouse o *decreto 6/2004, do 8 de xaneiro, polo que se regula a cualificación dos deportistas galegos de alto nivel e os programas de beneficios dirixidos a estes*, que ven a cubrir o baleiro normativo existente ata o momento, e o *decreto 116/2004, do 27 de maio, polo que se crea a Comisión Galega para a Prevención da Violencia no Deporte*.
- No ámbito das infraestructuras tense avanzado de forma determinante nos últimos anos. O esforzo inversor, cifrado en máis de 143 millóns de euros dende 1989, permítenos afirmar que o tecido básico de infraestructuras deportivas goza dun satisfactorio grao de consecución.
- A firme aposta da Xunta de Galicia polo fomento da práctica deportiva entre os nenos galegos, ten boa mostra no esforzo inversor realizado dende a administración autonómica.
- A dotación orzamentaria destinada ao deporte escolar entre os anos 2000 a 2004 é de 8.157.611 €, incrementándose o número de participantes de 55.055 na campaña 99/00 a 57.887 na campaña 03/04, aos que se deben engadir os preto de 45.000 rapaces participantes nas actividades de deporte escolar federativas sufragadas, de forma íntegra, con orzamentos da Xunta de Galicia.

- Elemento clave na política deportiva galega é o Centro Galego de Tecnificación Deportiva. Na liña de crecemento vivida nos últimos anos, o C.G.T.D. aloxará, no marco do curso académico 2004/2005, a un total de 145 deportistas (98 deles internos), practicantes de 9 modalidades deportivas (taekwondo, atletismo, piragüismo, remo, tenis, judo, triatlón, loita e natación) fronte as sete do curso lectivo anterior (taekwondo e atletismo son de nova incorporación).

As Nosas Propostas

• *Apoio e fomento da práctica deportiva*

- O PPdeG avoga por unha práctica deportiva como actividade cunha dobre vertente, competitiva e de lecer, pero tamén como unha actividade intimamente relacionada coa saúde dos galegos e galegas.
- **Queremos consolidar os hábitos deportivos da poboación galega.** O PPdeG impulsará a consolidación dos *hábitos deportivos* da poboación. Para elo iniciará unha serie de medidas dirixidas ao deporte de mera actividade, sensibilizando aos galegos e galegas dos *beneficios da práctica física ou deportiva habitual* e fomentando o asociacionismo.
- **Fomento do Deporte ao Aire Libre.** Fomentaremos o aproveitamento das zonas deportivas non convencionais na xeografía galega, camiños, espazos naturais, praias...etc para fomentar a práctica de actividades deportivas ao aire libre.
- **Potenciaremos a páxina WEB www.deportegalego.es.** A través deste escenario ofrecerase todo tipo de información relacionada con cada unha das expresións do deporte galego: resultados, clasificacións, campañas de fomento deportivo, tecnificación deportiva, captación de talentos, investigacións, noticias sobre o deporte federado, universitario, escolar, municipal, etc.
- **Elaboraremos o Plan de Dinamización Deportiva.** Entre as súas accións, á marxe das subvencións económicas, activarase o funcionamento dende a Xunta dun equipo de asesoramento para os Concellos galegos que precisen axuda para planificar e desenvolver as súas políticas deportivas.
- **Crearemos a figura do Dinamizador galego do Deporte para Todos,** facilitando aos concellos máis pequenos a súa contratación.

- **Crearemos o Carné Deportivo Galego.** Entre outras vantaxes, facilitará o acceso dos deportistas que o posúan a todas aquelas instalacións deportivas galegas, cuxa entidade titular teña subscrito o convenio correspondente coa Xunta.
- **Desenvolveremos programas que favorezan a incorporación de colectivos de especial atención ao mundo do deporte.** Existe un sector da sociedade, como os colectivos con disfuncións físicas, psíquicas ou sensoriais, para os que a práctica deportiva lles permite acadar a readaptación física e psicolóxica e a súa integración social. Nesta liña, articularanse coas federacións deportivas galegas, actuacións e campiónatos en escenarios conxuntos. Así mesmo seguindo a política iniciada polo PPdeG seguiranse recoñecendo Deportistas Galegos de Alto Nivel cos mesmos beneficios e dereitos que o resto dos deportistas.
- **Campaña Deporte e Saúde: Galicia en movemento.** Propiciaremos a divulgación dos beneficios da práctica deportiva a través dos medios de comunicación, co obxectivo de aumentar o número de galegos e galegas, adultos e pertencentes á **Terceira Idade**, que practican deporte regularmente, en calquera época do ano.
- **Realizaremos Campañas contra a obesidade infantil a través da práctica deportiva,** co fin de reducir o sedentarismo e aumentar a práctica deportiva entre os escolares galegos.
- **Crearemos a Comisión Galega Anti Dopaxe,** como órgano de asesoramento, seguemento e control, co fin de garantir a seguridade da práctica deportiva e permitir a máxima difusión da dimensión saudable do deporte
- **Crearemos o Centro de Medicina do Deporte.** Será un complemento imprescindible e parte integrante do **Centro de Atención Integral ao Deportista**, e servirá para garantir a adecuada preparación multidisciplinar dos deportistas, a través dos medios que as ciencias de apoio ao deporte ofrecen, nos ámbitos médico, biomecánico, nutricional, etc. y na permanente loita contra a dopaxe.

- **Equipamentos deportivos**

- **Publicaremos a Guía de Instalacións Deportivas de Galicia.** Esta guía permitirá aos cidadáns obter información fiable do tipo, estado, forma de utilización, horarios, requisitos... etc, das instalacións dispoñibles de toda Galicia.
- **Deseñaremos o novo *Plan Director de Infraestructuras Deportivas*.** Articularase en torno a plans sectoriais naquelas modalidades deportivas que mellor se adaptan á nosa realidade. Este novo Plan Director de Infraestructura inclúe a catalogación dos espazos naturais como zonas deportivas non convencionais, así como a potenciación dos deportes náuticos e o golf, pola súa estreita vinculación cos sectores turísticos, industrial e de servizos, de gran importancia para a economía galega.
- Outras medidas que se impulsarán, á marxe dos acordos puntuais do Plan Director, serán as seguintes:
 1. Recuperación deportiva do patrimonio das costas galegas, a través da reconversión en ***Centros de Actividades Deportivas e Náuticas***, de baleeiras e fábricas de conservas abandonadas.
 2. ***Rampas públicas*** de acceso para embarcacións náuticas.
 3. ***Carrís bici*** e espazos exclusivos en fin de semana.
 4. ***Circuítos e recorridos*** de sendeirismo, montañismo e espeleoloxía.
 5. ***Espazos reservados*** para Deportes Tradicionais no medio rural.
 6. Circuítos fixos de carreira continua, abertos para a práctica do conxunto da poboación, deseñados coa inclusión de estacións ximnásticas.
 7. **Circuíto de Velocidade de Galicia**

8. Pista Cuberta de atletismo de Galicia

9. Instalacións específicas de adestramento, segundo as necesidades recollidas polas federacións deportivas.

10. Proseguiremos coa construción e/ou renovación das instalacións galegas, a través de plans provinciais e/ou autonómicos.

- **Potenciaremos o uso de instalacións deportivas en horario extraescolar.** Para propiciar a máxima rendibilidade deportiva, o Plan Director de Instalacións Deportivas de Galicia regulará, a través dos correspondentes convenios, a posibilidade de utilizar unha porcentaxe importante de instalacións que se atopen baleiras trala xornada escolar.

- *Deporte base*

- O deporte de competición, en todos os niveis, tamén debe ser promovido e apoiado dende as administracións. Unha vez realizado un esforzo importante por acadar unha rede de infraestructuras deportivas estendida por todo o territorio, **cómpre agora centrar os nosos esforzos nos deportistas e nos clubs e federacións da comunidade autónoma.**

- Unha das prioridades será o fomento da actividade deportiva dende as idades máis temperás, sendo o deporte escolar unha das apostas máis firmes. Seguiremos dando un impulso á Campaña de Deporte en idade escolar.

- **Aumentaremos a oferta e calidade do Deporte en Idade Escolar.** Estudárase coas federacións galegas a incorporación de novas disciplinas á oferta deportiva en Idade Escolar, e a potenciación das actuais, para incrementar as cifras de participación dos escolares.

- **Respaldo á Olimpíada Escolar.** O PPdeG continuará impulsando e desenvolvendo anualmente a Olimpíada Escolar, incrementando o número de modalidades e creando unha subsede de deportes náuticos.
- **Melloraremos a dotación de material deportivo nos centros escolares galegos.** Impulsaremos a compra e/ou renovación do material necesario para desenvolver con normalidade a asignatura de Educación Física nos colexios e que sexa compatible tamén co seu uso no ámbito do deporte en Idade Escolar.
- **Fomentaremos a creación de Clubes Multideportivos Escolares,** coa intención de desenvolver a práctica polideportiva nas categorías inferiores.
- **Crearemos a figura do Técnico Especialista no Deporte Escolar e a do Coordinador Comarcal de Base, co fin de facilitar o acceso xeneralizado dos escolares ao deporte.**
- *Pulo ao deporte de alto nivel*
- Todos somos conscientes, así mesmo, do efecto chamada que ten un éxito deportivo para animar aos máis cativos a interesarse por un deporte. Neste senso, consideramos que o apoio aos deportistas de alto nivel debe ser unha acción prioritaria do goberno galego.
- O éxito dos últimos Xogos Olímpicos, nos que, ademais de contar cun número importante de deportistas de Galicia, puidemos ser testemuñas do primeiro ouro olímpico acadado por un galego, formado precisamente no Centro Galego de Tecnificación Deportiva, invítanos a pensar que se está facendo un labor importante dende a base, que é preciso seguir potenciando.
- Por elo, daremos un novo pulo ao Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra. Ademais do fortalecemento do seu programa, faise necesaria unha redefinición dos seus obxectivos, dada a

crecente demanda de deportistas de alto rendemento, como centro permanente dos seus adestramentos.

- **Impulsarase a súa reconversión en Centro de Alto Rendemento e Tecnificación Deportiva de Galicia (C.A.R.),** para permitir que os nosos mellores deportistas, dende os 14 anos, ata a finalización da súa carreira deportiva, poidan compatibilizar os adestramentos máis esixentes cos seus estudos ou actividade laboral, sen ter que afastarse excesivamente do seu entorno.
- **Crearemos o Centro de Atención Integral ao Deportista.** Os deportistas galegos, ademais daqueles beneficios que poida aporta-lo C.A.R., disporán de todos os servizos necesarios para a súa correcta preparación nun único centro, que ademais de aglutinar ao Centro de Medicina Deportiva, ofrecerá o necesario asesoramento psicolóxico, xurídico, laboral e académico para os que o precisen.
- **Crearemos Centros Deportivos especializados.** Xa comezaron as obras de varios centros satélites dependentes, como son o Centro Especializado de Tecnificación Deportiva en Vilagarcía, e o Centro Especializado de Alto Rendemento Deportivo de Sanxenxo, ambos de Vela, así como o Centro Especializado de Alto Rendemento e Tecnificación Deportiva de Piragüismo, no embalse de Pontillón de Castro, tras a súa utilización como sede del Campionato de Europa de 2007.
- **Seguiremos apoiando ás Federacións Deportivas Galegas,** por representar estruturas básicas no escenario do deporte autonómico, ao aglutinar aos clubs, árbitros ou xuíces, deportistas, adestradores e organizadores.
- **Apoiaremos o Deporte Universitario.** Tras a equipación e modernización das instalacións deportivas das Universidades galegas, procede apoiar proxectos que permitan dinamizar a práctica deportiva nos ámbitos das súas propias competencias.

- **Apoiaremos a difusión do deporte non profesional.** Impulsaranse convenios de colaboración entre a Xunta, os medios de comunicación e as federacións deportivas galegas, para a adecuada cobertura informativa dos diversos campionatos.
- A dimensión mediática acadada polo deporte de alto nivel en todo o mundo fai tamén recomendable que Galicia non perda oportunidades de dar a coñecer a súa capacidade organizativa e o seu potencial como país. A próxima celebración de eventos como a saída da **Volta ao Mundo de Vela** dende Galicia en 2005 -coa celebración de regatas previas entre diferentes portos galegos e comezo efectivo dende o porto de Vigo-, ou o **campionato de Europa de piragüismo de 2007** deben servir como referentes a ter en conta e, por tanto, precisan dun apoio decidido de todos os estamentos políticos e deportivos.

II.6 A nosa identidade

II.6.1 Decidido apoio á lingua galega

O galego, lingua de convivencia

O PPdeG considera que na sociedade galega debe existir unha situación de igualdade entre as dúas linguas oficiais, pois unicamente dende este punto de partida se poderá falar dunha verdadeira liberdade individual de expresarse nunha ou noutra lingua de opción.

Certamente, nestes anos de goberno do PPdeG acadáronse logros de grande calado en materia de normalización da nosa lingua, impensables mesmo para as persoas que, en décadas anteriores, mostraban as posturas máis optimistas. A raíz destes logros hai que buscala, fundamentalmente, na elección dunha política lingüística baseada no respecto aos dereitos individuais e no consenso social.

O galego no mundo global e na sociedade da información

O galego, lingua milenaria, non pode perder o tren da modernidade. O Goberno do PPdeG vén facendo os esforzos económicos necesarios para que a nosa lingua conte con todos os recursos que as chamadas tecnoloxías da información e da comunicación ofrecen, porque, só deste xeito, os galegos e galegas que o desexen poderán facer uso dela en todos os ámbitos sociais e en calquera actividade que desenvolvan.

Durante os últimos anos déronse pasos firmes neste campo, lográndose que xa exista unha oferta ampla de recursos e produtos informáticos en galego. En calquera caso, este é un esforzo que require

de continuidade e o noso compromiso consistirá en continuar potenciando as iniciativas postas en marcha e, así mesmo, ir incorporando o galego ás outras novas tecnoloxías que vaian xurdindo.

Normalización e promoción da lingua en todos os ámbitos da sociedade

O pasado mes de setembro de 2004 o Pleno do Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade o Plan Xeral de Normalización Lingüística, unha proposta do Goberno galego do PPdeG que ten por finalidade establecer de forma planificada a política lingüística a seguir en Galicia nos vindeiros catro anos. O obxectivo fundamental deste ambicioso proxecto é conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e maiores espazos de usos en todos os ámbitos da sociedade do século XXI. Así pois, tentarase executar as 445 medidas que nel se recollen, coa pretensión de que o galego reciba o respaldo definitivo no seu proceso de consolidación social. Para isto, establécense medidas de gran envergadura, como a creación do Instituto de Lingua e Literatura Galega “Rosalía de Castro”, que terá que servir de ferramenta efectiva no noso anhelo de normalizar plenamente a lingua galega.

II.6.2 Unha cultura nova para unha sociedade activa

A nosa arte e cultura atravesan uns momentos de verdadeiro renacemento. Estase expresando de forma múltiple nunha verdadeira explosión histórica. O Partido Popular non pretende máis que acompañar e colaborar a este fluxo cultural en todas as súas facetas. Tanto na vertente da conservación do patrimonio histórico cultural, como na do estímulo á creación artística do noso tempo. Música, danza, pintura, arquitectura, cine, audiovisual, literatura... son expresións da nosa creatividade que é necesario axudar, sen intervencionismos nin condicionantes extraartísticos, para o logro de todos os seus potenciais.

Balance

- Nos últimos quince anos construíronse en Galicia 342 casas de cultura e nestes momentos estase a afrontar a construción, ampliación o rehabilitación doutros 68 centros culturais, co que a práctica totalidade dos concellos de Galicia dispoñen dun Centro Cultural axeitado para realizar unha actividade permanente e estable ao longo do ano.
- Puxemos en marcha novedosos programas de dinamización e desenvolvemento cultural, que concitaron o interese nacional e atraeron a Galicia a millóns de visitantes, como foron: “Galicia Terra Única”, “Galicia Cidade Única” e “Galicia, Viva o Milenio”.
 - Creamos e consolidamos o Festival Internacional de Música de Galicia, que convoca cada ano en Galicia as grandes figuras, orquestras e agrupacións nacionais e internacionais de música clásica, ademais da música e os músicos galegos.
- O “Xacobeo 99” foi o acontecemento sociocultural máis importante celebrado en España no remate do pasado século XX e o “Xacobeo 2004” confirmouse como a primeira gran cita sociocultural do século XXI en España.

- A edición de libros en galego é un exemplo da vitalidade deste sector, asentado en produción, en autores e en prestixio. A proba desta vitalidade é o número de títulos editados en galego, que rexistrou un incremento do 250 por cento dende 1990, ao pasar dos 398 títulos que se editaban daquela aos 1.828 títulos en galego que se editaron en 2003.
 - Este auxo do libro en galego é moi superior ao rexistrado nas outras linguas de España, pois os libros que se editaron en castelán aumentaron un 54 por cento, un 90 por cento en catalán e un 162 por cento os editados en éuscaro.
- O aumento da produción editorial galega foi unido a unha intensa política bibliotecaria, coa creación nos últimos quince anos, de 223 bibliotecas públicas, pasando das 217 bibliotecas que había en 1990 á 440 en 2004. Hoxe todos os núcleos de poboación de máis de 2.000 habitantes teñen un centro de lectura, que é a meta establecida pola Lei de Bibliotecas de Galicia.
 - Galicia pasou de estar entre as últimas Comunidades en canto a número de bibliotecas por habitante, a estar por riba de comunidades habitualmente mellor dotadas de servizos bibliotecarios.
 - Estamos xa no grupo de entre 1,5 e 2,5 bibliotecas por cada 10.000 habitantes, por riba de comunidades como Cataluña, Asturias, Murcia, A Ríoxa, Andalucía e Cantabria, e ao mesmo nivel que Valencia, Castela-León, País Vasco e Navarra.
 - Galicia é a primeira Comunidade Autónoma española que terá instalado, ao rematar 2005, puntos de acceso gratuito a Internet en todas as súas bibliotecas públicas.
- O traballo desenvolvido no eido do Patrimonio Cultural nos últimos quince anos, representa a culminación dun proceso que centrou esforzos e investimentos na recuperación e posta en valor tanto do patrimonio civil coma do relixioso, buscando como obxectivo fundamental a súa preservación para o futuro.

- Fundiuse o sentido da rehabilitación do noso Patrimonio co do seu impulso turístico centrado en dar nova vida a moitos grandes monumentos, ata hai algúns anos abandonados, transformándose en hotéis e paradores, como son os exemplos de San Vicente do Pino (Monforte), San Estebo de Ribas de Sil ou Acibeiro.
- Abordouse o Plan de Mosteiros, con intervencións naqueles que teñen vida monacal ou conventual, como Santa María de Oseira, Sobrado ou As Concepcionistas de Viveiro, e en igrexas de cenobios ou estruturas monásticas como San Salvador de Bergondo (A Coruña), o Mosteiro de Carboeiro (Pontevedra) ou en Santa María de Penamaior (Becerreá).
- O Plan de Catedrais permitiu a restauración integral dos cinco conxuntos catedralicios de Galicia: Santiago, Mondoñedo, Lugo, Ourense e Tui.
- Abordouse a restauración de bens de carácter civil, como o Plan de Fortalezas e Castelos, actuando en monumentos como o Castelo de Santa Cruz (A Guarda), San Lourenzo de Goián, a Fortaleza de Amorín (Tomiño), a Torre de Fornelos (Crecente), as Fortalezas de Salvaterra, Tui e O Rosal, o castelo dos Andrade en Pontedeume, o castelo de Moeche, o castelo de Ribadavia e a Torre da Lanzada.
- Prestamos especial atención ás grandes obras arquitectónicas e de inxeniería como son as pontes e os viaductos, con actuacións de consolidación, restauración e posta en valor como as de Ponte Nafonso (Noia), a Ponte da Ramallosa (Nigrán) e o Viaducto de Redondela.
- Desenvolveuse un inxente labor de restauración da Muralla de Lugo, e conseguiuase a súa declaración como Ben Patrimonio da Humanidade
- Recuperamos para o Patrimonio galego as illas de San Simón e San Antón (Redondela, Pontevedra), que se están a converter nun espazo de grande atractivo cultural e turístico para Galicia.

- A creación da rede do Patrimonio Arqueolóxico persigue a rendibilidade social e económica dos nosos xacementos arqueolóxicos para convertelos nun dos nosos grandes activos turísticos. Suporá construción de catro grandes Parques Arqueolóxicos: o do Megalitismo (Barbanza-A Coruña), o da Cultura Castreña (Ourense), o Mundo Romano (Lugo) e a Arte Rupestre (Campolameiro-Pontevedra).
- Os Museos e Arquivos son outro ámbito da cultura galega que rexistrou nos últimos anos un crecemento e unha modernización sen precedentes, que afectaron ou afectan ao Arquivo do Reino de Galicia, o Arquivo de Pontevedra, no Arquivo de Ourense e no Museo Arqueolóxico de Ourense, o Museo Masó (Bueu), Museo das Peregrinacións Belas (Santiago), Museo de Bellas Artes (A Coruña), Museo do Castro de Viladonga (Lugo), e Museo Etnográfico de Ribadavia (Ourense).
- O Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) cumpriu en 2004 dez anos de vida e actualmente é un centro de referencia da arte contemporáneo a nivel nacional e internacional. Nos últimos anos pasaron polas súas salas e participaron nos seus ciclos de conferencias, obradoiros e visitas guiadas máis de 400.000 persoas, nun proceso crecente de apertura á sociedade, e de forma especial á xuventude.

As Nosas Propostas

- *Achegar a cultura a rúa e aos máis novos*
- Estableceremos novas liñas de axuda aos concellos para dotalos de novos equipamentos e recursos culturais, poñendo especial atención da dotación de novas tecnoloxías e multimedia.
 - Así mesmo, acometeremos un novo esforzo para achegar estes equipamentos e recursos aos núcleos de poboación máis pequenos.
 - Abordaremos un plan de mellora da utilización de espazos para a celebración de diferentes actos culturais, trasladando a cultura á rúa ou incluso a puntos onde a xuventude encontra lugar para o seu ocio e manifestacións culturais (café concerto, salas alternativas, pubs).
 - Poremos en marcha programas de voluntariado cultural, con proxectos como lecturas a domicilio para invidentes, persoas maiores ou enfermos, tanto nos seus fogares como en hospitais ou residencias.
- *Teatro, música e danza para todos*
- Incorporaremos novos concellos e entidades á Rede Galega de Teatros e Auditorios, integrada hoxe por 44 concellos, aumentando os recursos económicos para a distribución de espectáculos a través desta Rede.
- Reforzaremos iniciativas que acadaron tanto éxito como a Feira do Teatro de Galicia, o Circuito Coreográfico Danza na Rede ou a Mostra de Música Coral Galicia Cantat.

- Abriremos novos programas de apoio ao teatro afeccionado e universitario.
- Fomentaremos a difusión do teatro galego fóra da nosa Comunidade
- Potenciaremos a recuperación do Patrimonio Escénico e Musical Galego
- Catalogaremos e dixitalizaremos todos os arquivos musicais das catedrais galegas

- *Ampliar os circuítos da arte galega*
 - Reforzaremos e ampliaremos os actuais circuítos de exposicións itinerantes, abrindo novas salas de exposicións nas catro provincias galegas
 - Intensificarase a colaboración con todo tipo de institucións para abrir fóra de Galicia novos ámbitos expositivos para a creatividade galega
 - Intensificar a presenza de artistas galegos en feiras de artes plásticas nacionais e internacionais
 - Promoveremos encontros anuais cos mozos artistas e desenvolveremos de Programas de bolsas en residencia para mozos artistas e creadores galegos

- *Apoio ao mundo do libro e da lectura*
 - Desenvolveremos as conclusións da “Mesa polo Libro e a Lectura”, constituída no 2004 entre o Goberno galego e representantes do sector , que propuxeron as medidas precisas para potenciar, modernizar e rentabilizar o sector do libro en Galicia.

- Dúas medidas fundamentais elaboradas pola “Mesa” son os borradores dunha Lei do Libro de Galicia e unha nova Lei de Bibliotecas de Galicia, que serán remitidas ao Parlamento, para o seu estudo e aprobación, na vindeira lexislatura.
- Impulsaremos o fomento da lectura, apoiándonos nun Plan de Lectura (2005-2010), que coloque o hábito lector en primeiro plano da vida social, mediante a mobilización das institucións públicas e privadas, empresas, medios de comunicación social, e á sociedade no seu conxunto, e ca participación e colaboración dos axentes culturais
- Propiciarase a creación de bibliotecas familiares persoais
- Melloraremos a rede actual de bibliotecas e axencias de lectura, aumentando os seus servizos, os seus fondos e o seu persoal
- Crearemos portais especializados para lectores e bibliotecarios
- Elaboraremos cos representantes do sector as condicións precisas para que o conxunto das empresas do sector do libro sexa declarado Sector Estratéxico da Economía Galega
- *A Cidade da Cultura de Galicia*

A Cidade da Cultura será o símbolo da Galicia do século XXI e un referente máximo no ámbito das infraestructuras e os recursos culturais, un espazo para a confluencia da cultura galega, o saber, as nova tecnoloxías, a investigación, a multimedia, o audiovisual e o ocio.

A Cidade da Cultura de Galicia representará a integración da cultura, da creatividade e das industrias máis en vangarda de Galicia na Sociedade da Información e do Coñecemento, a través dun gran espazo

de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, capaz de responder á demanda dos novos tempos e de ser un referente inequívoco de Galicia e da cultura galega a nivel internacional.

- *Preparar xa o “Xacobeo 2010”*

- Comezaremos a traballar na preparación do segundo Ano Santo do século XXI, no “Xacobeo do ano 2010”, para reeditar os éxitos acadados co gallo dos Anos Santos de 1993, 1999 e 2004. Con este fin, desenvolveremos o Plan Estratéxico dos Camiños de Santiago, con actuacións como:

- Acondicionamento e modernización dos albergues de peregrinos
- Ampliación da Rede de Albergues en todos os camiños de peregrinación
- Conservación e sinalización das rutas xacobeas
- Restauración do Patrimonio Cultural ligado cos camiños
- Programa de Promoción Exterior do Camiño de Santiago
- Incentivar o coñecemento, investigación, estudo e divulgación do legado cultural dos camiños.

- *Conservación e rentabilización do patrimonio*

- Continuaremos o proceso de conservación e protección da riquísima herdanza que conforma o noso Patrimonio Cultural, a través do deseño de programas que permitan a súa rehabilitación e mantemento futuro mediante a súa explotación sociocultural ou turística.

- Abordaremos o Plan “Tesouros das Catedrais”, dirixido a recuperar, poñer en valor e abrir ao público os valiosos e riquísimos fondos que custodian as catedrais galegas.
- Desenvolveremos un Plan de Rehabilitación do Patrimonio Industrial existente na Comunidade galega
- Remataremos a execución da Rede Arqueolóxica de Galicia, poñendo en servizo os Parques Arqueolóxicos do Mundo Castreño, en San Cibrán de Lás (Ourense), da Arte Rupestre, en Campo Lameiro (Pontevedra); do Mundo Romano, en Lugo; e do Megalitismo, no Barbanza (A Coruña).

II.6.3 Audiovisual galego símbolo de modernidade

Balance

- O sector audiovisual galego converteuse nos últimos oito anos nun referente de despegue e de crecemento en toda España e en Europa e nun símbolo de modernidade de Galicia
- Duplicou o número de empresas, triplicou o número de traballadores e multiplicou por tres a facturación do sector
- Este crecemento abórdouse a partir da produción propia, na que pasamos da desenvolver unha longametraxe ao ano antes de 1995, ás 15 longametraxes producidas no ano 2004, 12 delas de cine e as tres restantes de animación
- Galicia é un polo de desenvolvemento e produción a nivel internacional no eido da animación e do debuxo animado, cunha media de dúas ou tres producións de longametraxes cada ano, acadando cotas de espectadores e recadación en taquilla moi superiores o resto do sector
- O Audiovisual galego destaca nestes momentos pola a alta capacitación dos profesionais que traballan neste sector, especialmente no da Animación, que contan cun alto nivel de tecnificación e de estabilidade, debido á singularidade e á consolidación deste produto emerxente.

As Nosas Propostas

- Poremos en marcha un Plan Estratéxico para o Sector Audiovisual, con liñas concretas en cada un dos seus eidos máis importantes

As liñas estratéxicas do Plan serán as seguintes:

- Conservar e poñer en valor o patrimonio audiovisual galego, a partir do Centro Galego de Artes da Imaxe.
 - Internacionalizar o cine galego e comercializalo fóra de Galicia.
 - Mellorar a competitividade das empresas mediante a innovación tecnolóxica e o asociacionismo, co Cluster Audiovisual e a Cidade da Imaxe como buques insignia.
 - Reforzar os apoios ao eido da Animación audiovisual
 - Ofertar a riqueza paisaxística, patrimonial e de recursos empresariais para que Galicia sexa un gran plató de cine e atraer a rodaxe dende fóra a través da Film Commission.
- O obxectivo final destas medidas será seguir medrando máis ca media española e europea, e pasar do 10% da produción nacional que temos hoxe en día ata acadar o 20 % da produción audiovisual española, multiplicando por dous a facturación do sector, aumentando a rendibilidade na comercialización, o incremento da produción e a creación de emprego no sector.

CAPÍTULO III

A PEGADA GALEGA NUN MUNDO ABERTO

III.1 Defensa da solidariedade: A cooperación galega

A cooperación galega ten vivido, dende o primeiro Convenio Marco asinado coa Axencia Española de Cooperación Internacional (AECI) en 1992, un continuo proceso de consolidación do seu compromiso no eido da Cooperación exterior. Este proceso contribuíu sen dúbida á maior sensibilización social na materia. Non en van en 1994 a Xunta confirmou a inserción da cooperación ao desenvolvemento na súa axenda de prioridades, creando ademais o *Rexistro galego de Organizacións Non Governamentais para o Desenvolvemento* (ONGDs).

Paralelamente, o Goberno galego ampliou o orzamento dedicado ás devanditas iniciativas, incrementando tamén os instrumentos de actuación e as relacións con outros axentes da cooperación, nun viero que tivo o seu máximo expoñente na aprobación unánime polo Parlamento de Galicia da Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento. O encaixe desta política de solidariedade no conxunto da política de proxección de Galicia no mundo contemplouse, asemade, no *Libro Branco da Acción Exterior*, culminado a pasado ano.

O PPdeG comprométese, xa que logo, a impulsar esta política de cooperación e solidariedade. O Plan Director da Cooperación galega para os vindeiros catro anos plasma este compromiso, caracterizando a cooperación ao desenvolvemento como o proceso polo que a sociedade galega pon a disposición dos pobos menos favorecidos do planeta o que constitúe a súa experiencia histórica, os seus valores e cultura, ademais dos seus activos e recursos, para así combater a pobreza e promover o desenvolvemento humano e sostible, expresando deste xeito o seu sentido de responsabilidade e solidariedade internacional.

Dende o PPdeG entendemos que estamos perante unha gran empresa colectiva, polo que cómpre galeguizar a cooperación, estendendo esta cultura cívica a toda a nosa sociedade. Por iso comprometémonos a colaborar activamente con todos os axentes e actores implicados –Administracións Públicas, ONGDs, universidades, sindicatos, comunidades galegas no exterior, ...-, que pola súa experiencia, coñecementos, medios ou capacidades poidan contribuír de maneira efectiva a conquistar os obxectivos perseguidos.

Para os vindeiros catro anos o PPdeG asume as prioridades xeográficas e sectoriais que permitan actuacións no exterior de meirande eficacia e eficiencia, cun carácter máis visible e sostible. A selección das áreas prioritarias respostará ao obxectivo de outorgar un crecente peso aos países máis desfavorecidos, potenciando aos da África subsahariana, e preservando a orientación a Latinoamericana. Os proxectos han beneficiarse por demais da experiencia galega en materias como o do desenvolvemento rural, a pesca ou o turismo,

O PPdeG velará por que todas as iniciativas incorporen os principios transversais que guían a nosa acción política: erradicación da pobreza e das súas causas, promoción da igualdade entre mulleres e homes, defensa da sostenibilidade ambiental e absoluto respecto polos dereitos humanos. Daquela, e con eses principios, de conformidade coa Declaración de Obxectivos do Milenio, entendemos que as parcelas prioritarias a atender pola Cooperación galega deben ser:

- A cobertura das necesidades sociais básicas.
- A garantía das condicións de vida.
- As infraestruturas fundamentais e a promoción do tecido económico.
- A participación social, o fortalecemento institucional e o bo goberno.
- O investimento nas capacidades do ser humano e a ampliación das liberdades.
- A protección e mellora da calidade ambiental, conservando a diversidade biolóxica e a utilización sostible dos recursos.
- A sensibilización e educación para o desenvolvemento.

Para materializar este programa, o Goberno respaldado polo PPdeG incrementará as dotacións orzamentarias adicadas á cooperación ao desenvolvemento ata cuadruplicalas, co horizonte do 0'7% previsto na Lei galega de Cooperación.

III.2 Galicia con voz rexia na nova Europa

A Xunta de Galicia e o PPdeG foron artífices significados da defensa dos intereses galegos nas Institucións da Unión Europea (UE). Os conselleiros do Goberno galego poden acceder xa aos consellos sectoriais europeos onde se discuten asuntos que atinxen a competencias ou intereses da nosa Comunidade Autónoma, e obter resultados como os conqueridos no primeiro Consello de Pesca no que intervimos. O acordo coa Administración Xeral do Estado foi en gran medida posible grazas á nosa proposta de síntese entre as Comunidades Autónomas.

Galicia debe ter co PPdeG unha voz rexia, nidia e responsable nunha Europa maior e máis complexa, e terémola sen prexuízo da coordinación que a lealdade constitucional esixe e demanda. A nosa experiencia e determinación serán fundamentais para garantir a defensa a ultranza do dereito de Galicia a obter os recursos que merece, con independencia do cambio de circunstancias que a ampliación da UE conleva, impedindo a transixencia do Goberno central a costa dos nosos obxectivos vitais. Por iso reclamamos o noso papel de liderazgo en España, para que as Comunidades Autónomas se corresponsabilicen do traballo nos asuntos europeos, sen privilexios e con resultados fiscalizables polos cidadáns.

O PPdeG reafírmase na súa aposta por acentuar o protagonismo das rexións en Europa. Nunha UE de 25 Estados, e que aínda vai seguir medrando, esto resulta primordial para garantir o achegamento dos cidadáns ás institucións europeas e ao cerne das súas políticas públicas. Comprometémonos a seguir loitando para que o Comité das Rexións da UE obteña o rango institucional que se merece, e para que Galicia lidere esa reivindicación en todos os foros.

III.3 Galicia: Unha ponte entre Europa e Latinoamérica

Tanto cultural, como xeográfica e historicamente, Galicia representa o engarce perfecto entre Europa e Latinoamérica, entre o hispano e a lusofonía. Pola nosa bagaxe e posición no movemento rexional europeo estamos en condicións de facilitar a cooperación a todos os niveis cos poderosos estados brasileiros e moitos outros actores institucionais que, ao cabo, resultan indispensables para mellorar os contactos entre as PEMEs europeas e latinoamericanas, construír redes comerciais, incrementar os intercambios e estender a implantación de proxectos de interese mutuo.

Con estas medidas queremos apoiar os procesos de integración rexional en Latinoamérica, consolidar as súas democracias, asentar a seguridade xurídica e garantir a estabilidade económica. A nosa implicación nestas áreas redundará igualmente en beneficio de todos os galegos e os seus descendentes alí establecidos, chamados á súa vez a desenvolver un papel protagonista na difusión do labor de Galicia como ponte natural entre as dúas beiras do Atlántico.

Defenderemos un tratamento preferencial para Latinoamérica na Unión Europea e a conclusión de novos acordos que posibiliten unha cooperación máis estreita. Queremos que os cidadáns galegos alí residentes e que por ser galegos disfruten tamén da cidadanía da UE sexan beneficiarios cualificados deste cambio de enfoque.

III.4 Un forte impulso á Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal

O Goberno do PPdeG puxo en marcha a actual Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal ao constituir a súa Comunidade de Traballo. Ao longo deste tempo colaboramos moi proveitosamente con gobernos portugueses de diferente signo político e hoxe os resultados son ben patentes. Isto explica que o noso modelo serva de referente noutros ámbitos da cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional.

No futuro inmediato propoñemo-la redacción conxunta dun novo Programa de actuación Galicia-Norte de Portugal, que abrangue o período 2007-2013. Neste Programa teñense que incentivar as medidas tendentes a incrementar os investimentos en I+D+i e en capital humano, toda vez que pola nosa banda xa están postas as bases materiais indispensables para optimizar eses investimentos. A posta en marcha do Centro de Estudos Eurorrexionais, coa participación de tres universidades galegas e outras tantas portuguesas, marca a liña desa nova orientación estratéxica que abandeiramos. Do mesmo xeito, tentaremos a maior coordinación e complementariedade entre os respectivos plans de desenvolvemento rexional que haxa que remitir ás autoridades europeas.

Propugnamos, xa que logo, unha Eurorrexión de segunda xeración, máis competitiva, máis dinámica e mellor ensamblada, onde as cidades cobren un meirande protagonismo e sexan a forza motriz do desenvolvemento nas áreas que crean maior valor engadido, emprego de calidade e benestar social.

Queremos incrementar a proxección exterior da nosa Eurorrexión para potenciar as nosas economías de escala, mellorar a comercialización dos nosos produtos e servizos e captar máis investimentos foráneos. Con estes obxectivos hase facilitar unha superior integración entre galegos e portugueses, ademais de permitirnós afrontar os desafíos doutras economías con menores custes e crecentemente dinámicas.

